


A UNIDOS

Nº 20

MAIO 2015



ASOCIACION CULTURAL

Pineiróns



COLABORAN	PÁXINA	ARTIGOS
Pineiróns	2	JUANJO PÉREZ LABACA. SEMPRE NO RECORDO
Xoán Xosé Pérez Labaca	3-5	BISBARRA DO CONDADO. AS CANCIÓNS OBSCENAS E PICANTES DO CONCIONEIRO POPULAR
Estanislao Fdez. de la Cigoña-Núñez	6-10	BOTÁNDOLLE UNA OLLADA ÁS CAMPÁS DO GROVE
Celestino Pardellas de Blas	11-14	A ILLA DE ONS NA PRENSA ESTATAL DO PASADO SÉCULO XX (I). ANÉCDOTAS QUE SON PARTE DA HISTORIA DE ONS
Fernando Martínez	15-16	O AFRODITE P. UN EMBARRANCAMENTO E MOITAS ANÉCDOTAS
Fernando Trigo	19-24	RÍA DE AROUSA: NAUFRAXIOS NA ILLA DE SÁLVORA
Fernando Cabeza Quiles	25-26	ONDE COCIÑABAN OS MECOS, ALIAS O COCIÑADOIRO
Eduardo e Manolo Parada	29-32	UN DÍA DE CARENA NO GROVE. MEMORIAS DE MANUEL PARADA MASCATO
Xulio Xosé Pardellas de Blas	33-36	TURISMO DE FRONTEIRA COMO FACTOR POTENCIAL DE DESENVOLVEMENTO: USOS CONXUNTOS DO RÍO MIÑO
José Taboada García	37-38	OS PASEOS DO GROVE
Guías do Parque Nacional Illas Atlánticas	39-42	OS VALORES ETNOGRÁFICOS DENTRO DO PROGRAMA DE USO PÚBLICO DO PARQUE NACIONAL MARÍTIMO TERRESTRES DAS ILLAS ATLÁNTICAS
Lino J. Pazos Pérez	43-44	O GROVE FAI 105 ANOS
José Manuel Dopazo Entenza	45-48	DE PIORNOS, CANASTROS, HÓRREOS E O DEMAIS...
Emilio Ferrer Jaureguizar	49-52	CONTROVERSIA SOBRE A CONCESIÓN DUN PEIRAO A SANTA UXÍA DE RIVEIRA EN 1861
Francisco Calo Lourido	55-57	GLOSAS A ALGUNHAS REFERENCIAS A PONTEVEDRA NOS 660 PREGOS DE SARMIENTO
Cosme Damian Romay Cousido e Abraham Padín Guillán	58-61	VERTEBRADOS MECOS II: PEIXES MARIÑOS DA CONTORNA DO MUNICIPIO DO GROVE
Manuel Chazo Cores	62	BAIXOS OU PEDRAS DOS BRUYOS
Javier Fernández Soutullo	65-66	AS VILLAE ROMANAS NA ILLA DE O GROVE
Fernando Alonso Romero	67-68	UNHA VISITA Á ILLA DE ONS NO MES DE AGOSTO DE 1974
Francisco Meis Durán	69	AS CASAS NOBLES DA VILA DO GROVE
Arturo Sánchez Cidrás	70-80	A ESCOLA DA ILLA DE ONS. APUNTES DA BIOGRAFÍA DO MESTRE JOAQUÍN D. FERNÁNDEZ CAMBEIRO

FOTOGRAFÍAS E DEBUXOS CEDIDOS POR:	PÁXINAS
Celestino Pardellas de Blas	Portada, 2, 12, 13, 14, 20, 22, 25, 26, 31, 37, 38, 46, 56, 62, 67, 68
Estanislao Fernández de la Cigoña	8, 9, 10
Periódico ABC	12, 19
Lino J. Pazos Pérez	43, 44
Jesús Emilio Ferrer Jaureguizar	50
Javier Fernández Soutullo	65, 66
Cosme Damian Romay Cousido	59
Xulio Pardellas de Blas	34, 35
Fernando Martínez	15
Eduardo y Manolo Parada	29, 30, 31, 32
Jose Manuel Dopazo Entenza	47, 48
Guías Parque Nacional I. Atlánticas	39, 40, 41, 42
Miguel Muñiz	69
Arturo Sánchez Cidrás	70, 71, 72, 73, 74, 75, 76, 77, 78, 80

DIRECCIÓN DA ASOCIACIÓN CULTURAL "Pineiróns"
 Rúa Conchases, 39 - 2º Esq. - 36980 O GROVE
 Pontevedra - Galicia - España
 Telf.: 649 424 950
 E-mail: tinopardellas@edu.xunta.es

CORRECTOR LINGÜÍSTICO: Anxo López Vergara

A asociación non se fai responsable do contido dos artigos inseridos neste número.

JUANJO PÉREZ LABACA. SEMPRE NO RECORDO

Por: Redacción

Este número 20 da revista AUNIOS queríamos dedicarllo a *Juanjo Pérez Labaca*, amigo, socio e colaborador desta revista, que no mes de abril do pasado ano deixounos de xeito repentino por mor dunha grave enfermidade.

Juanjo, para unha maioría dos que hoxe formamos a asociación Pineiróns, era unha persoa especial. Coñecemos na Illa de Ons alá polos finais dos anos 70 do pasado século, cando exercía de administrador dos Campamentos que alí montaba Cultura e Xuventude.

Despois adquiriu unha casa illán e nela instalábase todos os veráns xunto aos seus catro fillos. Nós, pasabamos a compartir con eles mesa e mantel ao carón das grandes festas, faladoiros, reunións,..., que na súa casa se montaban.

Formamos, con el como Presidente, a primeira asociación cultural illan co nome de “Amigos da Illa de Ons” e realizamos un bo número de actividades cos rapaces dos Campamentos e cos xoves dos Campos de Traballo.

Levaremos sempre na nosa memoria as farras que montabamos no chiringuito, os bailes na de Acuña, as incansables noites á caza de Gurrumulos, as visitas á casa de Francisco que remataban con grandes *carenasos* ou pequenos *xurelos*, colaborabamos coa Sra. Rosa na invención de utensilios peculiares desta Illa como: o escamador de nécoras, o mallador de



Juanjo e Malena. Que tempos aqueles!

polbos, as pedras de afiar agullas,..., interesantes as entrevistas que realizabamos a Candiño, ao Ruso, a Rafa (*alcalde* de Ons),..., e non digamos cando fixemos crer a un Xefe de Campamento que había avestruces en Ons e que, cun pouco de fariña milla, viñan a comer ás mans, cacho *risotadas*!

Recibimos en Ons a grandes personalidades, dende ao propio Rei Juan Carlos, ata o coñecido xuíz Garzón, en plena Operación Nécora. Fomos invitados ao buque hidrográfico da Mariña, “Pollux”,... Poderíamos seguir enumerando grandes eventos que compartimos con Juanjo e familia, pero o máis importante era a amizade que nos unía e que non só se desenrolaba en Ons senón que seguía durante o inverno con reunións e papadelas en Pontevedra, Mondariz ou en onde cadrase.

Juanjo Labaca, como o noso Presidente de Honra Lauréano Mayán a quen dedicamos a AUNIOS nº 19, seguirán estando sempre presentes nos nosos corazóns, xa que, non hai unha reunión, xuntanza, comida,..., que celebremos na que non xurdan os recordos de tantas e tantas actividades realizadas xuntos e polas vivencias que compartimos nestes case 40 anos con Juanjo e 20 con Mayán.

Dende Pineiróns enviamos unha forte aperta ás familias de Juanjo e Lano coas que seguimos traballando e compartindo bos momentos.

Juanjo nos tiña comunicado o interese por que quedasen reflectidos na revista unha serie de artigos que escribira para as edicións do Condado de varios xornais. Non atopabamos o momento de publicalos debido a que sempre quería escribir cousas novas da súa Illa de Ons, pero agora, por desgraza, si podemos cumprir o seu desexo e pedímoslle á súa familia que nos fixera chegar os artigos que quería publicar. Aquí comeza o primeiro dunha serie.



Sobremesa na casa illan de Juanjo despois de tremenda papadela. Á esquerda de Juanjo e Malena, Franco (Lola Flores), Pepe de Vigo e Blanca (os Conguitos), Digna (muller de Franco) e Miguel (o Manzanitas). Falta na foto Tinón (o Depredador dos Océanos), pois alguén tiña que facer a foto!



BISBARRA DO CONDADO AS CANCIÓNS OBSCENAS E PICANTES DO CANCEINEIRO POPULAR

Por: Xoán Xosé Pérez Labaca

As letras das cancións obscenas, picantes, escatolóxicas (2ª acepción do Dicionario da Lingua que significa: “Pertencente relativo aos excrementos e sucidades”), incluso mordaces e insultantes do cancionero popular galego non naceron de por si. Este tipo de canto que trata de divertir, facer rir en momentos de troula, festa, esmorga,..., sen outra finalidade, ven herdado, por transmisión oral, dende os tempos de poesía galante dos xograres e trovadores, onde a nosa terra sobresaíu sobranceiramente. Estes cantos, estrofas e copras son pois herdanza dos tempos onde a nosa lingua era o idioma culto europeo nos séculos XI, XII e XIII.

Os trovadores, compositores da letra e da música, foron na súa maioría poetas galegos e portugueses; outros eran peninsulares e incluso os había doutros lugares de Europa. Utilizaban o idioma galaico-portugués nas súas composicións e nelas están presentes os tres xéneros principais: “de amor”, “de amigo” e de “escarnio” tamén chamadas de “mal dizer”.

A poesía dos trovadores conservouse grazas a coleccións reunidas en Cancioneiros. Deles, o máis antigo

é o Cancioneiro de Ajuda, achado cara a 1280. Os outros dous son copias moito máis tardías: o Cancioneiro Colocci Brancuti, tamén coñecido como Cancioneiro da Biblioteca Nacional, e o Cancioneiro ca biblioteca Vaticana. Ámbolos dous foron copiados en Italia nos comezos do século XVI. O Cancioneiro de Ajuda recolle só cantigas de amor e nos outros están representadas os tres xéneros principais. A estes tres cancioneros hai que engadir dous pergamiños atopados con notación musical. O Cancioneiro de Berkeley, descuberto en los últimos anos en California e o Pergamiño Vindel, que contén as sete cantigas do vigués Martín Codax.

Pero é curioso que xa naqueles tempos houbera cantos sarcásticos e ás veces ata procaces. Estrofas ferintes e incluso escatolóxicas como ben figura no libro “Antoloxía obscena dos trovadores galego-portugueses”, de Xosé Benito Arjas Freixedo o que no limiar fai constar que: “O seu traballo trata de dar a coñecer unha serie de textos que sufriron unha dobre marxinação pois mesmo os estudosos da nosa literatura medieval non lle deron ás

cantigas de escarnio en xeral e ás obscenas en particular, ata non hai moito tempo, a importancia que merecen”.

Dentro dos trovadores daquela sobresaíe con luz propia no xénero este de “escarnio e mal dizer” o noso paisano Xohám García de Guillade do que, na Antoloxía antes citada, figuran nin máis nin menos que cinco poesías de armas tomar, pois non andivo polas ramas nas súas composicións. Como por exemplo: “*Martín iograr, jai, dona María! / jéitase vosco já cada día, / e lazérom´eu mal. / Da miña lezeira pouco se sente / fod´el bon cono e jaz caente, / e lazérom´eu mal.*”

Que traducido ao galego de hoxe, máis ou menos diría así: “Ai, dona María! / o xograr Martín déitase convosco a diario / mentres eu desespérome. / Pouco sinte o meu padecemento / fode unha boa cona e durme quente / mentres eu padezo moito”. Serve pois, este anaco da súa poesía de mostra.

Os cantares obscenos non deixan de ser unhas mostras de sutil sensibilidade dunha das máis antigas culturas do mundo. Incluso, as veces, van acompañadas dos aturuxos xubilosos e brillantes que resoan cando os corazóns rebordan de ledicia. Estas cancións estiveron mal vistas, incluso prohibidas, por unha sociedade

pechada e curta culturalmente que é a que lle tocou vivir cando calquera acción, dito ou cousa era mirada como pecado. De aí que estas copras case non aparezan en ningún cancionero galego mentres que noutros lugares, onde lle chaman ás cousas polo seu nome, ao igual que aquí, si aparecen como é no caso da Rioxa coas súas “Alegrías roixanas” de Alberto Vidal, xa non digamos no “Diccionario Secreto” de Camilo José Cela ou tamén no “Cancionero general del Franquismo” de Manuel Vázquez Montalbán, onde no limiar consta o seguinte: “*Las dificultades que opuso entonces la Sociedad General de Autores hicieron imposible la aparición del cancionero completo y he tenido que esperar casi treinta años a que la editorial se atreviera a acometer la edición de ese “Cancionero general del Franquismo”, que trataba de ser el exponente de la relación entre una cultura popular dirigida especialmente a través de la programación radiofónica y el uso que de ella hizo el propio pueblo*”.

Actualmente son infinidade as copras do cancionero popular que fan relación a cregos mailas criadas. O investigador J. A. Martínez Domínguez no seu libro: “Os clérigos na Idade Media” sinala que parece ser que xa o Concilio de Trento buscou resolver definitivamente –entre outras cousas- este problema das “saias dos cregos”, eles debían de se afastar das prácticas sexuais, co obxecto de valorizar o celibato e a súa implícita castidade, segundo quedaba regulado canonicamente. “Neste tempo o cóengo de Santiago, Aníbal Rodríguez, declarou que todos os seus irmáns foron fillos dunha dama chamada María Criada e dun crego moi importante da diocese de Lugo, o que se chamaba Gabriel Rodríguez Casal de Raros, e que estivera ao cargo do Cabido lucense na súa calidade de Deán. Curiosísimo é o apelido desa tal María, co que máis ben se nos dá conta do seu oficio ao servizo do Deán – como muller que coidaba o seu fogar, que lavaba as súas sotanas e que quecía igualmente o seu leito – que unhas orixes vinculadas a unha suposta caste dos Criado ou Criada.

A situación que se vivía na alcobas da reitoral serviu de escarnio inspirador para a literatura popular galega, e boa proba disto son as súas cantigas que entre curas, cregos e criadas ocupan máis da metade das copras atopadas na miña investigación. Son, en xeral de *carácter xeralista, sen indicar quen é onde*, como por exemplo:

O cura vendeu a burra
para non lle dar a cebada,
agora vai aos enterros
a cabalo da criada.

O crego cando vai fóra
déixalle dito á criada,
veña tarde, veña cedo
déitate na miña cama.

Noutros casos se sinalan o lugar e quen son os actores:

Paxariño que vas voando
dime onde tes o niño,
entre as pernas da criada
do cura de San Martiño.

A criada do cura de Corrubedo
ten un pelo na cona que mete medo,
manda carallo, manda carallo
que fai falta un serrucho para cortarllo.

Noutro orde de cousas eu recordo con cariño e nostalxia unha canción, nesta caso *obscena e escatolóxica que cantaba a Tuna de Compostela* como pasarrúas de ida e volta titulada “O rimpimpín” que dicía no estribillo e na primeira estrofa:

A rimpimpín xa estou farto de afiar
a rimpimpín xa o cantar me desafina
a mocidade iso si que é gozar
o meter e o sacar na pixixa da menina

Comer, comín ferros vellos, ai do tren!
cagar, caguei ferraduras,
xa teño doente o cu, eu tamén!
de cagar, de cagar, de cagar, cousas tan duras.

Así mesmo hai no cancionero popular cantares de “Advertencia” como:

A miña casa non quero que veñas
sempre me fodes e nunca me empreñas,
é que non queres ou é que non sabes
ou é que che faltan habilidades.

Ou de “Mandato” con copras como esta:

A Manoliño levárono preso
Por andar polo baile co carallo teso,
E se andaba fai moi ben
No seu caralliño non manda ningún.

Tamén hainas de “Información”, como:

Se tes o carallo malo
úntao de aceite ao instante,
que curar non se che cura
pero ponse moi brillante.

Cantares de “Armas e Caza” así:

Debaixo do delantal
tes un coello moi vivo
se queres veño esta noite
e pégolle un par de tiros.

Hai copras de “Rogos e Solicitudes”, como esta:


Eu pedinllo a unha moza
Cando viña de lavar,
E díxome a condenada
Sei que te queres mollar.


E para rematar sinalar que hainas que contemplan “Verdades coma puños”, e así din:

Arrastrache o cu pola pallas
E fixeches a cama no chan
E mollaches a berberechiña
Que a tiñas sequiña do verán.

Mariquiña miña ialma
por moi finiña que sexas,
sempre mollas os peliños
da conicha cando mexas.

Realmente os cantares deste tipo que coñece e sabe a xente, espallada por Galicia enteira, suman centos de estrofas. Este de hoxe é case o limiar dun traballo de contido máis completo de recollida de cancións que publicaremos, máis adiante, se cadra e hai lugar.





BOTÁNDOLLE UNHA OLLADA ÁS CAMPÁS DO GROVE

Por: Estanislao Fernández de la Cigoña Núñez
(Texto e Fotografías)

I. INTRODUCCIÓN

AS CAMPÁS COMO DOCUMENTO

Nós consideramos sempre as campás como un verdadeiro documento, pois levan gravado o ano en que se fixeron, quen as fixo, quen as pagou, a que virxe ou santo están dedicadas, etc. Estes datos que amosan gravados ou en relevo no vaso de bronce conforman un título de fácil extravío e de imposible recuperación, xa que cando as campás fenden ou quebran non admiten soldadura e hai necesariamente que refundilas de novo, perdéndose toda a información que tiñan xa que o novo fundidor porá outra completamente distinta.

A vida das campás é, polo tanto, limitada. Se chegan aos douscentos anos xa son vellas demais. Como veremos no cadro a seguir as máis antigas do Grove, entre as que amosan a data de fundición, pertencen ao século XIX.

As catro campás existentes nas dúas igrexas parroquiais do Grove fixéronse en Galicia e débense aos Ocampo con obradoiro en Arcos da Condesa (Caldas de Reis) e a Juan Liste Pereira que o tiña en Orazo (A Estrada). A da capela do cemiterio municipal procede de Salamanca, pois alí estaba a fundición de Juan Cabrillo que xiraba baixo o nome comercial de “Casa Cabrillo”.

CADRO DAS CAMPÁS ESTUDADAS

Neste cadro ordenamos as campás de ambas igrexas dun xeito cronolóxico.

<u>Campá e igrexa</u>	<u>Ano</u>	<u>Fundidor e procedencia</u>
Grande de S. Martiño do Grove	1841	Anónima*
Pequena de S. Vicente do Grove	1894	Juan Liste Pereira/ Orazo/ A Estrada
Grande de S. Vicente do Grove	1922	Ocampo/ Arcos da Condesa/ Caldas Reis
Pequena de S. Martiño do Grove	?	Anónima**
Capela do cemiterio municipal	?	Casa Cabrillo***/ Salamanca

* Está sen firmar pero amosa as características propias dos Ocampo de Arcos da Condesa.

** Probablemente a máis antiga de todas elas xa que emprega grafía gótica aínda que carece de data de fundición.

*** Carece de data de fundición.

AS SAGAS DOS FUNDIDORES

O oficio de fundidor era transmitido de pais a fillos por xeracións, como poderemos comprobar seguidamente. Nun principio, eran ambulantes, montaban o forno de reverbero ao pé da igrexa que precisaba dos seus servizos. A finais do século XIX e principios do XX os obradoiros comezaron a establecerse en lugares fixos e transportaban as campás en carros de bois ata o lugar de colocación.

Na provincia de Pontevedra tanto os Ocampo de Caldas de Reis como os Liste da Estrada eran, xunto aos Pellón de Pontearreas, os máis destacados artífices nesta difícil arte da fundición artesanal. Con mellores medios contaban en Vigo “La Industriosa” de Sanjurjo y “La Mecánica” de Vázquez; en Pontevedra “J. Pazó”, que destacou sobre todo na fabricación de motores para barcos de pesca no século XX, e en Pontearreas “Fontán e Hijos”. Todas estas empresas foron desaparecendo aos poucos. Neste artigo, sen embargo, limitáronos tan só aos que fixeron as campás das igrexas do Grove para non estendernos en demasía.

a) Os Ocampo de Arcos da Condesa (Caldas de Reis), aínda en activo

Estes fundidores levan facendo campás dende o ano 1630, que foi cando **Felipe Blanco Ocampo** iniciou o seu labor de campaneiro no lugar de Ameal. **Melchor Ocampo** trasladou a fundición en 1886 a Badoucos, onde seguen na actualidade. Este obradoiro de campás foi o que conseguiu unha maior sona dentro de Galicia, non só pola súa antigüidade de séculos, senón pola gran calidade dos seus produtos, acadando fama nacional trala fundición no ano 2000 da cuarta campá da catedral da Almudena en Madrid.

Xa no século XX atopamos campás firmadas por **Juan Ocampo**, pero ningunha nas parroquiais do Grove. Sucédelle o seu fillo **Melchor Ocampo**. Os fillos deste comezaron a firmar como **Hermanos Ocampo** ou máis sinxelamente como **Ocampo**

e deles é a campá grande de San Vicente do Grove do ano 1922. A grande de San Martiño do Grove, aínda que está sen firmar, ten todas as características deste obradoiro: a forma da cruz, a cinta dos ombreiros, o número e distribución dos cordóns, etc. delatan esa procedencia sen lugar a dúbida.

Os Ocampo, como xa adiantamos, foron os únicos campaneiros que en Galicia sobreviviron ata o día de hoxe, pois o resto dos fundidores foron desaparecendo nas sucesivas crises ás que se viron abocados ou por non deixar descendencia. Na actualidade coñecemos ata 137 campás que levan gravado o nome de Ocampo, nas distintas variacións expostas anteriormente, e que se atopan espalladas por toda Galicia.

b) Os Liste de Orazo (A Estrada), desaparecidos

Juan Liste Pereira foi o primeiro desta pequena dinastía. Tiña o seu obradoiro na aldea de Correlo, na parroquia de San Pedro de Orazo (A Estrada). Aprendera a profesión da man de **Pedro Hontañón**, campaneiro ambulante natural da provincia de Santander cando este foi contratado polo señor abade de Orazo para fundir as campás mediana e pequena daquela igrexa. Tamén traballou con **Palacio**, pois dúas campás de Xende (A Lama), fundidas en 1863, levan gravados os nomes de ambos campaneiros. Juan Liste Pereira traballou no oficio ata que finou o ano 1909, deixando ao seu fillo **José Liste Villanueva** como sucesor.

Pai e fillo traballaron xuntos durante algún tempo, como o acredita a campá de San Vicente de Berres (A Estrada) do ano 1892, na que lemos: "LOS LISTES ME HICIERON EN ORAZO". A saga familiar dos Liste era coñecida en Galicia como "Os campaneiros de Tabeirós", pois este é o nome daquela comarca. A fundición estradense pechou definitivamente trala morte de José Liste Villanueva o 21 de xaneiro de 1927. Os seus restos acougan para sempre no camposanto parroquial de San Pedro de Orazo, onde, na terra, localizamos a súa tumba, xa co mármore escurecido polos mofos do abandono, pois a práctica totalidade da súa familia emigrara á República Arxentina e ninguén seguiu coa tradición fundidora. O gran capital en terras que tiñan de seu e que foron acumulando coa feitura das campás, foi vendido polos seus descendentes de tal xeito que hoxe en día na casa familiar dos Liste viven persoas por completo alleas pero que, sen embargo, atenden con amabilidade a todo aquel que se achega seguindo a pegada aínda viva na memoria da aldea, dos "campaneiros de Orazo". Nós coñecemos un total de 17 campás destes dous fundidores pendurando en diversos campanarios de Galicia, principalmente nas provincias de Pontevedra e Ourense.

c) Os Cabrillo da cidade de Salamanca, desaparecidos

José Cabrillo Mayor establecérase na cidade de Salamanca de onde era orixinario. As primeiras campás fundidas por el na súa terra levan gravado o ano 1918. Trala súa morte, segue o seu sobriño **Valentín Cabrillo** ao fronte da fundición ata que se xubila en 1974, data na que a empresa familiar pecha definitivamente. O prestixio acadado por "Casa Cabrillo" xa en tempos do fundador convértea en "Proveedor da Casa Real".

De "Casa Cabrillo" temos a pequena campá da capela do cemiterio municipal do Grove que carece de data de fundición e na provincia de Pontevedra coñecemos outras 18 campás máis que teñen esta mesma orixe salmantina.

MEDIDAS QUE PROPORCIONAMOS

Cando tivemos acceso ao campanario, medimos as campás, proporcionando o diámetro máximo da boca, así como a súa altura polo interior de vaso. A medida en metros do diámetro servíranos para obter o peso aproximado en quilos das campás (cando estas sexan de bronce) mediante a seguinte fórmula:

$$\text{Peso (en quilos)} = D \text{ (en metros)} \times 579$$

Polo tanto, unha campá de 1 m de diámetro pesará $1 \times 1 \times 579 = 579$ kg. Para acadar 1 tonelada a campá deberá ter un diámetro de 1,20 m, medida á que se achegan contadísimas campás das nosas igrexas parroquiais.

Empregando esta fórmula, o peso da maior campá do Grove, a grande de San Martiño que ten un diámetro 97 cm, pesará: $0,97 \times 579 = 528$ kg.

II. CATALOGACIÓN

PARROQUIA DE SAN MARTIÑO DO GROVE

Ten a torre situada na banda esquerda da fachada. Acádase a base do campanario dende o interior da igrexa a partir do coro, mediante 35 chanzos de pedra. Posúe dúas campás: a maior, na banda dereita da torre e, a pequena, no frontal da mesma. Tócanse mediante electromazos que golpean polo interior. As dúas campás teñen os xugos de madeira novos.


ACTIVIDADES "PineirÓns"

Agradecemento á:

Colabora



CONCELLO DE O GROVE
CASA DE CULTURA DE O GROVE



Igrexa parroquial de San Martiño

Campá pequena:

Epígrafes:

Arriba, en letra gótica, un aforismo en latín, que non fomos quen de interpretar.

Na parte central do vaso posible nome do fundidor: "COV----HS".

Medidas: 50 cm de altura e 55 cm de diámetro na boca. Peso: 96 kg.

Nota 1. A campá amosa un bo son, a pesar de ter polo exterior dous cordóns como de soldadura que a percorren de arriba abaixo, aínda que non afectan ao interior polo que coidamos sexan fallos de fundición que afean a estética sen outras consecuencias sonoras. Resúltanos bastante estraño que fose aceptada, no seu momento, sen reparos polo cura párroco con estes defectos estéticos tan aparentes nunha simple ollada.

Nota 2. A asa da campá aparece fixada mediante dous parafusos asegurados coas súas respectivas porcas. Estes parafusos foron incorporados moi posteriormente á fundición da campá, pois parecen recentes.

Nota 3. Hai autores que retrotraen a escritura en letra gótica nas campás ata o século XV. De ser certo, estaríamos ante unha das campás máis antigas de Galicia, aínda que nós a situamos como moito no XVIII. O que para unha campá xa é unha idade lonxeva de máis.



A igrexa parroquial de San Martiño do Grove ten a súa torre campanario á esquerda da fachada principal (Cando falamos da dereita e a esquerda das igrexas nos referimos sempre á dereita e a esquerda vendo do altar cara á porta. Polo tanto, a torre da igrexa de San Martiño está á esquerda da fachada e non á dereita como poderíamos pensar).

Campá grande:


Epígrafes:

Arriba: "JHS MARIA Y JOSE AÑO DE 1841".

Abaixo: "HIZOSE A DEVOCION DEL DIFUNTO CURA D. FRANCº VARELA Y CARBAGAL".


Medidas: 85 cm de altura e 97 cm de diámetro na boca. Peso: 528 kg.

Nota. A campá é anónima xa que non indica quen a fixo pero a cruz da súa ornamentación, a cinta do ombreiro e o número de cordóns resultan ser iguais aos que empregan os Ocampo de Arcos da Condesa (Caldas de Reis), polo que esa debe ser a súa procedencia.




Campá grande de San Martiño feita en 1841 a devoción do defunto cura D. Francisco Varela Carbajal.

A epígrafe da parte superior en letra gótica e en latín imposibilitaron a súa lectura in situ. Nótese un cordón como de soldadura que vén desde o ombreiro da campá cara abaixo, atravesando a epígrafe superior.




Un gran cordón como de vasta soldadura percorre a campá de arriba abaixo deformando as epígrafes pero sen afectar aparentemente ao seu son. Trátase dun defecto de fundición que afecta exclusivamente á estética da campá.



Detalle do interior da campá asegurando á asa mediante dúas porcas na parte interior. Estes remaches son de nova colocación.

PARROQUIA DE SAN VICENTE DO GROVE



Sinete dos Ocampo na saia da campá grande de San Vicente do Grove

A igrexa de San Vicente do Mar ou dos Groves presenta unha torre centrada sobre a fachada principal á que se accede dende o exterior mediante 6 chanzos e logo, tras unha porta que fecha a escaleira, cómpre subir 29 chanzos máis ata acadar a base do campanario. Posúe dúas campás, estando a maior na parte dereita de torre e a pequena no frontal da mesma. Ambas teñen xugos de madeira novos. Tócanse mediante electromazos que golpean o vaso de bronce polo seu interior.

Campá grande:

Epígrafes:

Arriba: "JHS MARIA Y JOSE AÑO DE 1922".

Na saia, sinete do fundidor: "FABRICADA POR OCAMPO/ EN ARCOS DE LA CONDESA".

Medidas: 75 cm de altura e 86 cm de diámetro na boca. Peso: 368 kg.






Campá pequena:

Epígrafes:

Arriba: "JHS MARIA Y JOSE AÑO DE 1894".

Abaixo: "FUNDIDA POR J. LISTE EN ORAZO".

Medidas: 53 cm de altura e 64 cm de diámetro na boca. Peso: 244 Kg.



Firma de J. Liste (Juan Liste Pereira) na campá pequena de San Vicente do Grove feita no ano 1894. Os Liste tiñan o seu forno de fundición no lugar de Correlo, parroquia de San Pedro de Orazo (A Estrada).

Campá grande de San Vicente do Grove feita polos Ocampo de Arcos da Condesa (Caldas de Reis) en 1922.

CAPELA DO CEMITERIO MUNICIPAL

A capela do cemiterio remata nunha espadana sinxela centrada sobre a fachada da que pendura unha campá de reducidas dimensións.

A capela do cemiterio amosa unha espadana dun só arco do que pendura unha soa campá que ten por detrás en letras grandes e como única epígrafe visible "CASA CABRILLO/ SALAMANCA", carecendo de data de feitura ou polo menos non a ten á vista. Esta campá tivémola que observar mediante prismáticos xa que o campanario carece de acceso.

AGRADECEMENTOS

Lembrámonos dos curas párrocos: D. Antonio Varela Grueiro de San Martiño do Grove e D. Juan Ventura Martínez Reboiras de San Vicente do Grove.


BIBLIOGRAFÍA

* Fernández de la Cigoña Núñez, E. 1912. O falar das campás. Edita: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía. 132 páx. Mos.

* Fernández de la Cigoña Núñez, E. 1914. O que contaron as campás de Mondariz. Edita: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía. 116 páx. Mos.




Capela do cemiterio municipal



Revista tipo libro que edita a <Asociación Galega para la Conservación de la Biodiversidad> e a <Asociación Galega para la Cultura y la Ecoloxía>.

La biodiversidad, de la cual dependemos hoy en día de la misma manera que lo hacían nuestros antepasados, está en grave riesgo.

Nosotros queremos poner nuestro grano de arena, Galicia, nuestra tierra, lo necesita. La divulgación es una poderosa herramienta. Que esta publicación sirva para hacer llegar el conocimiento de nuestra naturaleza, tan hermosa y exuberante como frágil...



A ILLA DE ONS NA PRENSA ESTATAL DO PASADO SECCULO XX. (I) ANÉCDOTAS QUE SON PARTE DA HISTORIA DE ONS

Por: Celestino Pardellas de Blas

Cando a principios dos anos 90 do pasado século, a hoxe Presidenta da Asociación de Veciños "Illa de Ons" comezaba a dar os seus primeiros pasos nese cargo, comentoume unha anécdota curiosa. Por diferentes motivos referidos ao seu posto tivo que moverse por varios organismos da Xunta de Galicia. Cando chegou a un deles para solicitar documentación sobre a historia e situación xurídica de Ons e os seus veciños, foi recibida polo Director Xeral do organismo que, cando se presentou como a Presidenta da asociación veciñal dunha illa pontevedresa chamada Ons, este preguntoulle: Onde queda esa Illa? Sorprendente, non si?

Ons, historicamente, estivo tan illada e esquecida, sobre todo pola administración que, aínda hoxe, sendo a única Illa poboada do único Parque Nacional galego, hai innumerables persoas, e mesmo do litoral máis próximo, que aínda non a coñecen.

É por iso que, cando no Nadal do 2012 me atopaba con Fernando Trigo e me comentaba as numerosas citas que sobre a Illa de Ons atopara en periódicos de ámbito nacional entre os anos 1890 – 1975, chamoume moitísimo a atención, tendo en conta o pouco ou case nada que eu localizara na prensa galega ata 1980, agás algún artigo puntual e naufraxios relevantes.

Como eu xa tiña preparado o artigo para AUNIOS nº 18, decidimos que para próximos números, escribiríamos sobre esas anécdotas aparecidas en xornais estatais, dedicándome eu ás da Illa de Ons e Fernando aos sucedidos en Sálvora e na Ría de Arousa. Como non sabía daquela se verdadeiramente o íamos a levar a cabo, eu decidín sacar algunha delas na prensa¹ pois as consideraba interesantes co fin de conseguir motivar aos lectores e, sobre todo aos investigadores e a universidade, para que lle deran á Illa de Ons a importancia histórica e etnográfica que se merece.

Aquí deixo catro exemplos, dos moitos que podemos atopar en traballo de hemeroteca, aparecidos no xornal estatal ABC e que, dun xeito periodístico axuda a coñecer e entender mellor a esta Illa.

Ao través destes artigos ou pequenas notas, podemos coñecer un pouco máis á descoñecida Ons daqueles anos.

Comezaremos polo artigo escrito por Luís Moure Mariño, saído no periódico ABC, Sevilla, o 7 de xullo de 1958. Moure Mariño achegouse ata Ons nos primeiros días do mes de xullo de 1958 e, chamoulle tanto a atención que decidiu nada máis chegar, escribir sobre o acontecido e observado nunha soa xornada de estancia nesta Illa.

ABC. 7 de xullo de 1958

LA ISLA DE ONS. Luís Moure Mariño.

Comeza comentando que sempre que vía Ons dende terra co seu alongado lombo sobre o mar, sentía o desexo de visitala. A oportunidade chegou e, aínda que o día escollido non era o mellor para navegar polo estado do mar, arriscáronse a ir. Escribe: "... estaba la mar picada y bailamos lo nuestro... en Ons nos esperaba Arturo - tasquero y preboste de la isla-".

Nel dá unhas pinceladas ao status dos dous illáns máis influentes, segundo el, daquela: "... lo que pudiéramos llamar el mando -o más expresivamente el <mangoneo>- en la isla se reparte entre Arturo dueño de la única tienda - tasca y el torrero del Faro. Arturo representa el poder económico y el señor Castaño (torrero) el poder administrativo. Entrambos son los amos de Ons."

Loxicamente naqueles anos de penuria económica o posuír unha tenda-bar en Ons daba un certo poderío sobre os demais illáns que dependían del e das súas transaccións. Á vez, ao ser o único bar existente², aquelas persoas dun certo renome ou influencia que por esas datas posuían barcos cos que se achegar á Illa, tiñan ao Sr. Arturo como un amigo ou como seu home de confianza en Ons, o que provocou que posiblemente fora nomeado, como no seu día o fora Jesús Acuña, alcalde pedáneo de Ons (Preboste que di Moure).


Interesante a descrición que fai do Sr. Arturo: "... Arturo encierra la estampa del lobo de mar jubilado, es fornido, casi cuadrado, socarrón y sentencioso, con unos ojos brillantes como los de un águila..."

Logo lle toca a vez ao torreiro, Sr. Castaño, a quen lle dedica bastante espazo do seu artigo: "... es el funcionario perfecto, encargado del faro, que tiene limpio como una patena..." Da charla que Luís Moure mantén con el, curioso este parágrafo: "... Llevo aquí más de 10 años y en todo ese tiempo solo fui a tierra cuatro veces. Uno se acostumbra a esta soledad que acompaña el viento..."

¹ Faro de Vigo. "A Illa de Ons. Hemeroteca I". Celestino Pardellas de Blas 10 de marzo de 2013.

Faro de Vigo. "A Illa de Ons. Hemeroteca II". Celestino Pardellas de Blas. 17 de marzo de 2013.

² Este é un dato un tanto estraño xa que existía, ao carón do de Arturo Goberna, outro pertencente ao Sr. Jesús Acuña, fillo de Serafín Acuña que anos atrás si rexentara, xunto con Arturo Goberna a única tenda - bar existente en Ons. No ano 1958 estaban separados e cada un xestionaba unha tenda - bar no lugar de Curro, ao remate da subida do peirao.



El Sr. Castaño, torrero del faro.

Arturo, tasquero y preboste de Ons.

Chama a atención este comentario xa que, dende que eu visitei o Faro por primeira vez ala polo ano 1974, en Ons había tres fareiros en quendas de 15 días e dous axudantes en quendas dun mes. Por iso é difícil de imaxinar tanto tempo sen ir a terra. Non terían relevo daquela? Ou é que el quería estar alí permanentemente?

Aínda que recibía cada certo tempo a visita do barco de faros con víveres e que a súa muller vivía con el no faro, é complicado facerse á idea de vivir e estar alí máis do tempo que lle correspondería polo seu traballo

coas carencias que había en Ons naqueles tempos.

Sen embargo fala: "*da súa Soedade que acompasa o vento*". Coido, ao contrario de hoxe, que con máis de 400 veciños vivindo por aqueles anos na Illa, sería moi difícil atoparse só, tendo en conta a axuda que, como di, prestaba a esa comunidade tan necesitada

As funcións da súa muller estaban claras: "... mi mujer hace de practicante, pone inyecciones y, cuando se tercia, hace también de comadrona..."

A posición dentro do status illán do fareiro era completamente distinta. Como técnicos expertos en electrónica que eran, non só se encargaban do mantemento da maquinaria do Faro, senón que tamén atendían a calquera problema técnico que puidera xurdir na Illa (aínda que poucos podería haber daquela nas casas veciñais); á vez, tamén do aspecto educativo, senón estaba na Illa o mestre ou mestra, e do sanitario, ao ser as únicas persoas con estudos e que polo xeral, pola súa formación profesional, fixeran cursos de primeiros auxilios.

O faro xogaba unha baza importantísima á hora de pedir axuda: "... el faro tiene emisora que presta muchos socorros, incluso pidiendo médicos en caso de urgencia..."

Os veciños tamén teñen o seu apartado no artigo e nel falan da problemática da luz do que comentan: "... dicen que la Diputación de Pontevedra va a instalar un grupo electrógeno y que pronto tendremos luz eléctrica y una molinera..."

Interesante e chocante o comentario sobre a súa felicidade, da que eles mesmos din: "... sin electricidad, sin cura, sin médico, sin juez..., la verdad es que nos sentimos felices en este pedazo de tierra". "... hace algún tiempo llevaban a enterrar los muertos a Bueu, ahora se les da tierra en la isla y se celebra el funeral en Beluso..." "... vivimos aquí unos setenta y cinco vecinos (Referirse a familias): cuatrocientos habitantes más o menos..."

Quizais fora o sentir puntual provocado polos efluvios duns viños invitados por Luís Moure, porque a realidade que contan sobre aqueles anos era ben distinta, non pasaban fame, pero carecían dos servizos máis elementais (auga, luz e médico) para levar unha vida digna.



Primeiro Faro da Illa de Ons.

ABC. 8 de setembro de 1929

LOS VUELOS DE LAS AVES ANILLADAS. Vigo.


"Francisca Patiño Pérez de sesenta anos de idade, recogiú en a Isla de Ons una paloma mensajera, la cual, en sus anillos, ostentaba la siguiente inscripción: "Whater. N. / N. 4. 3. 872. U.S.A.".

Alguien le hizo creer que el hallazgo valdría mucho dinero, y la buena mujer se presentó en el pueblo de Bueu, pidiendo una crecida cantidad por la paloma y negándose a entregarla a las autoridades.

Se da el caso curioso de que Francisca, que no había salido de la isla en veinticinco años, realizó ahora el viaje convencida de que poseía un tesoro".

Noticia curiosa da que sacamos o illamento que sufrían os veciños de Ons. Francisca non saíra da Illa en 25 anos. Ante isto, nos preguntamos: dende os 35 anos non tivo ningunha enfermidade que a obrigara a desprazarse ao continente? Hai que ter en conta que dende 1919 a Illa *pertencía* a Manuel Riobó e este montara en Ons unha Sociedade dedicada ao secado e comercialización de polbo e congro. Isto quería dicir que, xa fora el ou a persoa a quen subministraba, terían algún tipo de embarcación que, á vez, facilitaría aos veciños o seu desprazamento a terra en caso de necesidade. Cal sería entón o motivo de que Francisca, ao igual que moitos outros veciños, non se desprazara a terra en tanto tempo?

Con respecto á temática da noticia, temos que pensar que foi unha broma que lle gastaron á pobre Francisca ou que verdadeiramente crera que era algo valioso; por desgraza as mulleres dende moi temprana idade tiñan que axudar aos seus pais nos labores da casa, coidando do gando o espantando as grallas que invadían as sementeiras de millo; e os rapaces dende os 10 – 11 anos xa tiñan que acompañar ao pai na dorna, polo que, as súas posibilidades de educación eran escasas ou nulas.



ABC. 26 de Outubro de 1935

NUEVA COLONIA AGRÍCOLA PARA VAGOS Y MALEANTES.

"La Gaceta publica un decreto del ministerio de Trabajo autorizando al ministro del Ramo para que adquiera por gestión directa la Isla de Ons (Pontevedra) para instalar en ella la colonia agrícola para vagos y maleantes".

LA VANGUARDIA 8 de febreiro de 1936

DECRETOS SANCIONADOS POR EL JEFE DEL ESTADO.

Madrid. Firma de S.E.

"En el Ministerio de la Gobernación facilitaron esta madrugada el siguiente índice de las disposiciones sancionadas por el Jefe del Estado. Declarando nulo y sin ningún valor el Decreto de 23 de octubre de 1935 relativo a la adquisición directa de la isla de Ons (Pontevedra) para la instalación en ella de una colonia agrícola de vagos y maleantes".

Estas dúas noticias separadas no tempo menos de catro meses poden ter a súa orixe en 1932 cando se fixo cargo Didio Riobó da Illa de Ons.

Por aquelas datas saía publicado no Pueblo Gallego estas palabras do Sr. Riobó: < Aos veciños de Ons asísteos o dereito da propiedade das terras, pero a min, tal como está estruturada socialmente a República. Tamén me asiste o dereito de non perder o capital alí empregado>³.

Os propios veciños diríxense ao goberno da República para que lles parcelen as terras e que lle paguen ao Sr. Riobó a parte que lle corresponda. Contestoulles Largo Caballero poñendo grande interese no solicitado e prometendo que mandarían alí unha Comisión para comprobar se a Illa se adaptaba á Lei Agraria.


Todo parecía ir ben, pero o tempo pasaba e nada cambiaba en Ons. Mentres, os veciños cada vez estaban máis agresivos nas súas reivindicacións o que fixo que a situación se volviera insostible.

Estas reaccións veciñais provocaron en Didio Riobó a necesidade de arranxar o problema co goberno republicano. A idea era que o Goberno mercara a Illa ao seu dono e logo, pola Lei Agraria do momento, a pasara en parcelas aos veciños.

De aí que a posible solución que buscara o Goberno Republicano para a súa compra fora a de crear nela unha -colonia para vagos y maleantes- para o cal se publicou o decreto do Ministerio de Traballo autorizando ao ministro a adquisición por xestión directa de Ons.

Pero todo quedou nun amago de boas intencións xa que tres meses despois o Ministerio de Gobernación declara nula a adquisicións da Illa de Ons.

Temos que pensar que a decisión inicial do Ministerio de Traballo era resolver o conflito de Ons entre Riobó e veciños, pero algo debeu suceder que botou abaixo o Decreto de compra. Dende logo non o podemos imaxinar doutro xeito. Non creo que



Illa de Ons, principios dos anos 70 do pasado século XX.
Zona do Cucorno.

³ Joan Carballeira. "Reportaje de actualidad: El problema social de la isla de Ons". El Pueblo Gallego. 1932

ao Ministerio se lle ocorrera verdadeiramente mercar Ons e instalar nela una colonia de *vagos e maleantes* estando a Illa habitada por mais de duascenas almas coas súas casas e terreos traballados; o conflito que ía a xurdir podería coller tinxes tráxicos.

ABC. Madrid 19 de agosto de 1954

ABC EN PONTEVEDRA: LA ISLA DE ONS EXISTE. Rafael Landín Carrasco.

La Isla de Ons -terca avanzadilla atlántica de la ría de Pontevedra- acaba de cobrar actualidad al recibir la visita del Ministro de Marina, almirante Moreno.

Los habitantes, en número aproximado a los cuatrocientos, llevan una vida dura, sencilla, aislada -en el más puro sentido de la palabra-, al margen de los más elementales servicios de nuestro tiempo, dedicados a la pesca del pulpo y a una rudimentaria agricultura.

A trasmano de la asistencia espiritual y sanitaria (un entusiasta médico madrileño pasa el verano entre los isleños y los deja curados para todo el año), es un hecho insólito en Ons la llegada de un personaje, máxime si llega por la vía utilizada por el Ministerio de Marina. En dos helicópteros de la Escuela Militar de Marín, se trasladó el almirante Moreno acompañado del comandante director de dicho Centro, capitán de navío Sr. Galán.

La inesperada arribada de los extraños aparatos a la isla fue motivo de tanta satisfacción como conocer su finalidad, que no era otra que el deseo del ministro de saludar a un viejo compañero de largos periplos que, cuando era el joven marinero Goberna, sirvió al entonces oficial Moreno en un barco como repostero. (Según el autorizado nomenclátor de Guillén, los ordenanzas a bordo se llaman criados si son del comandante, reposteros los de jefes y oficiales y "camaretas" los de guardiamarinas).

Después de una larga y afable entrevista, en la que el antiguo mareante presentó a su jefe, uno por uno, a todos sus vecinos insulares, los helicópteros "levaron aspas" con rumbo a Marín, en una de cuyas playas el almirante Moreno pasa todos los años sus vacaciones estivales.


Esta noticia, aínda que separadas no tempo 4 anos, poderíamos relacionala co artigo de Moure Mariño pois as dúas teñen como protagonista ao Sr. Arturo Goberna.

Nas miñas múltiples entrevistas cos veciños de Ons dunha certa idade, chamoume a atención que sempre que a conversa derivaba cara á súa estadía na Mariña, todos serviran a oficiais ou gardamariñas que posteriormente se converteran en mandos. Dáse o caso do veciño, xa falecido, Manuel Reiriz que serviu na Escola Naval de Marín ao mesmísimo Rei D. Juan Carlos cando cumpría neste centro castrense as súa obrigas como gardamariña.

Nesas mesmas conversas poñían como motivo da súa elección o ser da Illa de Ons, pois tiñan fama de ser bos mariñeiros, moi servizais e que despois dos permisos, nunca faltaban para os seus xefes uns percebiños, centoliñas e algunha nécora.

Así debeu pasar co Sr. Arturo cando tivo que cumprir coa Mariña. Quen lle ía daquela a dicir a el que aquel oficial ao que, seguro, tan ben serviu como resposteiro, anos despois íase a converter en Ministro de Mariña e que ía a achegarse a Ons, nada máis e nada menos, que para visitalo.

Dende logo tivo que ser todo un enorme acontecemento en que, por aqueles anos, dous helicópteros pousaran na Illa e que deles baixaran un Ministro e o Director da Escola Naval pola que tantos veciños pasaron. Non me imaxino a algarabía que debeu haber e, a carón da boísima mariscada que lles debeu ofrecer o Sr. Arturo, a súa popularidade debeu sufrir tal crecemento que non me estraña que Moure Mariño, anos despois, escribira que Arturo representaba en Ons o poder case que absoluto.



Síntesis: A finales de los años 70 la isla de Ons sufre una despoblación masiva que provoca el cierre de la escuela y afecta sobre todo a los que no pueden abandonar la isla: al farero y su familia. Paralelamente, el barrio mariner de San Tomé (Cambados) ve como se inaugura su colegio con el que establecerá fuertes vínculos. Martiño y Lía son testigos de estos sucesos y sus vidas, tan diferentes, se cruzan gracias a una pasión que tienen en común: el faro de Ons.

O AFRODITI P UN EMBARRANCAMENTO E MOITAS ANÉCDOTAS


Por: Fernando Martínez

O 3 de outubro de 1981 un barco encallaba na praia de Major, a carón do viveiro de centolas que o meu pai tiña nesa praia.

Esa noite, que non fora a peor do inverno, quixo que este pequeno mercante e mais o seu remolcador, o <MANSO TUG IV>, quedara pousado enriba das pedras, dereitiño. Tiña unha escaleira de corda colgada no seu costado de babor que, en certo modo, invitaba a subir a el. E, por que non?

Tiña eu doce anos e como outros tantos rapaces, ese día, dunha maneira ou doutra, conseguimos ter unha excusa para non ir á escola e ir ver “o barco”... Que de xente!!! Media aldea estaba alí! E claro, os rapaces buscando a maneira de acercarse o máis posible, pero tamén estaban os maiores diante prohibíndoo; máis dunha orellada temos levado por iso.

Escoitábanse as testemuñas da xente, que xa estiveran pola mañá, que dicían: - Ía cargado de negriños, dicía un.



- O <Afrodite - P> e o <Masco Tug- 4> na praia de Major o día do seu encallamento

Outro paisano do lugar explicaba, movendo as mans, como lle tiraran un cabo e, tensando todos os que alí estaban, conseguiron que baixaran por el a tripulación. Comentaban, como co peso, caeran a auga varias veces. E de como, unha vez en terra, foron metidos nunha ambulancia que despois tivo un accidente antes de chegar a Portonovo, e un veciño os metera no seu coche, unha “SIATA”, e os levara para o hospital. ...

Pero a cuestión do barco e da historia que nos ocupa non era o salvamento da tripulación. Nas nosas pequenas mentes, e ben seguro que nas mentes da maioría, tiñamos a mesma pregunta: Que habería dentro do barco?

Todo o mundo o pensaba e nas noites seguintes comprobámolo. Aparecían tractores, furgonetas,..., cargados con chapas mariñas e outros materiais. Aquilo era unha festa! Ata polo día, á vista de todos. Os mais atrevidos subían ao barco pola

escala, aquela que tanto invitaba a subir a el. Eu mesmo vin baixar a un home cargado cunha máquina de cortar friame ás costas e, nos brazos, bolsas cheas de ferros que, vai ti a saber para que serían!

Un dos primeiros días, mirando para o barco, algo curioso chamou a miña atención. Vira, no costado de babor que era o que daba a terra, un buraco, e pensei que por el sería moi fácil entrar. Pero á vez preguntábame: A ninguén se lle ocorreu? Non o viron? Que raro, pensei eu.

Non quixen saber mais, ala fun. Díxenlle aos demais: - Vós subide pola escala de corda, que está moi alta e a min se me fai moi perigosa. Eu asomei a cabeza polo buraco e como non se vía nada, decidín meter un pé dentro e alá fun. Foi así como entendín por que non entraba ninguén por aí, quedei enzoufado de chapapote case ata a altura da cintura. A ver como contaba eu na casa a desaparición dos pantalóns!

Houbo quen, durante varios días, non foi á escola coa desculpa de ter algo que facer na casa, sendo o verdadeiro motivo, carrexar cousas do barco. Parece ser que dentro del, había de todo!

Houbo un mecánico ao que se lle ocorreu, con bastante lóxica, que habería unha chea de ferramenta dentro, como levan todos os barcos para as súas reparacións no mar. O que non se deu de conta é que, coa noite e ás apalpadas, non apreciabas si eran chaves fixas, estrela, allen,..., ou se eran tarraxas das usadas para facer roscas Pero mala sorte tivo. Ao día seguinte foi reparar o “botín” e decátase de que as chaves non servían. Nós, os rapaces, non o podíamos entender, pero seica que hai unha medida chamada “inglesa” e tiñan a medida en polgadas non en milímetros como as nosas. Menos mal que había unha enorme chave inglesa que era a única que non entendía de medidas, polo menos algo aproveitou.

No barco había de todo, incluso un torno que, dado o seu tamaño, non houbo maneira de sacalo de dentro. Aínda que se escoitaron voces que dicían: Se houbera estado mais tempo, todo iso non se ía a afundir no mar.

Houbo quen conseguiu chegar moi preto do barco cun tractor co tino de cargar uns bidóns que supoñía contiñan aceite ou valvulina, que ben seguro ía aproveitar para as máquinas da casa. Despois do enorme traballo de cargar aqueles pesados bidóns e saír da praia con eles, ao chegar á estrada para marchar para a súa casa, a “parella” da Garda Civil dálle o alto, e agradecéndolle o ter sacado aqueles barrís, invítárono a que os levara para a Comandancia de Mariña para que se fixeran cargo deles. Por moito que protestou aquel home non lle quedou mais remedio que dirixir a súa marcha cara a Portonovo e regresar de baleiro a súa casa.

Todos os días había xente na praia, curiosos de todos os puntos de Galicia que viñan a ver os barcos ou, polo menos, o que quedaba deles, pouco a pouco, estábanos alixeirando do seu peso.

Houbo incluso algúns que, pola súa ignorancia, arrancaban, rompían e levaban de todo, sen saber para que lle ía servir despois. Algúns chegaron incluso a cortar os cabos dos botes salvavidas, porque non sabían como arrialos, esnaquizándose estes contra as pedras. Na praia non quedaba nada, todo servía, ben porque era útil para algo ou como *souvenir*: unhas curiosas lámpadas de aceite, os “ollos de boi”, cuberterías, olas da cociña, pratos, mantas, ..., aquilo era como ir a un bazar, había de todo.

Unha historia curiosa é a de catro veciños que, estando na taberna, a un deles ocorréuselle formular esta pregunta:
- Vamos ao barco? - De noite? Contestaron os outros. - Por que non? - A de haber moita xente. Apuntou outro. - Diso encárgome eu. Respondeu o que fixo a pregunta.

Todos dubidaron ata que un deles berra: - *No hay huevos!* - Que? Responderon todos. **VAMOS!**

Aquilo era unha feira de xente. Deciden subir todos xuntos pero como había un que coñecía a estruturas dos barcos, dixo: - Agardade aquí que agora veño. Vós, pase o que pase e sintades o que sexa, non vos movades de aquí, tranquilos, non vos movades.

E desapareceu polos corredores do barco. Os outros, agarda, agarda, ..., ata que unha sirena estridente rompe a relativa tranquilidade da feira que había esa noite dentro. PI, PI, PI, PIIIIIIIII !!! Todo o mundo correndo, escapando, de... De que? Ninguén o sabía, pero todo mundo saía do barco a bulir, deixando todo atrás, excepto estes tres amigos que, con máis medo que outra cousa, agardaban a que aparecera o seu compañeiro que, sorrinte, apareceu ao cabo dun anaco.

- Que, xa marcharon todos? Pois ala, a traballar! E estes catro fenómenos, sós, puxéronse a cargar co que puideron.

Ao cabo dun tempo, cando xa tiñan todo en cuberta e se preparaban a baixalo a terra, soan uns disparos dende a praia e unhas voces que dicían: **ALTO! ALTO!**

Medo? Para nada! Os nosos intrépidos amigos, amparados pola noite, conseguen saír do barco e perderse fuxindo polo monte e, deixando case todo atrás, chegaron ata onde tiñan os coches. Uns falaban de marchar, outros de volver ao barco a buscar o que deixaran na cuberta pero, o sentido común imperou.

Dous deles marcharon para as súas casas, pero os outros dous querían saber que pasara, quen pegara os tiros. E, como se nada, aí os van, cambian os coches de onde os tiñan agochados e volven pola praia. Ao chegar preguntan a unha xente que había alí: - Que pasou? E, de súpeto, alí están coa “parella” e máis o Axudante Mariña, que se presume fora o que pegara os tiros, explicándolles que había alguén encima do barco e, por seguridade, non fora que estiveran a roubar, fixeran uns tiros de aviso para que baixaran, pero que se lles escaparon polo monte. Aos dous, a pesar da graza que lles facía, non puideron mais que preguntarse: Que lles importaría a estes?

Coido que a este barco non lle deron tempo pero, ben seguro que, de quedar no seu novo berce un pouco máis, non farían falla moitos cartos para despezalo, os veciños xa se encargaría del. Ata houbo quen falou de montar unha “Boite” cunha pasarela dende terra. Tampouco era mala idea!

Un día chegaron, pola marea chea, uns remolcadores que tiraron del ata sacalo das pedras, pero pouca graza fixeron xa que, aos poucos metros, o barco afundiú para xa non xurdir mais. Alí quedou ata o mes de xullo que o dinamitaron. A barcaza encargada do traballo fixo baixar o prezo do muxo na lonxa xa que o traían a centos de kg mesturado con outros peixes.

AFRODITE -P

Mercante de 2.000 toneladas de desprazamento, que fora recollido en Vigo polo remolcador Kuwaití <MASCO TUG - 4> para levalo ao porto do Pireo para o seu despezamento. Por mor do forte mar reinante e a un fallo mecánico do remolcador os dous barcos quedaron á deriva, indo a quedar o AFRODITE-P encallado nas rochas norte da praia de Major (Aios - Noalla - Sanxenxo) e o remolcador no centro da mesma praia.

Sucedía un 3 de outubro de 1981.

(*Naufraixios en las Rías Baixas. Lino Pazos Pérez. 2001*)



EN TEMPORADA:
Caza
Lamprea
Anguila
AMPLIA CARTA

Restaurante

Casa Dora

José del Río, 6 - Teléf.: 986 881 383 - MARÍN



A ILLA DE SÁLVORA

Poderíamos dicir que a historia da illa de Sálvora é practicamente igual que a da illa de Ons. O primeiro dato histórico é do ano 899 cando foi doada polo rei Alfonso II ao arcebispado de Santiago. Durante os séculos X - XIV sufriu numerosas invasións, como as sarracenas. Dende o século XV utilízana os veciños das costas próximas para labores agrícolas e gandeiras. Aínda que un século antes que en Ons, s. XVIII segundo algúns autores, se instala unha fábrica de salga. No século XIX instálanse na Illa veciños de Carreira, Ribeira e Aguiño formando unha pequena aldea. Tiñan que pagar un canon ao dono en produtos agrícolas. A finais do século XIX instálase o faro. É expropiada a principios do século XX e devolta de novo ao seu dono a mediados do mesmo século. No último terzo do século XX os veciños emigran ás veciñas terras de onde procedían. Dende o ano 2002 forma parte, xunto con Cíes, Ons e Cortegada do Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Así a grandes trazos podemos comprobar que, con matices, as illas de Ons e Sálvora teñen unha historia moi parecida.

O 2 de xaneiro de 1921 a illa de Sálvora vai quedar tristemente marcada por suceder nas súas augas o nau-

fraxio máis grave acontecido nas costas españolas. Ás dúas da madrugada choca contra as súas rocas o transatlántico <Santa Isabel> deixando un doloroso saldo de 213 vítimas, aínda que, paralelamente, os seus habitantes, en especial tres novas mulleres, van demostrar a súa valentía e solidariedade enfrontándose ao duro mar nunha pequena embarcación, a dorna, salvando a unha boa cantidade de náufragos.


Neste artigo non vou tocar o naufraxio do Santa Isabel pois, ao carón de que xa foi tratado en números anteriores desta revista, requiriría un profundo traballo de investigación que prefiro deixar para outros colaboradores

con máis coñecementos sobre o tema e que, de seguro, neste ou noutros números escribirán sobre este doloroso pero apaixonante tema.

Aquí, ao lado de dar unha lista dos naufraxios acontecidos na Illa de Sálvora, falarei de dous naufraxios que tamén deixaron unha enorme e triste pegada polo número de falecidos e por ser todos eles galegos: O <Azaña> e o <Océano Atlántico>.

Tamén comentarei o embarrancamiento do mercante <Cataluña> que, por sorte, non tivo vítimas pero dáse a casualidade de que na súa axuda, de novo, acudiron dúas das coñecidas como "As Heroínas de Sálvora".

Faro de Sálvora na actualidade. Á dereita zona onde tivo lugar o fatídico naufraxio do <Santa Isabel>.



As heroínas de Sálvora. De esquerda a dereita: María F. Oujo, Josefa Parada e Cipriana Oujo Maneiro.

NAUFRAXIOS OCORRIDOS NA ILLA DE SÁLVORA E NAS SÚAS PROXIMIDADES

DATA	NOME	LUGAR	VÍTIMAS	TIPO BARCO
1907 - 12 - 06	María Vicenta	Sálvora	3	Goleta
1910 - 12 - 11	Juan Federico	Sálvora - 5 millas	0	Quechemarín
1910 - 12 - 17	Recuerdo	Sálvora - 4 millas	0	Vapor pesquero
1911 - 07 - 19	Enmanuelle	Sálvora	0	Pesqueiro
1912 - 11 - 06	Juan Cunningham	Sálvora	0	Mercante
1913 - 10 - 31	Antonio Velázquez	Sálvora. - Illa de Noro	1	Vapor
1916 - 11 - 01	Zumaya	Sálvora - 8 millas	9	Vapor mercante
1917 - 06 - 09	Tordenvore	Sálvora	0	Vapor
1921 - 01 - 02	Santa Isabel	Sálvora	213	Vapor correo
1922 - 02 - 09	Orozco	Sálvora	0	¿
1922 - 04 - 22	23 de Mayo	Sálvora	0	Vapor pesqueiro
1922 - 11 - 17	Cataluña	Sálvora	0	Mercante
1922 - 11 - 22	Josefa	Sálvora	8	Pesqueiro
1927 - ¿ - ¿	Elisa de Forcarey e Pepe	Sálvora	0	Vapores - Abordaxe
1928 - 04 - 22	Anuncia	Sálvora	3	Vapor pesqueiro
1928 - 04 - 24	Amancita	Sálvora	5	Pesqueiro
1928 - 10 - 11	J.M.Urquijo	Sálvora. 6 millas	0	Mercante
1929 - 08 - 26	Bizkargimendi	Sálvora	0	Mercante
1929 - 09 - 10	Rosa	Sálvora	0	Pesqueiro
1930 - 01 - 25	Maruja	Sálvora	0	Vapor pesqueiro
1930 - 09 - 02	Orozco Tor Miker	Sálvora	0	Mercante
1930 - 10 - 25	Sito	Sálvora	0	Vapor comercial
1932 - 08 - 05	Azaña	Sálvora	22	Traña pesqueira
1945 - 04 - 05	Nuevo Rosita	Sálvora	6	Vapor pesquero
1956 - 07 - 10	Islas Columbretes	Sálvora	0	Embarrancamento
1957 - 11 - 03	Tina	Sálvora	0	Iate
1961 - 11 - 15	Europa - Alcalá de Henares	Sálvora. 3 millas	0	Pesqueiros - abordaxe
1963 - 03 - 19	Sao Silveiro	Sálvora	0	Mercante
1963 - 11 - 09	Justo	Sálvora	4	Lancha pesquera
1965 - 08 - 06	Urquiola - Fantástico	Sálvora.	0	Pesqueiros - abordaxe
1966 - 02 - 21	Océano Atlántico	Sálvora	13	Pesqueiro
1967 - 09 - 04	Denis	Sálvora	10	Pesqueiro
1984 - 11 - 02	Urmaya	Sálvora	0	¿
1993 - 09 - 15	Torre de Likona	Sálvora	0	Pesqueiro
2000 - 11 - 23	José Rey	Sálvora	1	Lancha pesqueira
2000 - 11 - 24	Buraz	Sálvora	4	Pesqueiro

Aquí a lista dos naufraxios acaecidos na Illa de Sálvora dende o ano 1900. Estou seguro que faltará algún e que tamén as datas non estarán detalladas no seu día exacto xa que as novas na prensa saían ao día seguinte ou días despois de suceder o accidente, pero servirá de información a todo aquel que lle interese o tema e queira facer unha investigación máis profunda posteriormente.

EMBARRANCAMENTO DO VAPOR <CATALUÑA>

Na edición da mañá do día 18 de novembro de 1922, saía publicado no periódico ABC, na súa páxina 10, a seguinte noticia:

EL VAPOR <CATALUÑA> EMBARRANCADO

El vapor Cataluña de la Compañía Transmediterránea que había sido despachado para Villagarcía y la Coruña con pasaje y 500 toneladas de carga general, ha embarrancado, cerca de la Isla de Sálvora, en el mismo lugar donde se hundió el trasatlántico "Santa Isabel".

El vapor Cabo Quejo, que regresaba de la Coruña, acudió en auxilio del Cataluña y logro salvar a la tripulación del mismo. Confiase en salvar el buque.

LA CAUSA DEL SINIESTRO

El accidente sufrido por el Cataluña fue debido a que la densa niebla hizo invisible la luz del faro.

Al chocar el buque con los bajos de la Isla de Sálvora notose a proa un ligero golpe, y aunque se maniobró rápidamente, el Cataluña quedo varado y se hundió con rapidez.

En la bajamar queda al descubierto parte del puente. Aunque el cargamento pueda ser salvado, el buque se considera perdido.

La vecinas de Dorna Cipriana Cajeros y Josefa Perales que intervinieron heroicamente en el salvamento de la tripulación del trasatlántico Santa Isabel, acudieron en auxilio de los tripulantes del Cataluña.

A casualidade fixo que case un ano despois do terrible accidente do <Santa Isabel> e no mesmo lugar, tivera ocorrido este embarracamiento, neste caso sen ningunha vítima pero con idénticas características, pois aínda que parece que non había temporal, si a néboa confundiu ao capitán, como ocorrera co <Santa Isabel>, pensando neste caso que as luces do Faro eran as de outro barco.

Como fixeran un ano antes, as veciñas de Sálvora: Cipriana Oujo de 17 anos e Josefa Parada de 26 (que así eran os seus nomes lixeiramente confundidos na noticia de ABC) de novo non tiveron reparos e coller a súa dorna e saír en auxilio dos tripulantes do barco naufragado.

Foto recente da aldea de Sálvora onde vivían as tres rapazas que participaron no salvamento do <Santa Isabel> e do <Cataluña>



NAUFRAXIO DA TRAIÑA PESQUEIRA <AZAÑA>

O mércores 10 de agosto de 1932 o periódico La Vanguardia publicaba esta nova sobre o trágico naufraxio da traíña de Cangas “Azaña” que deixou ao pobo mariñeiro de Cangas sumido na desgraza.

El trágico naufragio de la lancha pesquera «Azaña». Las causas del siniestro.

Los 22 ahogados en el naufragio de la lancha <Azaña>, ocurrido entre la Isla de Salvora y Ons, en la madrugada del día 4, eran todos vecinos de Cangas y de los pueblecitos inmediatos y en su mayoría dejan viuda e hijos, siendo otros de ellos el único sustento de sus padres ancianos y de sus hermanos pequeños

El patrón que se arrojó al mar cuando se hallaba a salvo, había contraído matrimonio quince días antes del drama, que deja a muchas familias en la más espantosa miseria.

Uno de los ahogados poseía varias distinciones por haber intervenido heroicamente en tres salvamentos de náufragos.

Se ha dado el caso de que José Pérez Núñez, enrolado como tripulante de la «Azaña», perdió el vapor por entretenerse demasiado con su novia, llegando al muelle cuando la lancha salía para pescar.

Los náufragos, en una nueva declaración, manifestaron que el siniestro se debió a un exceso de peso en estribor, donde iban los hombres y las redes.

Manuel Castro Torres, uno de los supervivientes, se encuentra tan agotado por el esfuerzo realizado, que se teme la posibilidad de que se vuelva loco.

Aínda que a noticia saía publicada o 10 de agosto o triste suceso ocorreu o día 5. Parece ser que unha forte onda fixo envorcar a embarcación quedando quilla arriba. A ela suxeitáronse como puideron os mariñeiros que sabían nadar. As correntes fixeron que o barco estivera á deriva durante todo un día e unha noite, tempo que foi suficiente como para que os náufragos, esgotados, foran paseniñamente sucumbindo agás dous que foron quen de aguantar ata que o buque noruegués Keret rescatounos fronte as costas portuguesas onde foron transbordados ao bou coruñés <Santiago Rusiñol> que navegaba rumbo a Vigo e que se encargou de trasladalos a este porto.



O Faro de Vigo relataba este suceso, ao día seguinte de coñecerse a traxedia, do xeito seguinte: “...asomarse a la villa de Cangas en estos momentos es tanto como sentir, en turbión, todo el horror de la tragedia, es tanto como vibrar en la emoción del espanto causado por una de esas desgracias de máxima magnitud, por una de esas desgracias capaces de perturbar el ánimo más templado. Madres afligidas, esposas a quienes el dolor ha sumido en congoja inenarrable, niños que gimen la tristeza de la orfandad en el alborear de sus vidas... Y el coro que forma el vecindario todo, sollozando la tremenda desgracia. Esta es la visión desolada, espantosa, que Cangas ofrece desde el naufragio”.

Como tamén soe pasar en estes tristes sucesos, dicir que a dotación da embarcación estaba composta por 25 homes, pero ese día saíu só con 24, xa que un mariñeiro salvouse do fatal desenlace ao quedarse durmido e chegar ao peirao cando a traíña xa levantara áncoras.

Remataba a noticia no Faro dicindo: “La ausencia definitiva de esos hombres es el hambre y la miseria inmediatos para sus hogares. Por eso, la Corporación municipal de Cangas, en sesión extraordinaria, tratará la situación en que se han quedado esas 22 familias”.

BAR LONXA

PORTONOVO

Teléf: 986724333

* ALBARIÑO

ESPECIALIDAD

*PESCADITOS

*MARISCOS

EL PUERTO. CÓMODA TERRAZA

NAUFRAXIO DO PESQUEIRO <OCÉANO ATLÁNTICO>

O martes 22 de febreiro de 1966 na edición da mañá do diario ABC sae publicado a toda páxina:

EL ATLÁNTICO, ENFURECIDO

Los barcos mercantes y pesqueros que navegaban por aguas de Galicia se refugian en los puertos. Otro naufragio en la “Costa de la Muerte” gallega.

Non pasaran nin 48 horas do naufraxio á entrada do porto de Muxía do pesqueiro “Jose Antonio Lasa” coa morte de 11 dos seus 12 tripulantes, cando xa teñen que estar dando outra mala nova dende o porto de Santa Uxía de Riveira, onde o pesqueiro coruñés “Océano Atlántico” con 14 tripulantes a bordo naufraga ao carón da Illa de Sálvora perecendo 13 dos seus homes. O periódico ABC daba así a noticia:

“El Océano Atlántico propiedad del armador de la Coruña don José López Merallo barco de casco de acero y veteranamente marino había zarpado de este puerto en la noche del jueves 17, para sus faenas de pesca, y con el propósito de regresar el próximo jueves. Sobre las nueve y media de la noche del sábado, cercano a la boca de la Ría de Arosa y amenazado por un tremendo temporal que crecía en violencia, trató de refugiarse en la ría, pero entre la oscuridad y los bandazos, que le hacían perder el rumbo, fue a estrellarse contra las rocas de la Isla de Sálvora, nombre tan tristemente ligado a la historia de la “Costa de la Muerte”. Al advertirlo el personal del Faro, sus tres componentes, don José Luís Abella, don Manuel Juega y don José Sampedro, seguidos del único habitante de la isla en esa época, don Manuel Blanco, emprendieron los trabajos conducentes al salvamento de los naufragos, y antes de nada lanzaron al aire bengalas de petición de auxilio. Inútil todo, pues el temporal impedía la visibilidad. Sin embargo, allí entre las rocas, estaba – ni él mismo supo explicar como llegó, o cómo el oleaje, le hizo llegar allí – el único superviviente, el maquinista José Mariño López, de la Coruña, hospitalizado ahora en Santa Eugenia de Riveira, aunque sin heridas de importancia.

Aplacado un poco el temporal, el domingo por la mañana salieron de Riveira tres lanchas dispuestas por la ayudantía de Marina, que llegaron hasta el lugar de siniestro, donde después de muchas horas de búsqueda, sólo pudieron recuperar un cadáver: el del patrón de costa, don Luís Centeno Cajido, también vecino de la Coruña. No obstante, los equipos de salvamento continúan sus operaciones de búsqueda con la esperanza de encontrar algún cuerpo más.

Y, como en el caso del que anteayer informábamos, un tripulante del “Océano Atlántico” se libró de la muerte por haberse quedado en tierra. Es el marino Manuel Rodríguez Rodríguez. Aquí está en la Coruña y hay que suponer que dando gracias a Dios por su suerte”.

El “Océano Atlántico” era ayer visible, aunque difícilmente, entre los peñascos de la Isla de Sálvora, extremo sur de la “Costa de la Muerte”, viejo y largo cementerio de tantos barcos tragados por este mar insaciable”

De novo o forte temporal e a cerrazón trouxeron a morte a esta Illa. O buque ía buscando un lugar de abrigo e, sen embargo, atopou a desgraza. Chama a atención que a Illa, sendo o ano 1966 estivera case deshabitada, pois segundo a crónica, só un habitante había ese día en Sálvora, que supoño sería o vixilante que o dono, Joaquín Otero Goyanes, tiña alí destinado.

Ao igual que no caso do <Azaña> un dos tripulantes que tiña que embarcar neste buque, non o fixo. Por dar unha nota de humor á noticia, dicir que, cando lle preguntaron cal fora o motivo para non embarcar no seu momento, dixo que esa noite se entretera moito coa súa noiva e non chegou a tempo para o embarque.

Poderíamos seguir contando anécdotas dos demais naufraxios acaecidos en Sálvora, pero deixámolo aquí para que se animen outros a investigar sobre estes desgraciados accidentes marítimos pero que, á vez, xunto ás propias illas e aos Faros costeiros, espertan un enorme interese.

ONDE COCIÑABAN OS MECOS, ALIAS O COCIÑADOIRO

Por: Fernando Cabeza Quiles

Onde Cocinaban os Mecos é o nome dun pequeno anaco de mar situado xunto á praia de Pereiró, na illa de Ons. No número 15 de *Aunios* dabamos dúas posibilidades para a explicación deste topónimo marítimo. A primeira era que fixese alusión a uns mariñeiros chamados mecos por seren do Grove, xa que, como é ben sabido, a palabra *meco* pode ser sinónimo de grovense, isto é, natural do Grove, de acordo coa coñecida lenda local do Meco do Grove, que produciu o adxectivo *meco* para referirse en clave festiva aos habitantes desa vila.



“Onde cocinaban os mecos”. Praia de Pereiró. Illa de Ons.


A outra posibilidade, agora para nós a máis verosímil, sería que o sintagma toponímico **Onde Cocinaban os Mecos** aludise, no canto de a uns mariñeiros mecos ou do Grove, ás desaparecidas embarcacións chamadas mecos, moi semellantes ás dornas, pero máis pequenas e sen temón, as cales, aínda que de probable inspiración grovense -de aí seguramente a súa denominación de mecos- eran utilizadas polos mariñeiros baleiros de Pontecesures e Padrón, os cales se trasladaban nos seus mecos dende o porto marítimo-fluvial de Pontecesures- Padrón ata diversos puntos da ría de Arousa, incluída a zona do Grove na procura de pesca. A este respecto, que quizais aínda permaneza no imaxinario dos cesureños e padroneses de máis idade, recolleemos de Piñeiro Ares que: “*Era costumbre que a los tres días de las fiestas del Carmen [de Cesures] saliesen [os baleiros nos seus mecos] para el mar [de Arousa] río abajo. Cada meco [cada embarcación así chamada] disparaba media docena de bombas al salir*”; noticia pola que albiscamos que, máis ca a mariñeiros mecos no sentido de grovenses, o sintagma toponímico **Onde Cocinaban os Mecos** se refira a grupos

das embarcacións chamadas mecos, que, tripuladas polos devanditos baleiros cesureños e/ou padroneses, cocinarian a bordo os seus alimentos (basicamente as súas capturas) ao abeiro da praia de Pereiró da illa de Ons, ata onde chegarían, baixando dende o porto fluvial de Pontecesures- Padrón polo río Ulla na procura de pesca; teoría que cobra forza á vista doutro topónimo grovense que así mesmo parece referirse á presenza de baleiros cesureño-padroneses. Referímonos ao hidrónimo **Porto dos Padroneses**, nome dunha cala situada na parroquia de San Martiño do Grove na que se resgardarían baleiros neste caso padroneses do barrio da Ponte, situado na marxe dereita do Ulla, os cales compartían cos seus veciños baleiros dos lugares de Porto e Cesures da marxe esquerda do río o mesmo tipo de embarcacións (fundamentalmente dornas e mecos) e rutas mariñeiras ata chegaren, baixando a remo polo Ulla, a augas arousás, incluídas as do Grove e a illa de Ons. A este respecto, recolleemos da magnífica obra de ficción “Iria”, do escritor Anxo Angueira, quen documenta esta a súa novela con informacións etnográficas reais, que: “Os baleiros de Porto [cesureños], da Ponte [padroneses], de Cesures e de Requeixo [cesureños] seguen baixando a remo [polo río Ulla] nas súas dornas de tope e de escarva, nos seus mecos”, sendo os mecos unha especie de dornas pequenas de escarva moi probablemente inspiradas ou/e traídas do Grove, de aí o seu nome, relacións e intercambios entre as vilas de Pontecesures (marxe pontevedresa do porto fluvial) e Padrón (marxe coruñesa) con O Grove que producirían os talasónimos grovenses **Onde Cocinaban os Mecos** e **Porto dos Padroneses**, alusivos a mariñeiros baleiros de ambas as marxes do porto fluvial Pontecesures- Padrón.

Decantámonos, pois, pola posibilidade de que o sintagma toponímico **Onde Cocinaban os Mecos** faga referencia a un anaco de mar calmo contiguo á illa de Ons onde tripulantes baleiros de Cesures e/ou Padrón cocinarian as súas caldeiradas a bordo das súas embarcacións, as cales serían mecos; operación culinaria practicada polos mariñeiros artesanais galegos que debeu producir tamén o topónimo marítimo **O Cocinadoiro** ou **O Cosiñadoiro**, situado sempre en zonas de mar próximas á costa máis ou menos resgardadas. A estes respecto, vellos mariñeiros de Muxía relatáronos nos anos oitenta do século pasado que de novos cocinaban a súa comida dentro das súas humildes embarcacións, utilizando unha pequena laxe ou pedra

plana sobre a que acendían un pequeno lume. Noticia pola que intuímos que o hidrónimo **Onde Cociñaban os Mecos** debe referirse a un anaco de mar illán onde fondeaban as súas barcas chamadas mecos os devanditos baleiros cesureños e/ou padroneses para cociñaren, posibilidade que se fai definitiva á vista do outro nome do anaco de mar denominado **Onde Cociñaban os Mecos**, que tamén recibe o nome de **O Cociñadoiro** ou, con seseo, **O Cociñadoiro**. Talasónimo que se repite ao longo da costa galega sinalando outros emprazamentos marítimos nos que os mariñeiros artesanais realizarían a mesma operación culinaria, a saber : **O Cociñadoiro**, espazo de mar situado a carón da illa de Onza, moi próximo, xa que logo, a **O Cociñadoiro**, alias **Onde Cociñaban os Mecos** da contigua illa de Ons. **Punta Cusiñadoiro**, situada na parroquia de Nemiña, concello coruñés de Muxía (lugar onde documentamos o costume dos mariñeiros faceren a súa comida a bordo das súas pequenas embarcacións). **O Cociñadoiro**, apelativo doutro anaco de mar do concello de Malpica. **O Cociñadoiro** e/ou **Punta do Cociñadoiro**, nome doutra paraxe marítima do concello así mesmo coruñés de Arteixo. Finalmente, na parroquia ferrolá de Covas, o escritor Henrique Dacosta documenta outra punta chamada **Cociñadoiro**, saínte costeiro que formará outro anaco de mar máis ou menos calmo no que os mariñeiros artesanais fondearían as súas pequenas embarcacións para cociñar os seus xantares sobre as devanditas pedras planas, tipo de laxes que se poden ver no Museo da Pesca e da Salga de Punta Moreiras, no Grove, e que se utilizarían nalgún dos devanditos lugares chamados **O Cociñadoiro**, preferentemente, dada a súa proximidade, en **O Cociñadoiro**, alias **Onde Cociñaban os Mecos**, da illa de Ons.

Outros sintagmas toponímicos documentados, como o de **Onde Cociñaban os Mecos**, na illa de Ons e noutros lugares costeiros do concello de Bueu, que empezan así mesmo polo adverbio de lugar “onde”, referidos a sucesos ocorridos no ou na beira do mar, preferentemente traxedias marítimas, son os de: **Onde Pousan os Galos**, cantil situado na costa oeste da illa de Ons . **Onde Caeu a Vaca**, nome dun cantil continental do concello de Bueu. **Onde Morreron os Homes**, nome doutro cantil emprazado na costa noroeste da illa de Ons . E **Onde Morreu Eduarda**, cantil do concello de Bueu.



Pedra planas, tipo de laxes, emprégadas para cociñar a bordo das embarcacións, que se poden ver no Museo da Pesca e da Salga de Punta Moreiras, no Grove.

BIBLIOGRAFÍA

- ANGUEIRA, A., 2012. *Iria*, Edicións Xerais, Vigo.
 CABEZA QUILES, F., 1992. *Os Nomes de lugar*, Edicións Xerais, Vigo.
 CABEZA QUILES, F., 2000. *Os nomes da terra*, Editorial Toxosoutos, Noia.
 CABEZA QUILES, F., 2008. *Toponimia de Galicia*, Editorial Galaxia, Vigo.
 CABEZA QUILES, F., 2010. “A hidronimia e a toponimia da illa de Ons. Parte leste: dende o peirao ao Alto do Vixía (II)”, en *Aunios*, núm. 15. Asociación Cultural Pineiróns. O Grove.
 PIÑEIRO ARES, J., 1972. *Historia de Puentecesures*, edición del autor.
 VV. AA. *Toponimia mariñeira do mar de Bueu. O Buraco do Inferno*, Confraría de Pescadores de San Martiño de Bueu.

COLABORA:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Manuel Parada Mascato

UN DÍA DE CARENA NO GROVE

Memorias de Manuel Parada Mascato

Por: Eduardo Parada e Manolo Parada
(Amigos da Dorna Meca)

No Grove, e supostamente en calquera porto das rías baixas, carenar as Dornas era todo un acontecemento que se realizaba todos os anos no mes de setembro, antes do longo inverno e previo a apertura da veda do rasto aproveitando os últimos días de bo tempo, especialmente cando o vento rolaba ó norte.

O carenado dunha Dorna era unha faena moi complexa. Para levala a cabo a parte de ter os coñecementos e certa práctica tiñas que ter moita destreza, ser habilidoso e moi rápido traballando; non todos os mariñeiros, patróns ou armadores, eran tan mañosos para levar a cabo o devandito labor.

Isto facía que nalgúns casos cando se dispuña a carenar, o oficiante non seguro de si mesmo pedíalle axuda a algún patrón esperto na materia. Dado que nestes casos tales servizos, naqueles tempos non eran remunerados, para conseguir que o veterano cedera á súa petición, este desfacíase en eloxios e loanzas para conseguir os seus favores.



No Corgo carenábanse moitas dornas

Como dixen ao principio, o carenado das dornas era todo un acontecemento, porque ademais da función de protección e estancado da Dorna, no intre de carenar, ademais do patrón ou armador a súa muller e algún fillo, tamén comparecían en torno ao pote cunha gran expectación outros mariñeiros e curiosos que se dispuñan a facer as críticas mais esixentes e negativas, sobre todo se o que carenaba non era moi adestrado ou era novato nesta tarefa. Nada que dicir ten se o proceso

non se levaba a cabo coa mais estrita e escrupulosa profesionalidade, conseguindo un acabado impecable libre de manchóns, o mais branca posible e a súa vez homoxénea e lisa (pulida).

Nunha praia como a de Peralto, con 50 ou 60 Dornas pendentes de carenar en dito mes o pote era en moitos casos quen marcaba os tempos; os poucos que había eran pedidos de favor, xa que non todos dispuñan dun propio. Se a Dorna era de mais de nove cuartas o pote xa llo había que pedir a algún estaleiro pois so eles tiñan un tan grande e en ambos casos a única condición era que este fora devolto en tal estado. Tamén había tabernas como era o caso de Casa Abel e a de Chapello que vendían os efectos navais necesarios para facer a carena e tiñan un pote para emprestar a quen lle fixera falta.

As ferramentas necesarias eran:

Un pote de ferro fundido, bispeiro ou rasgueiro, raspa de madeira, lata para o lume cunha vara facendo de mango, rasqueta de ferro, garafete, martelo e unha machada polo menos. O pote podía ser pequeno para Dornas ata nove cuartas e mais grande para dornas grandes tipo xeiteira de proa lanzada, o bispeiro facíase cunha vara de unha brazada aprox., (redonda normalmente) unhas fías de algodón (que tiñas que mercar en efectos navais) e se non facíase con tiras de trapo de lenzo forte (de 30 cm. de longo por 2,5 cm. de ancho aprox.) e arame ou cordel de cânabo ben forte. A vara refendíase en cruz por unha das puntas uns 12 cm., nesas fendas metíanse as tiras de lenzo ou fías de algodón, unha a un xeito e outra o outro cruzándoas e moi ben apertadas unhas tras outras ata encher as fendas e na punta da vara dábaselle uns cotes co arame ou co cordel de cânabo, se o pau rachaba debido á presión por baixo dábaselle outros cotes igual que na punta.

Tamén se facía a lata para o lume e a raspa de madeira. Esta última facíase cunha vara dun par de brazas á que se lle cravaba unha táboa afiada na punta a modo de espátula. A lata que normalmente era unha tapa de bidón ou unha tapa ou a lata do marmelo tamén se cravaba na punta dunha vara con cravos ben firme.

Os materiais necesarios eran:

Breu ou brea (viña fundido en barrís e había que arrincalo en pedras a base de cicel e martelo), xofre (vendíano en barras de 5 cm. de Ø), estopa e sebo (mellor si era de carneiro e senón de vaca). As cantidades eran. Para unha Dorna bichoca ou polbeira, 3 Kg de breu, 1 Kg e cuarto de xofre e tres cuartos de Kg de sebo. Para Dornas de 9 cuartas de popa chea (chamadas do Esperanseiro) as cantidades eran, 4 Kg de breu 1,5 Kg de xofre e 1 Kg de sebo. E para unha Dorna xeiteira ou rasqueira de mais de 12 cuartas, as cantidades eran na mesma proporción segundo as cuartas de quilla.

A brusca:

Antes de carenar había que darlle brusca á Dorna, e dicir tiñas que sacarlle a carena vella derreténdoa con lume. Isto facíase entre dous coa dorna calzada e á banda, un collía a vara coa lata e despois de enchela de paúlo ou faísca prendíalle lume e acercando a lata por debaixo da Dorna ía movendo de proa a popa, mentres que o compañeiro coa raspa ía raspando esa carena derretida que a súa vez caía na lata avivando o lume. Esta faena requiría unha total compenetración entre estes dous compañeiros que táboa a táboa en menos de nada deixaban a Dorna lista. Era moi importante a boa coordinación entre estas dúas persoas.

Volta quilla arriba:

Despois de darlle brusca á Dorna tiñamos que darlle a volta, manobra que no caso dunha Dorna polbeira faciámolo entre tres homes, utilizabamos mais a maña que a forza. A volta de quilla consistía en virar a Dorna erguendo a proa para volteala pivotando sobre a popa evitando que a remadoira apoiara no solo. Unha vez volteada calzábase de xeito que estas non apoiaran no chan á vez que se facía unha focha na area aloxando a proa, para non ter que calzar moi alto.

Mentres que para voltear unha xeiteira, a parte dos mariñeiros que se atopaban naquel intre na praia había que chamar xente polas tabernas. En este caso distribuíanse calzos polas bandas para repartir os pesos da embarcación.

A disposición para axudarse uns aos outros, naqueles tempos era total, cousa que desapareceu xunto coa carena, así como tamén desapareceu o **berro** que facían os mariñeiros no intre que volteaban ou botaban arriba os barcos, para facer a forza todos a un tempo que era: e levo, e levo, e levo, e levo

Unha vez dada volta á Dorna, coa rasqueta había que limpar os restos de carena vella das enxivas

ou escarvas e xuntas que necesitaran ser calafateadas ata deixar a madeira limpa. Logo con estopa e brea quente a ferver ías calafateando e metendo feltros (estopa enchoupada en brea quente) en faltas de madeira ou algún nó que tivese caído dalgunha táboa. Unha vez colocado o feltro, (manobra que se facía cun ferro quente), antes de que arrefriara, había que apalpalo coas mans molladas en auga e apertalo ben. No caso do nó, ou que a falla de madeira fixera burato había que traballalo polas dúas caras, manobra que normalmente participaban os rapaces facendo presión dende o interior da Dorna.



José "O Niñón" axudado polo seu sobriño Manolo.

Cocer a carena:

Antes de facer a carena e unha vez revisado que dispomos das ferramentas e materiais necesarios antes citados, temos que asegurarnos de contar con leña boa e suficiente que estea ben seca e teña un tamaño adecuado. O primeiro que metemos no pote é a brea que temos en po e cachos pequenos. Se o resto eran cachos grandes rompíanse unha parte para botar no pote, pero sempre tiñas que deixar dúas pedras enteiras, unha grande e outra máis pequena (se cho vendían moi desfeito sempre tiñas que pedirle esas dúas pedras) para conquistar que a cocción fora lenta e non se queimara a mestura. A barra de xofre tamén se rompía en cachos, pero deixabas enteira unha pedra de 5 cm. de longo aprox. O sebo de $\frac{3}{4}$ de kg botabas $\frac{1}{2}$ e deixabas $\frac{1}{4}$ para ir botando na medida que se necesitara.

Lume ao pote, bastante lume, ata que haxa máis líquido que sólido e empezara a ferver, ese era o momento de irlle baixando a intensidade o lume. As partes sólidas pegábanse todas nun bloque que quedaba no centro do pote, non se lle tocaba ata que este fora moi pequeno, momento no que se botaba a pedra grande de breu e a de xofre. Tamén se metía un pau

A estas fendas faille falta uns bos feltros.



para ir remexendo e de vez en cando ías comprobando se a carena branquexaba sacando o pau e deixando arrefriar. Se non era así, deixábalas seguir cocendo e en canto vías que empezaba a branquexar xa metías o bispeiro facéndoo xirar fregando o mango entre as mans para que se empapara. Íalo sacando e metendo no pote e remexe que remexe, en canto vías o pau do bispeiro que secaba en branco xa tiñas o caldo feito, ese era o momento para empezar a carenar.

Encruallarse a carena:

Como podedes imaxinar, esta tarefa non era ciencia certa e pouco menos era pan comido. Quero dicir que non por seguir os pasos ao pé da letra do que eu indico che vai a saír ben á primeira, pois hai moitos factores a ter en conta e calquera despiste pódete xogar unha mala faena. A carena podíase encruallar ou escurecer entre outros polos seguintes motivos: Si se che arrefriaba a carena e espesaba moito a pesar de recuperala con mais lume, por falta de xofre, pero sobre todo non podía faltar a pedra de breu, non é que tiveras que botarlle as dúas que gardaras, se non que non podía faltar brea sólida en todo o proceso. O sebo e mailo xofre gardábanse pola mesma razón, se tiña moito lume subía a carena, botaba por fóra e perdíase, intentabas evitalo retirando o lume e sacando e metendo o bispeiro no pote ou botando unha pedra de granito que roubara calor, esta pedra tiña que ser


redonda ou ovalada para que ao remexer rodara polo fondo do pote e axudara a desfacer os sólidos. Estas entre outras cousas, facían que as críticas dos curiosos alí congregados foran constantes e cando algo de isto pasaba, con moita sorna dicían, “boh xa cho dicía eu” ou “eu xa o sabía”. Pola contra cando as cousas saían ben había algunha gabanza, pero sobre todo reinaba un silencio absoluto.

Carenar a dorna:

Empezábase sempre polas xuntas das táboas da quilla, por exemplo; primeiro pasabas o bispeiro a un xeito pola xunta entre a quilla e a táboa da quilla, da metade para a proa e a seguinte pasada dábala da proa á metade da Dorna pola xunta entre a táboa da quilla e a táboa de virar e logo dábase polo medio da táboa ata cubrila e así dese xeito ías dando cara á proa coa mesma ansia sen parar ata acabar a banda, tendo en conta sempre que as primeiras pasadas cando o bispeiro ten a carena ben quente dáse nas xuntas das táboas.

Mentres o mariñeiro carenaba, outra persoa, que normalmente era a muller, tiña que coidar do lume e de que no pote quedaba a pedra de breu, remexendo e tocándoa co pau de vez en cando, se esta era pequena e faltaba bastante por carenar tiña que botarlle a outra que quedaba.

Cesáreo, na illa de Ons, calafateando a súa dorna.



MAQUIEIRA
PESCA DEPORTIVA

Paseo de Colón, 5
Teléf.: 986 851 814

Nueva Tienda
PONTEVEDRA



Ao carenar polo lado contrario a onde estaba o pote, había a dificultade engadida de que tiñas que bordear a Dorna correndo para que non che arrefriara a carena do bispeiro. Nalgúns casos había quen facía outra fogueira polo outro lado da Dorna e ao rematar unha banda, entre dous cambiábanlle o pote coa carena espetando unha acha de leña en cada asa. Esta manobra facíase sempre nas dornas xeiteiras ou rasqueiras polo seu maior tamaño.



Faena de carenado en Lordelo

Tamén había que ter en conta que a menos carena no pote, menos lume. Tiñas que ter coidado non tocar co bispeiro onde houbera piche e tamén coidar que non se che queimara a carena, pois nestes dous casos o carenado quedábache gris ou castaño, feito que era moi mal visto polos observadores críticos.

Ao rematar, se non manchabas o bispeiro de piche, coas mans untadas con sebo tiñas que apertalo e deixalo coma unha pelota e rapidamente recubrías con mais sebo. Este bispeiro, a partir deste intre, cambiaba de nome e pasaba a chamarse o rasgueiro e valía para carenar outra dorna ese mesmo ano ou podía quedar para carenar no ano seguinte. Tamén se utilizaba moito para reparar algunha falta que aparecera durante o ano ou se tiñas algunha acometida, tamén era moi probable que alguén che viñera dicindo: non terás por aí un rasgueiro para reparar unha falta?.

Unha vez rematada a faena coa Dorna aínda quilla arriba e xa fría, só quedaba facer o corte (liña de flotación) con piche. Este sempre era tema de discusión e recibía as mais duras críticas: que se esta moi alto, que si baixo, ese corte vai moi torto ou que si mais baixo de couso que de arca. Tense dado o caso no que o autor enfadado contestáballe dicindo, “toma, colle a brocha e faino ti”

Mestres:


Quero recordar a meu sogro, o armador e patrón Sr. Manuel Costa Prieto. A súa profesionalidade e bo facer nesta e noutras tarefas mariñeiras facía que naquela (hoxe desaparecida) praia de Peralto, moitos patróns e mariñeiros solicitaban e recibían a axuda que el desinteresadamente prestaba. Foron moitos os que el ensinou e moitos mais os que rodeaban a súa Dorna xeiteira a "España" ou logo a "Fuxe" (polbeira) cando el carenaba ou afoliaba, iso si, para ver, oír e calar.

Tamén quero mencionar casos como por exemplo Sr. Manuel Prol Costa “O Raposo” tamén coñecido como “O Artista” a quen a súa profesionalidade e habilidade permitíanlle facer un bo carenado a pesar de que as críticas eran continuas e á súa vez contraditorias durante todo o proceso, xa que o propósito era atribulalo e pólo nervioso. Uns dicíanlle “Raposo, ese pote ten moito lume, ou que si pouco”, outros “córrela mais, esta táboa ten una falta, váiseche a queimar a carena, iso estache arrefriando moito”. Pero a súa pamplina e bo humor permitíanlle ademais de non facer caso dos comentarios, non só realizar un traballo ben feito senón que o adornaba cuns bos grolos de viño. En cada cambio de manobra bota vai e bota vén, que se lle arrimo un pouco o lume que si llo retiro un pouquiño, mentres remexo no pote vai un traguíño de viño. Xa nas derradeiras pasadas de bispeiro atrevíase a largar este polo aire e, dando voltas, collelo con bo xeito e mollalo de novo no pote. Logo, antes da seguinte chumbada, pasábao dando voltas arredor da súa cintura facendo malabares e conseguindo arrincar os aplausos do numeroso público alí presente.

O curioso é que una vez rematada a faena quedaba moi ben carenada a Dorna e el cunha boa carena.



A España sobre calzos secando para dar brusea e carenar



TURISMO DE FRONTEIRA COMO FACTOR POTENCIAL DE DESENVOLVEMENTO: USOS CONXUNTOS DO RÍO MIÑO

Por: Xulio X. Pardellas

1. INTRODUCCIÓN: ITINERARIOS CULTURAIS E FRONTEIRA

O artigo céntrase na análise do sector turístico na área fronteiriza do río Miño, co obxectivo específico de coñecer a situación da actividade turística e presentar propostas de mellora, o que en realidade implica elaborar un modelo de valoración dos seus elementos. O primeiro diagnóstico foi moi concluínte: tanto os recursos naturais, como a cultura e o patrimonio histórico, constituían un conxunto común integrado polos municipios galegos e portugueses do río, probablemente unha das áreas da fronteira entre España e Portugal con máis elementos comúns, que compartiron conflitos bélicos e relacións sociais e económicas ao longo de cinco séculos.

Desde esa perspectiva, é importante destacar que o noso obxectivo na análise do territorio se orienta a unha interpretación espacial dos problemas do desenvolvemento, mesmo considerando ao territorio non como a base física das actividades económicas, senón como un recurso endógeno máis (VÁZQUEZ BARQUEIRO, 1999). Podemos encontrar na literatura científica un certo número de referencias nas que se intenta vincular o turismo ao planeamento local, sobre todo en áreas rurais (SWARBROOKE, 1999; ROBERTS e HALL, 2001), e con especial énfase na sustentabilidade e na necesidade de integrar o turismo nos sistemas produtivos locais (RYAN, 1999), o que significa establecer unha interrelación territorio-recursos, buscando externalidades positivas.

En todo caso, os itinerarios culturais representan un cambio cualitativo da noción de conservación e uso do patrimonio, e desde a década dos 90 foi ampliándose a noción de monumento na súa consideración como obra illada do seu contexto, introducindo centros, barrios, poboacións históricas e paisaxe cultural como categorías patrimoniais, e algo semellante sucedeu con respecto á súa consideración como recurso económico dun determinado lugar ou conxunto de lugares.

O debate conceptual abriuse xustamente logo da declaración pola UNESCO do Camiño de Santiago como Patrimonio da Humanidade en 1993. Non todo o mundo científico aceptou de bo grado esa disposición e varios membros do International Council on Monuments and Sites (ICOMOS), manifestaron outras opinións, non totalmente contrarias, pero si orientadas a establecer un corpo de conceptos unívocos e ben definidos cara ao uso futuro do patrimonio.

Dentro desa idea, CAMPESINO (2004: 53) expón que “os equipamentos culturais son contemplados hoxe como elementos de vertebración urbana e de integración social”. Por outra banda, GRANDE IBARRA, (2001), defendía tamén con claridade a relación entre patrimonio e turismo cultural. Para este autor, o turismo cultural é unha oferta emerxente que dispón dun notable potencial e en consecuencia, debe elaborarse unha política orientada ao seu desenvolvemento, que entre outros aspectos ha de considerar a mellora, a sinalización dos accesos ao patrimonio, unha adecuada información e en especial, implicar en todo iso ao sector empresarial turístico, a fin de asegurar a rendibilidade da súa xestión e o interese de todos na súa conservación. A súa proposta sobre rutas temáticas contemplaba o aproveitamento de sinerxías entre os diferentes recursos e servizos da oferta, apuntando de modo aínda elemental a relevancia da cooperación horizontal entre empresas para o máximo proveito económico no patrimonio nas contornas locais.

En certa medida, o debate foi resolto de novo polo ICOMOS, que en 2008, na súa 16ª Asemblea Xeral, ratificou a *Carta de Itinerarios Culturais*, onde logo de facer fincapé neste concepto como un conxunto de valor patrimonial superior á suma dos elementos que o integran e de definir a súa contorna caracterizada por factores naturais, históricos e culturais, destaca que un Itinerario Cultural “pode servir para promover actividades turísticas, cun interese social e económico de extraordinaria importancia para o seu desenvolvemento estable” (punto 4. Relación coa actividade turística).

2. ALGÚNS RECURSOS QUE CONFIGURAN O USO CONXUNTO DA ÁREA

Centrándonos na denominada raia húmida (fronteira marcada polo río Miño), o territorio aparece configurado por 9 municipios na marxe española (A Guarda, O Rosal, Tomiño, Tui, Salvaterra de Miño, Salceda de Caselas, As Neves, Arbo e Crecente) e outros 4 na marxe portuguesa (Caminha, Valença do Minho, Monção e Melgaço), que definen un espazo común onde destacaremos e analizaremos o uso conxunto e máis a necesidade da cooperación transfronteiriza (DOMINGUEZ, 2008).

Con respecto aos recursos turísticos máis relevantes na área de estudo, destaca o notable peso dos histórico-etnográficos (un 44% do total), o que é indicativo do valor cultural desta fronteira, onde se conservan as pegadas deixadas pola relación entre os pobos nas dúas marxes do río, de conflito bélico nuns casos (fortalezas) e de cooperación noutros (muíños, pesqueiras). A natureza é igualmente valiosa, pero sen xogar un papel fundamental neste territorio, fóra do propio río, que constitúe o recurso básico e omnipresente nesta fronteira, con elementos de especial singularidade, como é o caso do estuario-desembocadura, cunha flora e riqueza faunística excepcionais en todo o occidente da península.

Do total dos recursos turísticos citados, foron seleccionados un grupo de tres, que polas súas características relativamente homoxéneas en ambas marxes do río, permitirían configurar un modelo de uso conxunto, identificando o concepto de turismo de fronteira e mostrando un maior potencial como factores de desenvolvemento, tanto a escala estritamente local nuns casos, como agregada en todo o territorio.

O primeiro grupo, estuario e desembocadura do río Miño, é, como xa se apuntou, un dos de maior singularidade e que mellor identifica a este territorio. A súa extensión xeográfica abarcaría o espazo ribeiro dos municipios de A Guarda e O Rosal en Galicia e o de Caminha en Portugal, aínda que os *humedais* e as zonas de observación de aves aparecen situados na marxe dereita, isto é, en territorio español.

Os accesos por estrada están ben, tanto no lado galego, coma no portugués, pero a súa explotación turística é moi deficiente e, de feito, este destino apenas é coñecido en ambientes especializados (watching birds, por exemplo, non o cita na súa web). Tampouco están sinalizadas as rutas desde os centros urbanos e soamente preguntando na oficina de turismo de A Guarda pode recibirse información sobre as visitas guiadas ao *humedal* e marismas próximas.

Desembocadura do río Miño entre Caminha e A Guarda.



Con todo, os dous municipios con litoral, A Guarda e Caminha, posúen areas con arboredo e son destinos de sol e praia ben coñecidos, cunha demanda estable nos meses de tempada. Iso significa un importante mercado secundario (SUCH et al, 2012), para a eventual oferta de produtos relacionados co río, en especial se temos en conta a súa navegabilidade en máis de 30 km. (de feito, hai xa unha empresa que ofrece viaxes en barco, pero de forma moi limitada desde Tui). En calquera caso, as diversas opcións de oferta turística que permite o río como recurso xenérico terían un maior atractivo se fosen elaborados e ofertados de modo conxunto como itinerarios de fronteira, coa posibilidade de presentar rutas circulatorias aproveitando as catro pontes internacionais de facilitan o paso indistinto cara a unha marxe ou outra en cada caso.

Os mercados potenciais afectarían igualmente a diversos segmentos de demanda, tanto aos interesados pola natureza e o turismo activo de forma xeral, como



Hemicar, S.L.

Pintura al horno
Bancada de Carrocería



TALLERES

HEMICAR, S.L.


CHAPA - PINTURA - MECÁNICA

Avda. Médico Ballina, 5
LÉREZ -PONTEVEDRA

Teléf.: 986 870 045
Móvil: 689 300 438
Particular: 986 852 525

aos que enfocan a súa principal motivación cara á observación de aves (o que supoñería demanda fóra de tempada), ou ben ao coñecemento de espazos protexidos. Como dato complementario, pode apuntarse que no último estudo publicado pola Xunta sobre os trazos dos turistas que acudiron a Galicia en 2009 (TURGALICIA, 2010), aparecía un 32% de interesados nas reservas naturais e algo máis dun 20% identificábase con viaxes multidestino, pasando a noite en varios lugares dun itinerario.

O segundo grupo, as pesqueiras de Arbo-Melgaço, constitúen unha oferta puntual pero notablemente singular, posto que se trata de construcións romanas únicas e nun estado de conservación aceptable, que nos mostran a importancia económica que tivo a pesca da lamprea en todo o val do río ata ben entrado o s. XVIII.



Pesqueiras de Lamprea en Arbo.

Tendo en conta que no mes de marzo se celebra a festa gastronómica da lamprea en Arbo e que xa existe (aínda que pouco coñecido e promovido) un Centro de Interpretación neste municipio, a proposta oriéntase a mellorar a explotación turística deste recurso cunha ruta guiada e recreacións históricas da súa utilización. O seu mercado potencial afectaría sobre todo aos segmentos de demanda interesados pola etnografía e a natureza (neste percorrido o río Miño presenta formas e meandros espectaculares), mentres que o impacto económico deriva do seu atractivo por completo fóra de estación, cunha distribución descentralizada por todo o municipio, que sería aproveitado polo seu numericamente importante equipamento de restauración e de casas de turismo rural.

O terceiro grupo, a ruta das fortalezas, é tamén clara mostra dun potencial turístico infrautilizado, que permitiría por unha banda a recuperación do patrimonio monumental fronteirizo (moi deteriorado, aínda que

con relevantes actuacións puntuais de rehabilitación nos últimos anos) e doutra banda, a identificación das comunidades humanas veciñas coa súa historia e a súa cultura, incrementando e consolidando así o valor social dese patrimonio.

Das primeiras fortalezas desde a desembocadura do río, no enfrontamento xeográfico de Caminha e A Guarda, só está ben conservada a portuguesa, mentres que na Guarda hai dous fortes rehabilitados para usos municipais e algúns restos da principal muralla defensiva. Moito peor é o caso de Vilanova-Goián, coa muralla rehabilitada para unha instalación hoteleira no lado portugués e unha fortaleza, ata fai uns poucos anos abandonada, en Goián, que agora mostra o interior limpo de maleza, cunha actuación museística na ribeira do río, moi contestada socialmente.

Seguindo río arriba, de novo atopamos unha visible asimetría en Valença-Tui, con varias actuacións de rehabilitación no lado portugués, financiadas con fondos europeos e pola contra, unha perda case total do recinto amurallado en Tui, onde quedan algúns restos de muralla na parte antiga da cidade e desde logo, a catedral coas súas ameas, recordo histórico do baluarte militar que a rodeaba.

O uso social (como recinto para festas) do interior da fortaleza de Salvaterra salvouna seguramente da súa desaparición, manténdose ben conservados os seus muros, mentres que en Monção, observamos coma no caso anterior, diversas actuacións de rehabilitación e un uso urbanístico interno razoablemente respectuoso co conxunto abaluartado militar. Non queda moito no municipio máis oriental da marxe galega, apenas a torre da homenaxe por completo abandonada, como resto da fortaleza de Crecente, mentres que en fronte, en Melgaço, a muralla coa súa torre da homenaxe, están ben recuperadas e con parques de xogos infantís na súa veciñanza, o que semella un obxectivo de identificar a propia historia xa desde nenos.



Castelo de Melgaço. Portugal

A información sobre todas as fortalezas é escasa e puntual e unha oferta conxunta implicaría unha sinalización adecuada e máis cooperación transfronteiriza entre as administracións de ámbolos dous países, dado que se trata de bens patrimoniais dos Estados. O seu mercado potencial afectaría a diversos segmentos de demanda, desde os interesados pola natureza aos que están máis motivados pola historia. Un itinerario conxunto pode integrar actuacións de recreación histórica e un centro de interpretación, polo que o impacto económico incrementaría o seu efecto multiplicador. Para estes dous proxectos o único (pero nada desprezable) problema sería o acordo conxunto de situación (PARDELLAS, 2014).

3. CONCLUSIONES

O territorio fronteirizo delimitado polo río Miño entre Galicia e o Norte de Portugal comparte un singular patrimonio natural e histórico, con algunhas ofertas moi puntuais e un notable potencial turístico que permite configurar un destino conxunto cun alto grado de complementariedade.

Os seus recursos máis relevantes están na categoría dos histórico-etnográficos (un 44% do total), o que é indicativo do valor cultural desta fronteira. A natureza é igualmente valiosa, centrando no río o seu papel fundamental, que constitúe o recurso básico nesta fronteira. Agregadamente, pode destacarse a existencia de case un centenar de pazos nos 9 municipios galegos da área de estudo e aínda que só 3 foron transformados en oferta de turismo rural, de feito, constitúen unha parte moi relevante do seu potencial turístico no aspecto de equipamentos singulares.

Tendo en conta que o destino inclúe un territorio fronteirizo que pertence a dous países, este modelo de análise propón implicitamente unha reflexión ás administracións galega e portuguesa sobre o futuro da actividade turística desde a óptica dunha necesaria reformulación territorial, o que implica a vertebración social, económica e territorial da eurorrexión e constitúe un desafío da maior importancia ao que non pode ser alleo o mundo científico.

4. REFERENCIA BIBLIOGRÁFICAS


- CAMPESINO, A (2004) “La revitalización patrimonial con fines turístico-culturales” in Pardellas, X. (dir) *Potencial turístico de territorios periféricos*. Serv. Pub. UVigo, pp 51-75
- DOMINGUEZ, L (2008) *A cooperação transfronteiriza entre Portugal e Espanha*. Ed. Eixo Atlántico. Vigo, pp 340
- GRANDE, J. (2001): “Las rutas temáticas. Una estrategia en la producción de turismo cultural”. *Actas del Congreso Internacional de Itinerarios Culturales, vol I*. Madrid: Ed. Sec. de Estado de Cultura. Ministerio de Cultura, pp 109-121
- PARDELLAS, X (2014) “Patrimonio e itinerarios culturales en la raya gallego-portuguesa in Campesino, A (dir) *Turismo de frontera II*. Ed. CopeGraf. Cáceres, pp 241-261
- ROBERTS, L Y HALL, D (2001) *Rural Tourism and Recreation*. CABI Publishing. Oxon
- RYAN, C (1999) “Issues of sustainability in tourism”. *Tourism Management n° 20*, pp 177-192
- SUCH, P et al (2012) “Los espacios naturales protegidos en los procesos de reestructuración y renovación de destinos turísticos maduros en el litoral español” in Vera, F y Rodríguez, I (eds) *Renovación y reestructuración de destinos turísticos en áreas costeras*. Serv. Pub. Univ Valencia, pp 347-375
- SWARBROOKE, J., HORNER, S.(1999) *Consumer Behavior in Tourism*. Oxford: Butterworth Heinemann, pp 452
- VAZQUEZ BARQUERO, A.(1999) *Desarrollo, redes e innovación. Lecciones sobre desarrollo endógeno*. Ed. Pirámide. Madrid, pp 260

Fontes de Datos

- TURGALICIA. *Datos estadísticos. 2010*. Xunta de Galicia. Santiago
- WEBS municipales

Castelo da Insua. Desembocadura do Miño entre Caminha e A Guarda.






OS PASEOS DO GROVE

Por: José Taboada García

O paseo máis importante do Grove é o vulgarmente coñecido como o “Paseo do Colesterol”. Atópase na Lanzada paralelo á praia e feito de táboas. Debido ao éxito que tivo, alongouse cara a San Vicente.

“Paseo do Colesterol” na Lanzada



Este paseo é a diario usado por Camilo, un veciño do municipio que xa pasa dos noventa, ao que a cheminea funciónalle moi ben, debe ser porque a leva sempre protexida por unha gorra vasca. As pernas xa é outra historia, e para andar axúdase dun bastón.

Todo empezou cando a filla máis nova se empeñou en que tiña que ir ao médico.

- Papá, tes que ir ao médico!
- Para que vou ir, se non me doe nada.
- Ben, nunca se sabe, pero mellor é que vaias!

E así, un día e outro e outro, ata que o vello foi a ver ao Galeno.

O médico mandouno sentar e preguntoulle que tiña, ao que lle respondeu que non tiña nada, que todo era cousa da filla que se empeñara que tiña que ir á consulta.

- Algo terá? – Dixo o médico.
- Si, teño o mal dos anos e vostede sabe que para iso non hai pastillas.
- Cantos anos ten?
- Moitos!
- Moitos, cantos son?
- Non lle sei, para iso non fai falta levar a conta, non se perde ningún.
- Vamos a ver a tensión – dixo o doutor esbozando un sorriso. Está un pouco alta! Vai tomar unha pastilla destas ao día e andar unha hora ou dúas.

Como cambiou o conto! Antes ía un vello ao médico e mandáballe repouso, vida tranquila, un paseíño, non excederse,... Agora ponos a andar xa de mañá, así o vello chega a casa canso, come, durme e afórrase unha consulta.

Camilo aínda recibe piropos dos veciños:

- Con noventa e ten todo o sentido! – Di María, “A Xarda”
- Se os ten é porque non o gastou! – Respóndelle Maruxa “A Lercha”.



A Ponte da Toxa. O Grove.

Cando se atopa con Moncho nos bancos do concello, sempre mantén conversas dos vellos tempos:

- Lémbreste cando eramos novos, e despois de vir do amor de pago, aínda cumpríamos na casa. E agora nada! - Dille Moncho.

- Serás ti, pois eu lárrolle dous diarios.

- Dous diarios!!!

- Si, Diario de Pontevedra e Diario de Arousa, e o As pola parte de atrás.

Con quen se leva ben é con Samuel, o neto, que anda polos vintedous anos. A Samuel comproulle un coche e, como é aínda algo agradecido, lévao a pasear. Ben, o de levalo é un dicir, sóltao no "Paseo do Colesterol" e ao cabo dunha hora, máis ou menos, vaino buscar.



Gran Hotel da Toxa. O Grove

Ata que un día non o puido levar porque tiña vez para o dentista e deixouno na entrada da ponte da Toxa. Quedou de recollelo pasada unha hora ou dúas.

Cando ía chegando ao Gran Hotel xa non camiñaba só, diante del ía un cadelucho con collar.

Un can que non sei de que raza é. Noméano por barrios, para os cataláns son "lulús", para os de Madrid "perritos falderos" e para os de Forcarei "lambekonas".

Logo apareceu un Rolls Royce de cor negro que de limpo e relucente que estaba, parecía que acababa de saír da fábrica. Ao volante ía o *choufer* con viseira azul, pantalón e garabata da mesma cor e camisa azul Celta. Ao lado do condutor un con traxe negro, pelo rapado, gafas de sol e cara de mala hostia. No asento de atrás ía un cincuentón con camisa de marca, reloxo de ouro, pelo gris e barriga cervexeira. Ao seu lado unha moza de longo cabelo louro, camisa medio aberta que amosaba o canal e a saia curta, tan curta, que case se lle miraba a matrícula. A secretaria. Eu non sei porque os ricos sempre buscan secretarias *cachondas* pois para ese traballo valíalle o mesmo unha fea.

Cando o coche pasou á altura do vello, o cadelucho cruzou e o Rolls pasoulle por encima quedando só unha pel peluda.

Mandou parar o coche, baixouse o cincuentón, meteu a man no peto, sacou mil euros, alongou o brazo cara a Camilo ao mesmo tempo que dicía, en acento estranxeiro:

- O que!

O vello non dixo nin si nin non, ao mesmo tempo que collía os cartos e os gardaba.

Cando o coche xa se fora dixo:

- O dono así, non sei se

o coñecerá!

Un portugués que pasaba por alí dixo que o can era de plástico.

Dende ese día, Camilo, xa non quixo volver máis ao "Paseo do Colesterol". Dille ao neto que o leve sempre ao "Paseo dos Ricos".


OS VALORES ETNOGRÁFICOS DENTRO DO PROGRAMA DE USO PÚBLICO DO PARQUE NACIONAL MARÍTIMO TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA

Por: Guías do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia

Os espazos naturais e os seus valores culturais

Na segunda metade do século XIX empezaron a crearse os primeiros espazos naturais protexidos cunha concepción similar á que temos hoxe en día destas áreas, aínda que máis motivados naquela época polos aspectos estéticos dos mesmos e pola súa utilidade como lugar de lecer da poboación que por outros criterios máis científicos e de protección de ecosistemas que na actualidade xogan un papel importante na declaración de espazos protexidos. En todo caso xa nese momento as áreas protexidas nacen como reacción fronte a un modelo de desenvolvemento que deixaba cada vez menos espazos intocados e menos natureza virxe e como necesidade de preservar aqueles espazos aínda “verdes”, cun grao aceptable de conservación e de naturalidade.

A pesar desta pretensión, a realidade é que resulta extremadamente difícil atopar lugares que estean na actualidade e que estiveran ao longo da historia completamente libres da acción antrópica, sobre todo se nos referimos a contextos como o europeo onde o territorio ten sido profundamente transformado durante séculos ou milleiros de anos. Unha acción antrópica que non só (ou non sempre) destruíu ou deteriorou ecosistemas, senón que tamén soubo nalgúns zonas empregar os recursos naturais de formas sostibles, modificando as paisaxes orixinais nunha co-evolución do ser humano e a natureza para dar lugar a espazos de gran valor tanto dende un punto de vista estético como dende a biodiversidade que acollen. Unha acción antrópica que tamén deixou as súas pegadas nos espazos naturais en forma de cultura no senso máis amplo da palabra: en edificacións adaptadas e integradas na contorna que os seus poboadores empregaron ou aínda empregan;



A creación dos primeiros espazos protexidos buscaba a conservación de lugares cun alto grao de naturalidade, libres da acción do ser humano.

e aínda con máis razón, a xestión do espazo protexido debe telos en conta, non para eliminalos senón para regulalos e buscar a súa integración, asegurando así a conservación tanto dos valores naturais como destoutros valores que se revelan esenciais pero que habitualmente non se recoñecen máis que como secundarios.

O uso público dun espazo protexido defínese como o conxunto de programas, servizos, actividades e equipamentos que a administración do espazo debe prover, independentemente de quen os xestione, para achegar aos visitantes os valores naturais e culturais do lugar de forma ordenada e segura e garantindo a conservación, a comprensión e o aprecio por eses valores a través da información, a educación e a interpretación. Así, a propia definición de uso público establece que non só se debe ter en conta a parte natural senón tamén a cultural, pensando na divulgación e tamén na conservación. Ademais, a historia e costumes das poboacións dos espazos resultan un dos aspectos máis relevantes para o público, que a través do seu coñecemento pode apreciarlos e sentirse chamado a implicarse dun xeito activo na protección das illas e os seus valores.

nos coñecementos que se atopan detrás dos modos de vida tradicionais adaptados ás condicións do medio e aos recursos dispoñibles; en lendas, mitos e cantigas que se relacionan co lugar no que foron creados e a súa historia... feitos culturais e polo tanto humanos, pero que contribúen a darlle valor e forman parte indisoluble deses espazos naturais, protexidos ou non, nos que se atopan.

Tendo en conta isto, parecería claro que cando se declara un espazo natural protexido e se recoñecen os seus valores, non só deberían tomarse en consideración os naturais senón tamén os culturais e en concreto os etnoográficos, xa que forman parte do lugar e da súa historia, da paisaxe que vemos e da súa evolución, axudándonos a entender por que o lugar chegou a ser como é. A propia definición legal de Parque Nacional especifica que estes son espazos naturais de alto valor ecolóxico e cultural. Polo tanto, os valores etnoográficos deberían incorporarse tamén nos criterios de xestión, como elementos do pasado a coñecer e a conservar, mais tamén como elementos ás veces imprescindibles para lograr a conservación de elementos como a biodiversidade e a paisaxe. Incluso nos casos nos que os modos de vida tradicionais poidan entrar en conflito coa conservación dos valores naturais do espazo,

Os valores etnográficos no Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia

Para todos aqueles que coñecen a realidade do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia e incluso para aqueles que visitan as illas por primeira vez, esta importancia dos valores etnográficos e culturais faise obvia. Todos os arquipélagos do Parque Nacional estiveron habitados polo menos ata o século XX, e as súas poboacións contribuíron a facer das illas o lugar que hoxe coñecemos e conservamos. Entre os elementos que máis atraen a atención dos visitantes nas illas atópanse non só os puramente naturais, senón tamén outros como as construcións que foron quedando nas illas como testemuña das diversas épocas e dos sucesos históricos acontecidos, a paisaxe natural pero que sobre todo en illas como Ons ou Cortegada amosa claramente os sinais do seu modelado tamén polas persoas que viviron alí, as lendas e historias asociadas a distintos lugares das illas, a riqueza de topónimos... e por suposto a existencia na actualidade dunha pequena poboación estable na illa de Ons, cunha cultura tradicional aínda viva e moi marcada, tanto no seu desenvolvemento como na súa supervivencia, polas condicións de vida e o illamento que impuxo o mar.

As estratexias e as actividades de uso público planificadas e realizadas dende o Parque Nacional, como non podía ser doutra maneira, teñen en conta esta realidade no seu ámbito de actividade e inclúen os elementos culturais e etnográficos dentro dos valores a divulgar para lograr un maior coñecemento e aprecio dos mesmos, incluíndoos nos contidos tratados nas rutas, folletos e outros materiais e actividades do Parque. Tamén ao longo dos anos tense procedido á rehabilitación ou consolidación de distintas edificacións e estruturas para incluílos nas rutas e nas actividades do Parque Nacional e así posibilitar ou mellorar o seu uso e coñecemento por todos os visitantes.

Cando o Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia foi declarado no ano 2002, os primeiros esforzos en canto a materiais e actividades de uso público centráronse en contidos de tipo máis xeral, por considerarse nese momento da historia do espazo protexido os máis básicos e necesarios para divulgar os valores do Parque Nacional e a súa importancia entre a poboación e os visitantes que querían achegarse a coñecer dunha forma xeral ás illas e os seus elementos de interese. Así os elementos etnográficos e culturais aparecían incorporados nestes materiais e actividades de temática xeral, pero dunha forma algo secundaria ou conxuntamente co resto de temas. Tentábase que os visitantes, tras realizar unha ruta ou ler un folleto puidesen ter unha idea máis ou menos global das illas, cos seus ecosistemas principais, as especies de flora e fauna máis representativas, a súa historia, etc. Por exemplo as rutas guiadas que se comezaron a facer en Cíes e Ons neste período, ou a ruta autoguiada pola illa de Cortegada, tratan polo menos nalgunha das paradas sobre a historia das illas, a arquitectura tradicional ou os coñecementos populares, ao tempo que nestas mesmas rutas trátanse tamén contidos sobre flora, fauna ou ecosistemas.

Co paso do tempo a tendencia natural, apoiada neste caso polas demandas dos visitantes, foi ir ideando e realizando actividades, materiais e incluso equipamentos centrados nunha temática concreta, que á vez que complementan os contidos xerais, permiten profundar noutros aspectos que poden resultar de interese para os visitantes. Para a elección dos diferentes temas tense en conta as suxestións reflectidas nas enquisas de opinión que o equipo de UP fai de xeito periódico. Neste proceso de diversificación temática, foron aparecendo materiais e actividades enfocados por exemplo cara ao medio mariño e a súa riqueza, un dos valores principais pero máis descoñecidos do Parque Nacional, un espazo no que moitas veces esquecemos que o mar representa nada menos que o 86% da superficie protexida. Tamén, debido ás propias características e á realidade das illas das que xa falamos e ás repetidas demandas dos visitantes sobre todo na illa de Ons onde esa realidade é máis visible, deseñáronse novos proxectos de uso público nas que os elementos etnográficos e culturais pasaron a ocupar un lugar central.

Inclusión de elementos etnográficos nas actividades de uso público do Parque Nacional

Algúns exemplos representativos desta inclusión da etnografía dentro das actividades de uso público do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia son os seguintes:


- **Folleto *As illas Atlánticas no tempo. Unha historia e unha cultura ligadas ao mar*.** Este folleto foi o primeiro material no que a temática etnográfica e neste caso tamén histórica ocupaba un lugar principal. Editouse no ano 2005, xunto con outro folleto centrado no medio mariño do Parque Nacional. Recolle a evolución histórica dos catro arquipélagos ademais de información sobre as artes de pesca, as embarcacións tradicionais empregadas nas illas, os faros e os naufraxios



A coexistencia de valores culturais e naturais é unha realidade evidente nas Illas Atlánticas que se reflicte nas actividades de uso público do Parque Nacional

acontecidos nestas augas, a arquitectura tradicional e a riqueza de crenzas e lendas. Os veciños de Ons e o seu testemuño sobre a vida na illa e as actividades tradicionais teñen tamén o seu lugar destacado neste folleto.

- **Itinerario autoguiado pola illa de Sálvora.** A ruta do Faro, unha das dúas rutas habilitadas para o uso público en



Sálvora e a única que é posible realizar sen ir acompañado dun guía autorizado, está equipada con paneis interpretativos nos que baixo o título *Un paseo de lenda por Sálvora*, a serea de Sálvora, o home de Sagres ou as heroínas do Santa Isabel convértense nos nosos compañeiros nesta pequena andaina e van contándonos as lendas e historias sobre a illa de Sálvora e as realidades que se agochan detrás delas. A través deles poderemos descubrir non só o rico conxunto de lendas existente na illa, senón tamén as súas paisaxes, a riqueza do seu mar ou a historia do naufraxio do Santa Isabel.


- **Ruta guiada Un pobo no mar.** Dentro das rutas ofrecidas aos visitantes nos distintos arquipélagos, os contidos de carácter etnográfico trátanse en varias delas de forma que inclúen polo menos nalgunha das paradas explicacións sobre os modos de vida tradicionais e a cultura desenvolvida polas súas poboacións. Ademais en Ons deseñouse unha ruta guiada, *Un pobo no mar*, na que se tratan especificamente estes temas. Nas distintas paradas vaise falando de distintos aspectos como os recursos empregados para a alimentación e

A serea de Sálvora e outras lendas acompañannos na ruta do Faro.

como base da economía das familias, da distribución e forma das casas, das particularidades do réxime de propiedade na illa, do mundo das crenzas e supersticións ou da medicina popular, para entender como o illamento converteu a vida cotiá en Ons en algo que na actualidade é sen dúbida un valor a conservar e divulgar.

- **Itinerario autoguiado Os nomes da illa.** Dende o pasado verán tamén a illa de Ons conta cun itinerario autoguiado, neste caso a través de postes de sinalización e un folleto que fai referencia ás distintas paradas. Nelas, o topónimo do sitio concreto e a variedade de nomes de lugar existentes serven como reflexo da existencia dunha poboación que dependía fortemente da súa contorna e da identificación e localización dos seus elementos e ao mesmo tempo sérvenos para coñecer o feito que explica o topónimo, feito ás veces relacionado coa historia das xentes que poboaron as illas e noutros casos con aspectos naturais das mesmas.

- **Centro de Visitantes da Illa de Ons.** Este Centro de Visitantes, aberto durante os meses de verán, está situado no barrio do Curro, a 100 metros da caseta de información e do peirao da illa, e ocupa as antigas escolas, dous dos edificios construídos polo Instituto Nacional de Colonización nos anos 60 para dotar de infraestruturas á poboación da illa e que neste caso foron rehabilitadas hai uns anos para acoller o Centro de Visitantes. Nas súas salas podemos coñecer os ecosistemas principais, as paisaxes da illa e a súa historia, pero sobre todo está centrado na etnografía da poboación de Ons, con varias salas (A vida en Ons, A sabedoría popular, Días de festa) nas que se descubre como eran o emprego dos recursos a través da pesca, a agricultura e a gandería, a arquitectura tradicional, as lendas, a vivencia da infancia nas illas, a medicina tradicional, a celebración de festas e as cantigas populares. Fotos antigas das xentes da illa e a súa vida nos anos 60, 70 e 80 acompañan e completan a visita, e pódense tamén escoitar gravacións de persoas da illa cantando ou aprender como se prepara o prato máis famoso da súa gastronomía. Ademais o centro conta cunha sala de audiovisuais que tamén é empregada para diversos actos, presentacións e reunións. Esta exposición soe ser moi valorada por todos os seus visitantes que poden así achegarse a un dos aspectos que máis chama a atención en Ons, a existencia desta pequena poboación estable nunha illa en pleno século XXI.



Centro de Visitantes da Illa de Ons, nas antigas escolas

- **Centro de Visitantes do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.** O Centro de Visitantes do Parque está na zona vella de Vigo e permanece aberto durante

todo o ano, polo que é unha boa oportunidade non só para informarse e coñecer máis as illas antes da visita, senón tamén para poder achegarnos a elas a través da súa exposición permanente e das actividades e exposicións temporais que se organizan durante todo o ano, en calquera época, incluídas aquelas nas que habitualmente as condicións meteorolóxicas ou o servizo de barco non permiten a visita física ás illas. Das tres salas da exposición permanente, a terceira é *A mente*

das illas e nela varios libros xigantes ofrecen información sobre a relación do ser humano coas illas ao longo dos séculos ata a actualidade. Hai catro libros dedicados á historia de cada un dos arquipélagos e ás condicións e formas de vida das súas poboacións. Outro libro recolle fotografías antigas das illas, e os dous libros restantes tratan un deles a pesca e as actividades subacuáticas e o outro o enorme universo das lendas, crenzas e supersticións nacidas nestas Illas Atlánticas. A inclusión destes contidos no Centro de Visitantes do Parque Nacional reflicte a gran importancia do elemento etnográfico nas illas e o interese que suscita.



A sala *A mente das illas* do Centro de Visitantes do Parque Nacional en Vigo está dedicada á relación do ser humano coas illas ao longo da historia.

- **Restauración de elementos arquitectónicos de interese etnográfico na illa de Sálvora.** Durante os últimos anos na illa de Sálvora tense realizado a rehabilitación de distintos elementos de interese etnográfico para o seu aproveitamento para uso público e o seu coñecemento por parte de todos. En primeiro lugar fíxose un arranxo e rehabilitación do interior da antiga fábrica de salga, no edificio coñecido como Pazo de Sálvora, que pode ser visitada polos grupos que realizan rutas nas illas. Ademais este último ano procedeuse á rehabilitación dun conxunto de hórreos situados por detrás da aldea e ao acondicionamento da súa contorna e do camiño de acceso aos mesmos, para completar a ruta da Aldea, unha das dúas rutas que é posible realizar en Sálvora, e posibilitar así un mellor coñecemento e comprensión de como era a vida

nesta illa na fronteira co océano Atlántico. Por último procedeuse á consolidación das casas e construcións da aldea para deter o deterioro que sufrían dende que deixaron de estar habitadas debido aos procesos naturais e para mellorar a seguridade dos visitantes que realizan esa mesma ruta.




Hórreos en Sálvora, antes e despois da restauración

- **Restauración de casas na illa de Cortegada.** Tamén estes últimos anos rehabilitáronse dúas casas en Cortegada situadas a carón do peirao de embarque, que aínda que non se atopan abertas para o público xeral, grazas a esta restauración poden ser apreciadas en maior medida que anteriormente, ademais de garantir a súa mellor conservación para o futuro.
- **Inclusión de contidos en cursos e xornadas de formación.** Ademais destas actividades e equipamentos detallados arriba, os contidos sobre etnografía das Illas Atlánticas son tratados nos cursos e xornadas de formación relacionados co uso público e organizados e impartidos polo Parque Nacional, como o Curso de formación de guías ou as Xornadas formativas para profesionais do sector turístico. Así, o Parque Nacional non só considera os elementos etnográficos de importancia e interese para incluílos nas súas actividades propias, senón que o seu coñecemento se estima básico para todos aqueles que no desenvolvemento da súa actividade profesional vaian estar en contacto co público difundindo os valores do espazo protexido e contribuindo a un mellor aproveitamento e organización da visita.

En conclusión, estes son algúns dos elementos e ferramentas que o Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia emprega para divulgar os valores etnográficos e culturais das illas. Nalgúns casos, como se ve, a riqueza de elementos etnográficos é o vehículo que nos permite coñecer as múltiples realidades das illas, a súa biodiversidade, a variedade de ecosistemas, os feitos históricos relevantes, etc. Noutros casos, a etnografía convértese no tema principal ou exclusivo de folletos, rutas ou equipamentos. Todos eles reflicten igualmente a importancia que estes valores etnográficos e culturais teñen nas Illas Atlánticas dende diversas perspectivas: como elemento explicativo da evolución histórica da illa e testemuña do pasado, mais tamén como factor que explica e fai posible a paisaxe actual das illas, como patrimonio a conservar ou como actividade a incluír, integrar e regular nos plans de xestión do espazo protexido.

Elementos etnográficos que en definitiva forman unha parte indivisible dun todo que é ese espazo declarado Parque Nacional cuxa conservación considérase de interese xeral e que constitúen o patrimonio de todos nós.



O GROVE FAI 105 ANOS

Por: Lino J. Pazos Pérez


A vila, que gobernaba dende a alcaldía Leopoldo Benavides Otero, contaba nese ano con 3.969 habitantes de feito e 3.984 de dereito, recoñecendo na enquisa do *Directorio de Galicia* que a súa principal produción eran os cereais e o viño... Non sei, pero me dá que non preguntaron ben, pois deixar de lado a pesca, parécese cando menos arriscado.

O secretario do concello era Cándido Barral Otero, mentres se encargaba de impartir xustiza o xuíz Francisco Otero Goday, e a fiscalía recaía en Ezequiel Domínguez, sendo o secretario do xulgado Antonio Bargés, exercendo de avogados, Servando Martínez e Francisco Otero.

Había naquel ano uns cantos propietarios que tiñan a súa carteira de negocios ben diversificada, así, Antonio Bargés, que como xa vimos, exercía de secretario do xulgado, tiña tenda de comestibles, fábrica de salga e ferraxería; Leopoldo Benavides, que desempeñaba as funcións de alcalde, tiña un “centro de subscricións”, botica, librería, era ademais axente de seguros e banqueiro; Francisco Otero (pode que fose o xuíz), era avogado e banqueiro. Outros importantes patróns eran, a Viúva de José Botana (fábrica de elaborados de cunchas), Marqués de Casa Pardiñas, Eduardo Cea, Joaquín Álvarez, Vicente García ou Luis Antonio Mestre.




Como dicía, prodúcese estrañeza que non se tivera en conta a riqueza do Grove como potencia pesqueira e marisqueira (aínda non se deran conta de que era o “Paraíso do Marisco”), cando existían seis fábricas de salgadura, unha de escabeche e tres de conservas.



As de salga que figuraban nesta pescuda (os datos eran recollidos por axentes nomeados en cada comarca, que deberían estar ben informados) eran propiedade de Antonio Bargés, Manuel e Marcelino Carreró, Ventura Ferrer, a Viúva e fillos de Francisco Otero, e Adolfo Triñanes; as fábricas de conservas figuraban a nome de Fillos de Carreró (o mesmo que a de escabeches), Henri Chancerelle e Yáñez e Areán; e precisamente desta sociedade atopamos unha carta enviada dende O Grove o 21 de abril de 1911, asinada por Carlos Areán, á atención dos Sres. Paulino Yáñez e o seu irmán, de Vigo.

No documento, timbrado *Yáñez y Areán. Fábrica de Conservas. Telegramas: Yáñez* (o papel, de boa calidade, ten *marcas de auga*), o Sr. Areán participa ós seus socios (a os que se dirixe como estimados amigos) a produción da factoría de Meloxo, comunicándolle a compra de 54 caixóns (de sardiña) a 60 reais o caixón, que “*la estoy empacando en c/u de 30 blancas y luego seguiré con 24 Lión y Club... también empecé a hacer las 2.000 cajas, con tal motivo ya saben que se gasta mucha lata blanca... hay que encargar las etiquetas...*”.



A falta de sardiña era un problema engadido, se queixaba Carlos Areán, que encarecía o produto necesario para poder dar saída ós pedidos, que diso si que andaban ben, segundo se pode entender do que di o empresario grovense; “Ramón me ha dicho que vio en la Ría de Marín sardina por toda y abundante, yo aunque no cubra mucho (no) era partidario de pagar estos precios (¿), pero uno se desespera...”.

Noutra misiva, de 29 de novembro do mesmo 1911, dá conta da sardiña embarcada no vapor *Galaico*¹, con destino en Cherburgo e Trigau (¿); para o primeiro porto despacháronse 610 caixas de 22 unidades, da marca *Caporal*, e 270 de *Corvette*, mentres que para o cliente de Trigau, enviábanse 685 de *Atlas* e 305 de *Club*.

Os carpinteiros de ribeira estaban representados no Grove por Antonio e Francisco Camaño, Francisco Rodríguez e José Garrido (precisamente del falamos no último artigo de *Aunios* “Os Garrido: unha saga de carpinteiros de ribeira”), mentres que as panaderías atopábanse nas mans (nunca mellor dito) de Antonio Dovalo, Francisco Martínez, Francisco Padín e Francisco Sanmartín (Francisco era un nome moi común na antiga illa do Grove).

As ánimas estaban a cargo do párroco Salgueiro Blanco, mentres que os corpos eran atendidos polos doutores José Abalo, Eloy Álvarez, Cándido, Jacobo e Marcelino Otero; da mala xente interesábase o comandante de *carabineiros*, sarxento Eladio Fernández.

Como non podía ser doutra maneira, no Grove abrían as súas portas unas cantas baiucas; de José Álvarez, Manuel Franco, Juan Mascato e Francisco Sanmartín, que se anunciaba no *Directorio* como “cervexería”, toda unha modernidade para a vila.


Como pasaba con Bueu, a maior parte da xente entraba e saía do Grove en barco, facendo a súas compras en Cambados ou Vilagarcía, cando non en Riveira; pero iso non quere dicir que non tivera accesos por terra, cos seus correspondentes servizos de transporte público.

Cara a Cambados saía tódolos días unha carruaxe tirada por cabalos, cun custe de 0,25 pesetas asento; a Sangenjo e Pontevedra, servizo diario, 2,50 pesetas sentado, mentres que para achegarse á illa da Toxa había que botar man de Francisco Sanmartín (posiblemente o dono da cervexería) para poder achegarse a ela.

Para completar a oferta, existía un servizo de automóviles que unían O Grove e Pontevedra, directamente, pero tan só nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, posiblemente para atender as necesidades dos turistas que fan toma-las augas á Toxa, dado que o establecemento de Augas Minerais “*clorurado-bromurado sódicas, carbónico-lítico-arsenicales*

y termales” (así se anunciaba) da que era xerente Rodríguez Porrero (como médico figuraba Vicente García Millán), abría as súas portas do 1º de xuño ó 30 de setembro.

A illa da Toxa era todo un reclamo para a alta sociedade, publicitándose nas mellores revistas españolas e do estranxeiro; e precisamente na *Guide to the tourist* de 1912 atopamos os prezos dos billetes a Pontevedra “*for a light carriage of 4 seats*” (carruaxe lixeiro de catro prazas), 17,50 pesetas, e se se trataba dunha carruaxe de 6 asentos, 25 pesetas (creo que nos dous casos tratábase do custe do aluguer do vehículo).



The Hotel.

¹ O *Galaico* era un vapor matriculado en Vilagarcía en 1905, de 705 toneladas de rexistro bruto, 396 netas e 900 toneladas de carga máxima; 58,55 metros de eslora, 8,55 de manga e 5,10 de puntal, que montaba unha máquina alternativa de triple expansión que proporcionáballe 91 cabalos nominais, propiedade do armador de Riveira, Fernández Martínez.

DE PIORNOS, CANASTROS, HÓRREOS E O DEMAIS...

Por: José Manuel Dopazo Entenza

1. Introducción

Temos en Galicia un tipo de construción anexa ás casas que, por tanto mirármola, xa case non lle prestamos atención. Dar unha descrición desta construción é ben complexo, pese a que calquera poida ter na súa cabeza unha imaxe esquemática dela. Cabería dicir que é unha construción de pedra, que se sustenta sobre columnas (normalmente pares), que ten unhas aberturas verticais nos laterais para que corra o aire e que se emprega para gardar o millo e as patacas.

Todas estas xeneralidades son certas e mais non o son. O devalar do tempo fixo que os materiais con que se constrúan e constrúen variasen (canas, vimbias, piornos, madeira, pedra, ladrillo...); que a súa estrutura tomase distintas formas (asentado sobre columnas ou sobre unha base compacta, con aberturas laterais en vertical, horizontal, só buracos ou mesmo sen aberturas; e que a súa utilidade mudase segundo aparecesen as necesidades de cada época (dende gardar o millo e as patacas ata servir de habitación).

Ata o momento evitei nomear esta construción porque precisamente de nomes e de usos dos mesmos vai ir este artigo. Intentarei situar xeograficamente as formas atendendo ás influencias que á Illa de Ons puideron chegar. Posteriormente centrareime na pervivencia que ten a denominación desta construción así como das distintas partes identificables grazas a un grupo de informantes de diversas idades.

2. Denominacións na Illa de Ons

Na Illa de Ons atopamos ata sete formas distintas que podemos agrupar en tres familias ben diferenciadas: HÓRREO (coas variantes *hórreo*, *horrio*, *hornio* e *horno*), CANASTRO (coas variantes *canastro* e *canaxtro*) e PIORNO (só baixo a forma *piorno*). Destas tres, a que presenta un maior índice de uso e, polo tanto, é a máis asentada entre a xente da Illa de Ons é a primeira. A pesar de todo, esta forma é importada. A área xeográfica da que sería propia é a parte oriental da provincia de Lugo (repartindo o territorio con outras formas como *cabazo*), así como a zona de Asturias.

Piorno e *canastro* son formas propias da provincia de Pontevedra, mais só na Illa de Ons as podemos atopar convivindo. *Piorno* colle boa parte da comarca do Salnés (reparte tamén o territorio con outras formas como *palleira*). Pola contra, *canastro* é a forma tradicional de denominación desta construción na comarca do Morrazo e parte do sur de Pontevedra.

O dicionario da Real Academia Galega (DRAG) di que o *piorno* é “1. Arbusto da familia das papilionáceas (*Adenocarpus complicatus*), con ramas estriadas, follas trifoliadas, flores amarelas e froito en legume. 2. Hórreo”. O nome da construción viría dado polo material do que estaría feito (cando menos nun principio). A respecto do *canastro*, o DRAG di que é un “2. Hórreo que ten as paredes feitas de vimbios ou varas trenzadas”. Aquí xa establece o material (cousa que non acontece nin para o *piorno* nin para o *hórreo*).

Como acabamos de ver, o DRAG sitúa como forma principal *hórreo* e, como formas aceptadas pero nun segundo plano, *piorno* e *canastro*. Probablemente, este sexa un motivo de peso para esa predominancia da forma *hórreo* sobre as outras dúas, ademais de ser a forma aceptada para a norma do español.

A forma *canastro/canaxtro* recollina unicamente na xeración máis vella¹, feito que dá conta da súa marxinalidade (ademais do descoñecemento da forma por parte das xeracións máis novas). *Piorno* xogou outro papel. É unha forma que recollín maioritariamente na Xeración Primixenia (XP), que aparece esporadicamente na Xeración do Éxodo (XE) e que as persoas da Xeración Alóctona (XA) a recoñecen como forma propia pero en desuso (atribúenlla ás persoas maiores).

Hórreo é unha forma moderna como tal. Só a XA e a XE a empregan, mentres que na XP a forma habitual é *hornio*, seguido de *horno* e *horrio*. Así e todo, todas elas son variantes do mesmo elemento léxico HÓRREO. Estas formas non perduran nas outras dúas xeracións salvo *hornio*, que volve estar na memoria da xente atribuída ás persoas maiores.

3. Historia do piorno na Illa de Ons

Probablemente, os primeiros piornos da Illa de Ons estivesen confeccionados coa planta do mesmo nome, sobre unha base de madeira e cun tamaño bastante reducido debido á pouca estabilidade e duración que presentarían. E terían unha forma semellante a unha cesta ou un canastro (do que recibiría o outro nome). Destas construcións non hai constancia nin documental nin na memoria da xente.

Cando as posibilidades económicas dos habitantes da Illa foron aumentando, comezouse a cambiar os vimbios e piornos por madeira. Os pés e moas que noutrora eran de madeira, comezaronse a facer, paseniñamente, de pedra (imaxe 1). Na década de 1930, os antigos piornos de madeira fóronse cambiando por novas construcións de pedra, coas súas vantaxes e os seus inconvenientes. Esta tirapuxa entre un material e o outro reláttaa moi ben o Señor Francisco:

[...] Èr' o hornio! Tanto èra o horno, com' o piorno...

[...] A[ntes], antes habìos de madeira! È mais aquí on[de], onde 'staba èu, no Cucòrno, tud' o mundo tiña de madeira. [...] Ahora pa curar o millo, millor madeira, èh! Madeira, madeira máis, mái-sèca, hò! A pèdra xa è máis húmeda. Tès que ter, tès que ter unha 'spigha boa pa que despida bèn, despida bèn a aghua!

[...] Este horno de pèdra son feitos de cantèría, non? Nòs inda tiñamos un de pèdra, vèllo [...]

Pèro na Illa èra de madeira, na Illa èra de madeira; a de madeira curaba millor ca estes, èh! Or de madeira, mi ma, or de madeira... anque botaras a espigha non se perdía o millo... è pa botar neste habìo que secar bèn, non sèca, son malos ô interior, pèro non sèca com' a- madeira, nada. [...]. O que tèn o de pèdra è que non ch' axuda a secar com' o outro, pèro è figho... A madeira había que cambiala cada pouco, pudre!

Xa na actualidade, vivimos a última mudanza no material de construción dos piornos. Hoxe en día, nin o vimbio, nin a madeira, nin a pedra son materiais que se empreguen, senón que xa son os ladrillos (vistos ou cubertos de cemento). Na Illa de Ons pódense ver algúns compartindo historia cos construídos en pedra e que se manteñen en pé botándolle un pulso ó tempo. Na memoria quedan, cada vez máis esquecidos os de madeira e xa borrados por completo os de vimbio.

Algo semellante lle acontece á utilidade que tiveron e teñen. Os piornos foron unhas construcións que naceron da necesidade de illar a colleita de patacas e millo dos ratos, ademais de empregalo para que o millo seque e aguante máis tempo. Cando se deixou de botar millo e patacas, estas construcións comezaron a empregarse como almacén de apeiros. A día de hoxe, podemos ver na Illa algún piorno empregado como habitación, sucumbindo ás necesidades da sociedade actual.

4. Denominación das partes do piorno

O interese central deste artigo é ver como a civilización actual prescinde das denominacións tradicionais por non lle seren útiles. O piorno é un elemento que deixou de ter a utilidade que tiña hai pouco máis de trinta ou corenta anos e pasou a ser un elemento decorativo do que pouco máis se sabe.


Durante o ano 2014 dediqueime a facer enquisas á xente da Illa de Ons para recuperar da súa memoria todos estes nomes e poder estudalos e contrastalos atendendo á idade. Tomei como referencia unha enquisa feita en 2011 á persoa máis vella naquel entón, que me dixo, co piorno diante, todas as partes ás que lle tiña nome cando vivía na Illa. De aí sae a imaxe 2. A respecto desta testemuña, tomei en conta a perda cada vez máis acelerada da nomenclatura de cada unha das partes identificables desta construción tradicional.

4.1. Xeración Primixenia

Nesta xeración distinguimos as persoas nadas antes da década de 1930, que manteñen as denominacións das partes do piorno cunha rixidez encomiable, sen titubear (caso da imaxe 2). Pola contra, as persoas




Piorno de madeira no barrio de Pereiró (A Illa de Ons). Desaparecido a finais da década de 1980. <Foto colección T. Pardellas>



Imaxe 2. (Home, 1915)

Volve haber confusión ó lle chamar *rodas* e *pilares* ás *môs*. Rodas sería posible polo parecido que presentan na forma (circular), mais non é unha denominación da que se teña constancia por ningún lugar próximo á Illa, por tanto, é unha invención desta persoa. O mesmo acontece coa denominación *varitas* para as *doelas*. Esta persoa atópase, probablemente, ante o problema de saber que esas partes teñen nome pero non lembralo e, por iso, tenta dar unha resposta buscando un nome con “lóxica”.

Podemos ver, nesta mesma imaxe, que hai perda de varias palabras (as que aparecen con interrogación) tales como *xabèca* e *pincho/pinche*.




Imaxe 3. (Muller, 1946)

4.2. Xeración do Éxodo

A segunda xeración ten unha menor relación coa terra e, por tanto, cos apeiros e construcións que dependen directamente dela. Tanto é así que nesta enquisa o número de palabras que desaparecen aumentou, así como as confusións e invencións de denominacións.


Na imaxe 4 vemos que a persoa entrevistada confunde os *travesales* (que se colocan en posición horizontal) coas *columnas* (posición vertical) e mesmo coas *ripas*. Intenta nomear varias partes do piorno, como acontecía na xeración anterior, con palabras que atendan a unha lóxica. Así, denomina *patas* ós *pés* e *laterales* ás *doelas*.



Imaxe 4. (Home, 1964)

4.3. Xeración Alóctona

O punto máis afastado da vida tradicional galega e, por ende, illá pono a xeración das persoas nadas nas décadas de 1980 e 1990. Estas persoas naceron afastados da Illa e, maioritariamente, nun ambiente periurbano que propiciou o esquecemento ou o abandono de palabras e aparellos tan útiles outrora coma o piorno e as súas partes.



Imaxe 5. (Muller, 1990)

Na imaxe 5 podemos observar que se manteñen sete denominacións (fronte ás 15 da imaxe 2). Hai, por tanto, moitos ocos baleiros, máis ca nas outras dúas xeracións. Así e todo, nesta xeración non vemos que haxa palabra ningunha que intente denominar partes sen coñecelas (como si acontecía nas anteriores coas formas *patas, rodas, varitas...*). As formas que se dan, coñécense e estas persoas son conscientes do descoñecemento deste mundo que o sitúan máis nos seus avós e avoas ca nos pais e nais.

5. Conclusións

A diminución de palabras coñecidas polas persoas informantes vai en aumento conforme avanzamos no tempo e se vai facendo máis grande a distancia entre elas e os piornos, por falta de utilidade na sociedade actual.

As *doelas* son os elementos que peor parados saíron, pois xa desapareceron por completo na Xeración Primixenia. Atopamos que o resto de elementos, salvo os que poidan ser comúns con outras construcións (*ripas, vighas, pòrta...*) coma unha casa, están en claro retroceso no seu uso, de aí a súa alternancia.

Curiosamente, partes tan propias e características dos piornos como son os *pês* e as *môs* manteñen a nomenclatura ata a Xeración Alóctona. É curioso este feito, dado que na Illa de Ons só se conservan dous piornos, a día de hoxe, que teñan pés e moas. Case no momento en que houbo a transición da madeira á pedra, estas construcións perderon estas partes características e só presentan unha base oca coroada por unha especie de cornixa sobre a que descansa o corpo do piorno que, como dixen, pode ser de pedra ou, xa máis actualmente, de ladrillo recuberto de cemento.

¹ Para unha explicación sucinta da clasificación en tres xeracións, ler o artigo Dopazo Entenza, José Manuel (2013): "Introducción á fala da Illa de Ons", *Aunios* 18, pp. 73-74.

COLABORA
ACTIVIDADES:

Concello de
BUEU



CONTROVERSIA SOBRE A CONCESIÓN DUN PEIRAO A SANTA UXÍA DE RIVEIRA EN 1861

Por: Emilio Ferrer Jaureguizar

Rebuscando pola biblioteca galiciana, por motivos diferentes, atopeime por casualidade no periódico EL MIÑO cuns artigos relacionados co tema que dá título a este. Neles están implicados os seguintes personaxes: Juan Campañel director nese intre do periódico EL MIÑO, D. Ramón del Valle¹ da Póboa do Caramiñal e D. Manuel Pérez Sánchez² de Santa Uxía de Ribeira. Sen máis paso a reproducir o contido de ditos artigos a favor e en contra de dita concesión:

“Hemos recibido en la Redacción una hoja impresa acerca de la concesión de un muelle a Santa Eugenia de Riveira, en la que se exponen algunas consideraciones, que si bien son muy atendibles, adolecen del defecto de rivalidad entre aquel puerto y el de la Puebla del Caramiñal.

Desde luego opinamos con el autor de la hoja que es censurable se le conceda un muelle a un puerto como el de Santa Eugenia, que no tiene población ni vida mercantil ninguna, contando solo con algunas lanchas para la pesca del pulpo, y reducido su tráfico principalmente á este pescado; mientras que a otro puerto excelente distante de él una legua, como el de la Puebla del Caramiñal, se le tiene olvidado cuando cuenta con una considerable población á lo largo de su pintoresca playa, con ayudantía de marina del distrito naval mas importante acaso de toda la península, con Administración de Aduanas y Estancadas, con una industria de salazón floreciente que entretiene 313 embarcaciones menores dando trabajo á mas de dos mil personas, con un comercio marítimo, en fin, que cuenta con 14 buques mayores que miden 1.134 toneladas y 10 mas pequeños destinados al tráfico de cabotaje.

Más porque quepa una censura sobre tal concesión en paralelo con un inedificable olvido, creemos que no debe rebajarse el bello puerto de Riveira, ni anatemizar su muelle y las gestiones practicadas para conseguirlo. Por

¹ D. Ramón del Valle Bermúdez, pai do escritor D. Ramón del Valle-Inclán e fillo de Francisco del Valle-Inclán quen participou na fundación da primeira biblioteca pública de Santiago e na da academia da Lingua Galega, sendo ademais Director do primeiro periódico do país, El Catón Compostelano; sendo un dos intelectuais máis destacados da súa época.

² D. Manuel Pérez Sánchez, industrial da salga e armador. Non está infundada a súa argumentación de que xa Riveira contaba cunha flota comercial importante dende principios do século como nos fai ver o historiador Daniel Bravo Cores na súa obra “Historia de Riveira”, na que aparece unha relación de buques dende 1811 ata 1829 onde constan 10 bergantíns, 6 quechemaríns, 1 galeón e unha pinaza.

nuestra parte nos alegramos y felicitamos á Santa Eugenia de Riveira por esa mejora que de un pueblo de pescadores sin comercio la convertirá en una población que contribuya á la riqueza del país.

Lo que cabe dentro de los sentimientos de emulación y fraternidad, es que la Puebla, al sentirse despertar por la mejora de Riveira, aúne sus esfuerzos, trabaje con fe y decisión, exponga sus merecimientos, haga en fin todo lo que debe hacer para conseguir lo que hoy envidia á un puerto hermano y vecino.


Y á la verdad que la puebla del Caramiñal debe contar con el mejor éxito para sus pretensiones, considerando que si Sta. Eugenia de Riveira sin ninguna importancia hoy ha conseguido un muelle para levantarse a la vida de la prosperidad, mejor lo conseguirá la Puebla reuniendo ya tantas ventajas de preponderancia. El Gobierno que no ha recelado << arrojar en medio del mar algunos miles de duros , toda vez que en el transcurso de cien años ni una sola tonelada de mercancías se cargará ni descargará por el muelle de Sta. Eugenia >>, ¿Será capaz de oponerse y denegará otro muelle á un puerto que reúne las condiciones que dejamos expuestas, y que además se extraen ya anualmente por su aduana de 70 a 80.000 quintales de pescado salado, cuya industria consume de 35 a 40.000 quintales de sal en cada costera? ¿A un puerto que sostiene un tráfico muy animado con los demás pueblos de la magnífica ría de Arosa, donde entran y salen centenares de buques todos los años?

Reflexione bien el autor o autores de la hoja que nos ocupa, y verán como no hay motivo para alarmarse, antes por el contrario esa concesión es una firme base para levantar el edificio de sus justísimas y patrióticas pretensiones.

Los adelantos y bienestar de los pueblos son solidarios, y ningún pueblo se levanta con la postración y ruina de los demás.


La bellísima ría de Arosa, enlazada por su hermoso puerto de Carril á las líneas férreas de Santiago y Vigo, tiene ante sí un porvenir inmenso, y si quiere adelantarse a él, necesita hacer en sus puertos las mejoras de que son susceptibles.

Aplaudamos, pues, el muelle de Sta. Eugenia de Riveira , y elevemos nuestra voz para que no solo á la Puebla del Caramiñal, sino también á los demás lindos puertos de la costa de Galicia ,que aun no cuentan con muelles, se le concedan esas obras necesarias para el fomento de su riqueza”.



EVOLUCION DEL MUELLE DE RIVEIRA

OBRAS MAYORES



Imaxe xentileza de D. Daniel Bravo Cores, autor do libro "Historia de Riveira".

Días máis tarde no mesmo diario e baixo o epígrafe GALICIA aparece a continuación desta noticia:

"El artículo que hemos dedicado a hacernos cargo de una hoja impresa conteniendo algunas consideraciones sobre la concesión de un muelle a Sta. Eugenia de Riveira, ha dado margen a que se nos dirigieran dos comunicaciones que nosotros, en prueba del buen deseo de esclarecer los hechos que puedan afectar a la vida y mejora de los pueblos de Galicia, les damos publicidad.

La comunicación del Sr. Valle, necesitaba algunas contestaciones por nuestra parte, mas las circunstancias de la comunicación del Sr. Pérez Sánchez, ha venido providencialmente a auxiliarnos en nuestra tarea: por lo que abandonamos la parte que se refiere a los merecimientos que tiene Sta. Eugenia de Riveira para que se le conceda un muelle a su buen puerto y solo diremos al Sr. Valle que si él es tan susceptible que necesita rechazar con indignación la suposición falsa y poco caritativa de que otros y no él hayan sido los autores de la hoja impresa, etc., no debía empezar su réplica juzgando extraño a esta Redacción lo que le haya parecido inexacto y ofensivo en el artículo, conceptuando á este como un trabajo inspirado por el dolo y la malicia abusando de la buena fe de un escritor ilustrado: etc., etc.

El Sr. Valle que, por lo que nos dice, "se cree con bastante instrucción para dar a la prensa unos cuantos renglones, sin necesitar el concurso de inspiraciones ajenas, y que sabe que nadie está autorizado para hacer suposiciones que la cortesía y la buena fe no pueden menos que reprobar" debía tener presente esas palabras para no injuriarnos; porque observando que nosotros habíamos hecho una apreciación equivocada, fundados en que son muy raros los ejemplos en que por puro patriotismo local toma una persona aisladamente sobre si la responsabilidad de una polémica enojosa, llena de disgustos y gastos, empezando por el trabajo de escribir unos cuantos renglones, pagar la impresión, correo, etc... Comprendería que no estaría en nuestro ánimo el causar una ofensa al Sr. Valle al indicar que serian varios los autores de la hoja por mas que desde luego conociéramos que la materialidad de redactarla fuera debida a quien la suscribía. Por nuestra parte no somos tan orgullosos como el Sr. Valle, y confesamos que nos gusta y hasta buscamos inspiraciones ajenas para tratar los asuntos de importancia para el país, porque no conceptuamos a ningún hombre dotado de la ciencia infusa para conocerlo mas conveniente a un objeto dado. Y he aquí como, al no seguir esta convicción en el asunto que nos ocupa, y dejándonos seducir solamente por la hoja del Sr. Valle, hemos cometido algunas inexactas apreciaciones sobre la importancia de Sta. Eugenia de Riveira, que el Sr. Pérez Sánchez nos hace notar con una extraordinaria delicadeza.

Y de esta verdad puede el Sr. Valle hacerse cargo, haciéndole notar el tiempo transcurrido desde que nos envió su hoja hasta que nos hemos ocupado de ella, debido a que creyéramos que tal hoja había sido contestada, mas pasando tanto tiempo sin tener noticia alguna sobre esa cuestión, nos determinamos á escribir algo con solo el objeto de hacer pública una mejora en los bellos puertos de nuestra Galicia, emulando con ella a otros pueblos, a la vez que censurábamos el espíritu de rivalidad, que por más que proteste el señor Valle, se descubre en su hoja para los que la lean con ánimo imparcial, y desconozcan los móviles que han impulsado al Sr. Valle a suscitar una cuestión desagradable.

Esperamos que el señor Valle, al notar el fenómeno de coincidencia que hubo entre las apreciaciones hechas en la Puebla y por EL MIÑO, acerca de su hoja, se convenza que no ha estado oportuno en dar a la prensa sus consideraciones, y mucho menos al dirigirnos el comunicado que dice así:

Sr. Director de El Miño.- Puebla del Caramiñal 5 de Abril de 1861- Muy Sr. Mío: Con satisfacción a la par que con extrañeza, he visto en su apreciable periódico de treinta de marzo último, un artículo en que, se comenta una hoja impresa que he publicado haciendo algunas observaciones sobre la concesión de un muelle al puerto de Santa Eugenia de Riveira:

con satisfacción, porque es para mí muy lisonjero que ese periódico convenga conmigo en casi todas las apreciaciones que he hecho, y con extrañeza, porque contiene suposiciones que me ofenden.

Permítame V. señor Director, que lo que haya de inexacto y ofensivo en el artículo a que contesto, lo juzgue extraño a su redacción, porque el dolo y la malicia pueden muy bien abusar de la buena fe de un escritor ilustrado, y yo supongo que la redacción no habrá dejado de aceptar algunas noticias; suposición que veo confirmada por un fenómeno de coincidencia, bien raro por cierto, comparando el lenguaje del artículo, con el que había oído aquí a quien no puedo suponer poseído de espíritu profético, por más que lo esté con frecuencia de otros espíritus menos puros.

¡Rivalidad entre la Puebla y Riveira! ¿Y hay quien tal cosa pueda suponer? Pero veamos una parte del artículo: *“Desde luego opinamos con el autor de la hoja, que es censurable se le conceda un muelle a un puerto como el de Santa Eugenia que no tiene población ni vida mercantil ninguna....mientras que a otro puerto excelente distante de él una legua, como el de la Puebla del Caramiñal, se le tiene olvidado”*. Si la rivalidad no es otra cosa que la competencia ¿Qué competencia puede existir entre una cala de pescadores que no tiene población ni vida mercantil ninguna, y la Puebla del Caramiñal respetable por su antigüedad y notable por su población, por la importancia de su industria, por la animación de su comercio, por la seguridad de su puerto y por lo ventajoso de su situación? No cabe ninguna: la rivalidad en este caso sería insensata por demás, porque sería la rivalidad de un gigante con un enano.

¡Que he rebajado a Santa Eugenia! No ha sido esa mi intención, y siento mucho que así se haya creído: pero ¿En qué está esa depresión? Por una parte se dice que es razonable y justo lo que manifiesto, y por otra que rebajo a aquel puerto. La verdad no puede rebajar a nadie y el eco de la razón y la justicia es la verdad. Repito que no tenía la intención de ofender a Riveira, viviendo allí personas que no pueden menos de serme apreciables; pero para hacer resaltar la inconveniencia que me propuse combatir era preciso hacer el paralelo de las dos localidades, y a no ser que se quiera echar sobre mí la responsabilidad de que la naturaleza no haya sido pródiga en sus dones con Santa Eugenia, no comprendo porque se ha de decir que he deprimido a este puerto al expresar lo que es y lo que no puede dejar de ser aunque se hagan en él las obras que se han hecho en Cherbourg. Nadie puede ofender al puerto de Riveira más que los que lo llamen *bello*, porque es lo mismo que llamar buen mozo a un jorobado.

Yo me felicitaría también con el autor del artículo que me ocupa, de que ese puerto llegase á tener

muelle, si obtuviese esta mejora por donativo particular o por repartimiento vecinal, pero no puedo profesar en economía la doctrina funesta de que sin consideración a los intereses generales de un país, se pueda repartir el producto de sus rentas publicas en porciones destinadas a gracias particulares, o satisfaciendo caprichos impertinentes.

Creo muy digno de la gratitud de mis paisanos, los sentimientos que inspira a EL MIÑO el deseo de la prosperidad y engrandecimiento de este pueblo, aunque no puedo abundar en la idea de que sea lo bastante trabajar con fe y decisión para que tengan buen éxito las pretensiones. Veo que sobre este punto no han enterado mucho a esa redacción, y no seré yo el que penetre en la región de los misterios. La fe es una luz que se apaga cuando la justicia pierde su prestigio, y yo desde que ando en este mundo, dondequiera que he encontrado a la justicia, he visto una esclava del favor.

Siento haber visto en ese periódico la palabra envidia empleada en su mala acepción a mi ver, pues de la manera que aparece colocada no puede inspirar una idea muy lisonjera de aquellos a quienes se aplica. No creo que pueda encontrarse en mi hoja la expresión de ese sentimiento ruin: el eco dolorido de la postergación, no es el acento apasionado de la envidia egoísta.

Concluiré por fin, ocupándome de lo que atañe a mi persona, rechazando con indignación la suposición falsa y poco caritativa de que otros y no yo hayan sido los autores de la hoja impresa que ha circulado suscrita por mi exclusivamente. Jamás he servido de mampara: y si se me cree tan escaso de instrucción que necesite el concurso de inspiraciones ajenas para dar unos cuantos renglones a la prensa, nadie está autorizado para hacer suposiciones que la cortesía y la buena fe no pueden menos que reprochar.

Queda de V. con toda consideración afectísimo s.q.b.s.m.
Ramón del Valle.

A continuación aparece en dito periódico a contestación por parte do cidadán de Riveira, Manuel Pérez Sánchez:


Sr. Director de El Miño.- Muy Sr. Mío: me tomo la libertad de molestar la atención de V. movido por el artículo en que V. se ha ocupado de la hoja volante que su autor don Ramón del Valle hizo circular por muchos pueblos de ésta provincia, y en la confianza de que con su reconocida imparcialidad y amor al país se sirva dar cabida en su muy apreciado periódico a las observaciones que, sin más pretensión que el esclarecimiento de la verdad voy a dedicar a la cuestión iniciada por el Sr. Valle.

Cuando apareció la hoja suscrita por dicho señor, puedo asegurar que no solo en éste pueblo sino en el mismo de Caramiñal, ha causado grande disgusto;

pues si en lo que en ella se dice hubiera algo de verdad, bajaríamos todos la cabeza, más no siendo así, se dudó sobre si contestar a dicha hoja, o despreciarla, adoptándose este último partido por la consideración de que siendo obra exclusiva del Sr. Valle, inspirada por particulares sentimientos no había que temer a su ridículo propósito, más hoy que un periódico tan ilustrado y autorizado como El Miño, ha sacado a pública discusión la importancia de la concesión de un muelle este hermoso puerto, fuerza nos es salir a demostrar las falsedades contenidas en la hoja del Sr. Valle y a ilustrar la opinión de El Miño sobre la importancia de Santa Eugenia de Riveira.

Al primer cargo que el Sr. Valle hace a Riveira de que éste puerto no tiene más que unos pequeños bateles dedicados a la pesca del pulpo, y que no es más que una *ranchería* de pescadores, se le contesta fácilmente haciendo notar que Riveira tiene hoy siete buques mayores, empleados en la navegación de cabotaje y América, construidos en el mismo Riveira y de su pertenencia. Cuenta además con 27 ó 30 pilotos particulares que mandan o capitanean esos buques, y los restantes son buscados con avidez por los navieros de La Puebla y Villanueva de Arosa, para entregarle el mando de los suyos, porque sin duda ninguna son de los mejores marinos que tiene la Ría en su clase, tanto en la parte teórica como en la práctica, y lo mismo sucede con la marinería de Riveira: debiéndose esto a que siempre o al menos desde el reinado de Carlos III cuenta con buques de navegación, mientras que la Puebla hace muy poco tiempo que empezó a tener buques, no contándoles más antigüedad que desde 1836 acá, en que los fomentadores de aquél pueblo empezaron a ser navieros.

Dícese en la hoja que en la Puebla hay Ayudantía de Marina y Aduana, por donde se extraen al año 70 a 80.000 quintales de pescado salado; pero al decir esto no debió omitirse que ese pescado se elabora la mayor parte de él, en las 27 fábricas de salazón que radican en el distrito de Santa Eugenia de Riveira, y que necesariamente tienen que embarcarse en la Puebla, porque allí es donde está la Aduana, y no sucedería así, si ésta estuviera en Riveira, lo que traería muchos ahorros, de gastos a los fomentadores, pues no tendrían que conducir su pescado a legua y media de distancia sufriendo otra porción de contrariedades para el fomento. Lo mismo puede decirse respecto a la Ayudantía de Marina, porque al fin las dos terceras partes de la matrícula de su comprensión, pertenecen al Distrito de Riveira.



A pesar de ser bien conocida la buena situación del puerto de Riveira, diremos que este puerto tiene circunstancias que no reúnen los demás de la Ría de Arosa, pues siendo el primero a la entrada de ella pueden salir de él sin retraso los buques que navegan al Norte, aún con vendavales, mientras que los buques salidos de la Puebla, Carril o Villagarcía, no pueden desembocar en el día la Ría, teniendo necesidad de fondear en Sta. Eugenia, para poder desembocarla al día siguiente, experimentando por tanto 24 horas de retraso en su viaje, y por eso los buques que llevan viaje para el Norte y arriban a la Ría de Arosa por temporales ú otras causas, vienen a fondear a Sta. Eugenia.

Véase pues, si éste puerto merece ser rebajado de la manera que lo hace el Sr. Valle, y si su incalificable hoja no da lugar a creer que la escribió en un momento de extravío o mal humor causado por algún *percance inesperado*, si además se tienen en cuenta las embozadas y ofensivas palabras con que concluye su *patriótico* trabajo.

Creo, Sr. Director, que V. y el público rectificarán la idea que el Sr. Valle con su escrito ha hecho germinar de que Santa Eugenia de Riveira es un pueblo sin población ilustrada, ni vida mercantil, y que se le concederá la importancia suficiente para que el gobierno le conceda el muelle que le es necesario para su prosperidad.

Concluiré agradeciendo a V. en nombre de éste pueblo el interés que por él manifiesta en su apreciable artículo, ofreciéndome de nuevo suyo afmo. s.s. y constante suscriptor q.b.s.m.

Manuel Pérez y Sánchez. Santa Eugenia 6 de abril de 1861.

NOTA DO AUTOR: A concesión do peirao de Riveira en 1861, obra que se remata en 1864, produce un cambio importante no comercio local e, 100 anos máis tarde, Ribeira é o segundo porto de baixura de Europa.



GLOSAS A ALGUNHAS REFERENCIAS A PONTEVEDRA NOS 660 PREGOS DE SARMIENTO

Por: Francisco Calo Lourido

Os historiadores traballamos con documentos de moi variados tipos e contidos aos que procuramos extraer todo o material que, manexado cunha metodoloxía científica –hai varias moi diferentes–, nos permita coñecer e interpretar o feito ou o período histórico que pretendemos estudar. Hai textos, caso dos censos de poboación, nóminas de nacementos ou defuncións, prezos dos grans, etc., que non son máis que monótonos listados aos que resulta moi difícil dar un tratamento ameno, sen perder de vista que moitos historiadores coidan seren máis científicos, expoñendo os resultados das súas investigacións dun xeito tan conciso e tan intencionadamente aséptico que os asemella á frialdade das baldosas dunha sala de diseccións de cadáveres. Dicía Marañón (2010: 112), médico e historiador, que “El poeta nos refiere la historia sin la muerta objetividad del historiador”, e eu teño verifica-

do que os mellores historiadores prefiren a amenidade, seguen a máxima horaciana *prodesse et delectare*, algo así como ensinar deleitando, e mesmo recorren á anécdota para comunicar a súa ciencia, o que é moi de agradecer fronte aos que prefiren que a letra con sangue entre.

Estes tempos andei a ler moi ben traballos sobre o século XVIII e mesmo a insistir nun avanzado libro, que algún día talvez rematarei, sobre o estado das actividades haliéuticas e a xente a elas dedicada na costa pontevedresa desde Pontecesures a Tui, segundo o Catastro do Marqués da Ensenada, a quen o noso veciño pontevedrés, o Padre Isla, autor da satírica *Historia del famoso predicador Fray Gerundio de Campazas, alias Zotes*, chamaba “secretario de todo”. Efectivamente, Zenón de Somodevilla pasou de ser un pequeno fidalgo a marqués, tendo sido nomeado, en 1743, secretario de Guerra, de Facenda, de Mariña e Índias, amais de secretario de Estado e superintendente de ingresos. Se deixo caer aquí a data de 1743 é porque por aí andan os sucesos que me levan a principiar este artigo.

Pontevedra, cando a confección do devandito Catastro, en 1752, era unha decadente vila que baixara dos 5 000 veciños ou, se preferimos, duns 22 000 habitantes, existentes nos inicios do século XVI aos 2 000 veciños cos que principia o XVIII e que, continuando á baixa, andaban xa polos 1 200 (Cfr. Fernández, 1963: 45). A caída de poboación foi enorme no século XVII por mor da guerra contra Portugal, cualificándoa unha investigadora de “brutal”, xa que “pasó de 7 000 vecinos antes de la guerra con Portugal a poco más de 800 después de esta” (Ménard, 2008: 201). O Padre Sarmiento, ilustre pontevedrés, realizou desde Madrid, onde moraba, tres viaxes a Galicia. A segunda foi en maio de 1745 e a derradeira en xuño de 1754, permanecendo aquí ata novembro do ano seguinte. Contrastando cos dados fríos do Catastro de Ensenada, o noso bieito, que se manifestou varias veces en contra do mesmo, deixounos dito algo moito máis fermoso con respecto á demografía pontevedresa. Cóntanos que no verán de 1745 “en el arrabal de



Pontevedra, que todo es de marineros y el cual el siglo pasado tenía cerca de mil vecinos, paseándome yo por el, apenas encontré dos viejos, tres niños y cuatro viejas, habiendo sido testigo de que antes de 710 hervía de gente el dicho arrabal. El verano de 755 noté, y con especialísimo gozo, que todo el arrabal dicho hervía de niños, y conté cincuenta, sesenta y ochenta retozando como corderitos, y lo que hace el caso que ninguno pasaba de diez años. ¿Y por qué? Porque acabadas las guerras el año de 46 bastaron diez años solos para ver el aumento de la población”.

Temos aquí un relato no que bule a vida, aínda que se resinta a fidelidade e o cientifismo. O mesmo que cando nos conta, un pouco antes, que unha moza dun porto de mar (mágoa que non nos dixese de cal se trataba) se queixaba de permanecer aínda solteira, porque eran 300 as mozas que alí había en idade de merecer e unicamente 7 mozos mariñeiros casadeiros. Isto é moi crible, considerando que as guerras, neste caso contra Inglaterra, deixaban despoboados os nosos portos, sobre todo desde que Patiño, en 1737, instaurou, importándoa de Francia, a matrícula de mar, que afianzará, en 1748, o devandito Marqués da Ensenada. O que semellaba ser un monopolio beneficioso, xa que só os mariñeiros matriculados poderían traballar no mar, resultou desastroso, porque todos eles quedaban suxeitos a ser chamados a servir nos barcos de guerra desde os 17 ata os 60 anos. Para evitar estas levas, moitos mozos fuxiron a Portugal onde se asentaron e continuaron alí o oficio da pesca.

Todo isto ocasionou que nos portos de mar non houbese máis que rapaces de menos de 17 anos, vellos de máis de 60 e mulleres. É ben coñecida esta situación nos portos de Cangas e de Muros, onde as mulleres chegaron a solicitar, con resposta negativa, que homes non matriculados puidesen levar os barcos ao mar, xa que estes estaban a podreecer en terra e elas a morrer de fame. O mercado da pesca quedou desfeito, polo que pouca máis actividade había que a necesaria para sobrevivir, xa que, aínda que se matase peixe, nin había posibilidade de comercializalo. Precisamente por estas datas de mediados do XVIII, dicía Bernardo de Ulloa que no mar galego había moito peixe, pero “aquella infeliz gente sale a pescar quando el arriero ó mercader, que les ha de tomar el pescado, se lo manda, ó les anticipa para su manutención”. Proba de que había moito peixe é que poucos anos despois principian a chegar ás nosas costas os cataláns. Do declive demográfico de Pontevedra ao longo deste século XVIII foi, en parte, responsable o crecemento de Vigo, que

acadou os 10 000 habitantes nas fins do mesmo e principiou o despegue ata achegar á urbe actual.

Unha das vantaxes que tiñan os habitantes da Pontevedra do Padre Sarmiento con respecto aos actuais era que a illa de Tambo, hoxe en situación ambigua con respecto á súa titularidade e ao tratamento ou non de parque a nivel de Cies, Ons ou Sálvora, debía de estar libre da vexetación arbórea, o mesmo que, século e medio antes, cando Góngora, na *Soledad Segunda*, a cantou como “Isla, mal de la tierra dividida, / Cuya forma tortuga es perezosa”. O noso bieito deixou escrito sobre ela o seguinte: “En la Isla de Tambo, a una legua larga de Pontevedra, nace un vegetable (sic), que allí llaman *herba becerra*, que es una especie de abrotano, de olor muy subido. Cuando sopla el sudueste, se huele en Pontevedra”. Canto mellor era daquela recender o perfume de abrotanos, tipo manzanilla, cando viña o vento da ría que hoxe, nas mesmas condicións de vento, sufrir os mercaptanos emitidos pola celulosa.



Fala tamén Sarmiento do moito viño de Ribadavia que mercaban os ingleses e que saía por este porto de Pontevedra, polo que non admira que o gremio máis rico da vila, segundo el, fose o de toneleiros, pola cantidade de pipas que facían para embarcalo. Sabemos que o carrexo de viño se facía en odres ou pellos a lombo de cabalerías, trasfegándose aquí para toneis, recipiente habitual para o transporte de líquidos por mar, despois da desaparición das ánforas, de onde o nome de tonelaxe para a capacidade das embarcacións e o seu desprazamento. Deixaron os ingleses de mercar este noso viño do ribeiro porque –sigo a Sarmiento– a avaricia rompe o saco e, vendo que era un moi bo negocio facer e exportar viño, deron en plantar viñas a oito, en detrimento da calidade do produto. Engade que, polo mesmo motivo, tamén se perderon as

exportacións dos escabeches de ostras que nesta Boa Vila se facían, así como os de biscoitos de Monforte ou os de queixos do Cebreiro. En repetidas ocasións fala Sarmiento dos queixos que hoxe chamamos “de tetilla”. Ou se fixeron máis pequenos desde o século XVIII, ou se introduciu un diminutivo eufemístico, xa que para el sempre foron “queixos de tetas”.

Despois desta perda de mercado, vemos que outro ilustrado galego pretendeu que se fixese unha obra custosísima para recuperalo. Nun traballo que escribín hai uns anos e que, por mor da durísima crise que afecta a Portugal, aínda segue inédito en Peso da Régua, núcleo do viño do Douro, dediquei varias páxinas a falar da canalización dese río en territorio portugués para permitir o traslado do viño ata Vila Nova de Gaia e desde o Porto cara a Inglaterra. Deixei dito alí o seguinte: “Naquel século XVIII, cando Portugal fixo navegable o Douro, malia as moitas dificultades, en Galicia xa se viña de perder a venda de viño do Ribeiro aos ingleses, polo que o ilustrado Pedro Antonio Sánchez escribiu un memorial a El-Rei Carlos III, reclamando a navegabilidade do Miño, que permitiría un comercio variado e a recuperación dos bos viños de Ribadavia. Recoñece que a obra non é doada, cando di: ‘No disimularé no obstante que hai muchos pasos dificultosos, en donde será preciso romper peñascos enormes y hacer canales. Pero sin esto no sería necesario instar a la navegación del Miño. Mucho mayores se hallaban en el Duero, y no obstante los portugueses las han vencido’ (Sánchez, 1973: 270). Obviamente, El-Rei Carlos III non lle fixo caso”.

Pero Sarmiento non fala unicamente de viño do ribeiro, senón que dá conta de que o cónsul francés enviou uns pipotes de viño de San Adrián de Cobres desde Pontevedra a París e Bordeos, onde foi moi eloxiado. Tamén probou o noso bieito este viño, que disque tiña desde había tres ou catro anos, e que, despois de bebelo, que o viño de Bordeos lle pareceu un chacolí. Tamén consideraba un chacolí o viño do Ulla, pero di que é mellor que o de Biscaia, engadindo que foi levado a Madrid, onde foi eloxiado, despois de ser bebido nunhas “mesas finas”.

Aínda que os “660 pregos” de Sarmiento son unha verdadeira mina, eu, por razóns de espazo, debo rematar estas glosas, non sen antes dar conta doutro produto de exportación de Pontevedra. Di o autor que en San Andrés de Lourizán, entre outras moitas quintas, está a do Marqués de la Sierra, que vende a Inglaterra buxos por valor de 100 dobróns. Engade que, pola súa densidade, o buxo non flota, e que un escultor

de Redondela chamado Vilar se especializou en facer crucifixos desta madeira, sendo moi cotizados. Cita tamén os trompos feitos de buxo, o que me lembrou que, na miña infancia, eran aínda os máis valorados e os mellores para facer o que el nomea niques e que nós, no Porto do Son, chamabamos nicres, dúas verbas emparentadas que nin figuran nos dicionarios galegos actuais. Engade que se facían en Pontevedra caixas de buxo que se exportaban a todo o mundo e que tamén se empezaron a facer aquí “júcaras” (cuncas pequenas para tomar chocolate) desta madeira.



Só me resta recomendar a lectura desta obra de Sarmiento por ser un verdadeiro encoro de erudición dun noso veciño do século XVIII.

Bibliografía

- CALO LOURIDO, Francisco (s/d): “Os barcos do Douro na ollada etnográfica de Lixa Filgueiras”. Museo do Douro. Peso da Régua (en prensa).
- FERNÁNDEZ MOSQUERA, Josefina (1963): “Pontevedra según el Catastro del Marqués de la Ensenada”. *El Museo de Pontevedra*, XVII. Pontevedra, pp. 19-147.
- MARAÑÓN, Gregorio (2010): *Raíz y decoro de España / Ensayos liberales*. Grandes Pensadores Españoles. Ed. Planeta DeAgostini, S. A. Barcelona. (1ª ed. 1933 e 1946 respectivamente).
- MÉNARD, Caroline (2008): *La pesca gallega en Terranova, siglos XVI-XVIII*. C.S.I.C. Universidad de Sevilla. Madrid.
- SÁNCHEZ, Pedro Antonio (1973): “Representación al inmortal Rey D. Carlos III, sobre la navegación del Miño”: In *La economía gallega en los escritos de Pedro Antonio Sánchez*. Editorial Galaxia, Vigo.

VERTEBRADOS MECOS II: peixes mariños da contorna do municipio do Grove

Por: Cosme Damián Romay Cousido¹ e Abrahám Padín Guillán².

¹ Dpto. de Bioloxía Animal, Bioloxía Vexetal e Ecoloxía. Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña. Cámpus da Zapateira, s/n. 15071 A Coruña. E-mail: c.d.romay@udc.es.

² R/Alexandre Bóveda, 38, 2º piso. 36980 O Grove. E-mail: info@todosub.com.

Introdución

O presente artigo sobre peixes mariños é o segundo dunha colección de catro traballos sobre os vertebrados (isto é, animais con columna vertebral ósea ou cartilaxinosa) rexistrados no municipio do Grove, que recibe o nome de “Vertebrados mecos” (referencia bibliográfica **A**). É o primeiro traballo que aborda de xeito específico a diversidade, distribución e nomenclatura de toda a ictiofauna meca, e completa a información existente para este grupo en Galicia (referencias **B** a **Ñ**).

Área de estudo e métodos

Considérase como área de estudo a contorna mariña do municipio do Grove (suroeste de Galicia). Os vértices da zona mariña asignable ao municipio meco sitúanse equidistantes cos litorais dos concellos de Ribeira, A Illa de Arousa, Cambados e Sanxenxo. Esta área abrangue 6,5 km² de contorna mariña, que se atopa parcialmente protexida (**A**). A efectos de estudo, considéranse as cuadrículas UTM de 1x1 km que posúen parte ou a totalidade da súa área na contorna marítima municipio do Grove, en total 100 (Figura 1). Algunhas destas cuadrículas foran xa consideradas no anterior estudo de “Vertebrados mecos” (**A**). Os datos proceden principalmente do Programa de Seguimento realizado pola Unidade Técnica de Pesca de Baixura (PS-UTPB), do Servizo de Planificación da Consellería do Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia, xunto con datos propios do autor e dos colaboradores (ver Agradecementos e dedicatoria). Considéranse na Táboa 1 todas aquelas cuadrículas con ao menos unha cita (observación directa ou restos) dunha determinada especie de peixe mariño no período 1986-2014, inclusive.

Resultados e discusión

Para o período 1986-2014 rexistráronse 124 especies de peixes de mar na contorna mariña do municipio do Grove, máis unha non determinada a nivel específico. De 103 das 124 especies existen datos de presenza en cuadrículas UTM de 1x1 km, cun total de 1521 datos non repetitivos (Táboa 1). Destes datos, o 70,0% corresponden ao PS-UTPB, e o 30,0% restante a datos inéditos. A distribución das 103 especies de peixes con datos por cuadrícula foi en xeral restrinxida no contexto das 100 UTM da área de estudo, cunha media de 14,8±14,5 cuadrículas ocupadas por especie, cun rango de 1 a 69 cuadrículas. Destacan as citas de *Seriola dumerili* e *Dicentrarchus punctatus*, especies non mencionadas no catálogo galego de peixes (referencia **I**). Agradécese o envío de rexistros para calquera cuadrícula UTM de 1x1 km sen datos para unha determinada especie, ou nomes tradicionais inéditos, aos enderezos e/ou correos electrónicos dos autores.

Agradecementos e dedicatoria

A Francisco J. Filgueira, José Molares e Rafael Bañón (Consellería do Medio Rural e do Mar) pola súa importante axuda. A David Villegas-Ríos (IMR/Noruega), Jesús A. Otero (Confraría do Grove), Francisco J. Romay, Antonio Fontoira García, Antonio Fontoira Domínguez, Benigno Charlín e Isaac Silva por aportar novos rexistros e notas. A Toño Maño (Tiburones en Galicia) e Atocha Ramos pola revisión do texto. Tamén a Gonzalo Mucientes (IIM/CSIC) pola súa interese. Este artigo está dedicado á memoria de Juan Carlos Cabrero Figueiro (1964-2014), bo amigo e gran coñecedor dos peixes e doutra fauna do Grove e que tería enriquecido, e moito, este artigo.

Referencias bibliográficas (as webs sinaladas eran accesibles con data 12/1/2015):

- A.** Romay, C. D.; Cabana, M.; Cabrero, J. C.; Ferreiro, G. & González, E. 2014. Vertebrados mecos. I: Peixes continentais, anfibios, réptiles e mamíferos terrestres do municipio do Grove. *Aunios* 19: 43-48. | **B.** Rodríguez-Solórzano, M.; Devesa, S. & Soutullo, L. 1983. *Guía dos peixes de Galicia*. Ed. Galaxia. | **C.** Rodríguez, X. L. & Vázquez, X. 1992. *Peixes do mar de Galicia*. Volume I. Ed. Xerais. | **D.** Rodríguez, X. L. & Vázquez, X. 1994. *Peixes do mar de Galicia*. Volume II. Ed. Xerais. | **E.** Rodríguez, X. L.; Vázquez, X. & Álvarez, H. 1995. *Peixes do mar de Galicia*. Volume III. Ed. Xerais, Vigo. | **F.** Fernández de la Cigoña, E. 1999. *Tódolos peixes de Galicia*. Guías Natureza Galega. Ed. Ir Indo. | **G.** Fernández de la Cigoña, E. & Oujo, J. M. 1999. *Fauna das augas galegas. Crustáceos, peixes, réptiles, aves e mamíferos*. Col. Natureza Galega, Vol. XIV. AGCE/IGEM. | **H.** Martínez, L. A. 2013. *Guía visual de peces de Galicia*. Versión 1.2, febreiro 2013. URL: <http://bit.do/peixes> | **I.** Bañón, R.; Villegas-Ríos, D.; Serrano, A.; Mucientes, G. & Arronte, J. C. 2010. Marine fishes from Galicia (NW Spain): an updated checklist. *Zootaxa*, 2667: 1-27. | **J.** Villegas-Ríos, D. 2014. *Peixes de Galicia*. URL: <http://peixesdeg Galicia.blogspot.com> | **K.** Maño, T. 2014. *Tiburones en Galicia*. URL: <http://tiburonesengalicia.blogspot.com> | **L.** Bañón, R. 2014. *ICTIOGAL*. URL: <http://ictiogal.blogspot.com> | **M.** Ríos Panisse, M. C. 1997. Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. I. Invertebrados y peces. *Verba*, Anejo 7. Univ. de Santiago de Compostela. | **N.** Enríquez, M. C. 1974. Léxico de O Grove. *Verba*, Anejo 3. Univ. de Santiago de Compostela. | **Ñ.** Romay, C. D. 2009. Historia Natural. En: Rubirosa, C. (coord.). *O Grove, foron outros tempos*. Pp. 382-385. Teófilo Comunicaciones / Dep. de Pontevedra. | **O.** Anónimo. 2014. Capturan un atún de case 25 kilos na praia da Lanzada. *La Voz de Galicia*, edición 25.06.2014. URL: <http://bit.do/atum>.




FIGURA 1. Mapa do municipio do Grove e concellos adxacentes, detallando a contorna marítima considerada (cor cincenta escura), as áreas de mar colindantes (cor cincenta clara) e as cuadrículas UTM de 1x1 km consideradas no presente estudo. Os números ata o 48 (inclusive) corresponden a UTM's xa analizadas na anterior entrega de "Vertebrados mecos" (referencia A), e que se completan nesta entrega con novos datos e con información doutras 59 cuadrículas máis.

TÁBOA 1. Peixes mariños rexistrados na zona de estudo (ver Figura 1) entre 1986 e 2014 inclusive. Para a taxonomía (nome das familias e secuencia de especies) séguese a referencia I. Os nomes subliñados son aqueles propios do Grove (recollas dos autores, de persoas citadas en agradecementos e escolma das referencias M e N). Os nomes sinalados en grosa (negriña) corresponden aos dados na obra F. As cifras en grosa corresponden ao total de cuadrículas ocupadas por cada especie. Os números subliñados corresponden a recollas dos autores ou aportacións das persoas citadas en agradecementos,

inéditas ata agora, agás se se indica a referencia bibliográfica da cita. Os números entre paréntese son daquelas citas dentro dunha cuadrícula pero fóra da contorna marítima abarcada:

1.1. Datos xerais:

- Petromyzontidae | *Petromyzon marinus* | Lamprea, **lamprea mariña**. ▶ 4 | 6, 7, 17, 97.
- Cetorhinidae | *Cetorhinus maximus* | **Marón**, **tiburón peregrino**, momo. ▶ 1 | 39 (referencia K).
- Scyliorhinidae | *Scyliorhinus canicula* | Patarroxa, pintarroxa, melgacho. ▶ 20 | 6, 7, 30, 40, 41, 51, (52), (53), 62, 63, 65, (69), 73, 76, 80, 82, 89, 96, 97, 98.
- Torpedinidae | *Torpedo torpedo* | Estrugha, **tremedeira cinco ollos**. ▶ 3 | 7, 16, 41.
- Rajidae | *Raja brachyura* | Raia, **raia bocarroxa**. ▶ 1 | 76.
- Rajidae | *Raja clavata* | Raia cravuda, raia crebuda, **raia común**. ▶ 2 | 76, 86.
- Rajidae | *Raja microocellata* | Raia, **raia colorada**. ▶ 1 | 48.
- Rajidae | *Raja montagui* | Raia, **raia pintada**. ▶ 1 | 80.
- Rajidae | *Raja undulata* | Raia, **raia marmórea**, raia mosaico, raia ondulada. ▶ 34 | 3, 4, 5, 6, 11, 12, 13, 14, 15, 20, 21, 40, 41, 42, 46, 48, (54), 55, 56, 57, 58, 59, 69, 71, 73, 76, 77, (78), 79, 80, (81), 91, 92, 93.
- Dasyatidae | *Dasyatis pastinaca* | Ferreiro, ouxa, lembrudo. ▶ 4 | 19, 20, 11, 75.
- Myliobatidae | *Myliobatis aquila* | Ferreiro, ouxa, **aguia mariña**, **chuchu**. ▶ 12 | 2, 3, 5, 6, 9, 11, 15, 16, 20, 21, 39, 40.
- Anguillidae | *Anguilla anguilla* | Anquilla, anghila, anghía, sabroso, **anguía**, **ciroa**, anguila, enguía. Meixóns (os pequenos). ▶ 18 | 1, 2, 3, 4, 6, 7, 9, 10, 11, (12), 15, 16, 17, 20, 36, 75, 78, 81.
- Muraenidae | *Muraena helena* | **Morea**, morena. ▶ 9 | 1, 2, 7, 14, 30, 33, 38, 39, 41.
- Congridae | *Conger conger* | Conghrio, concro, concrio, **congrio**, congrio. Anghiacho, anguiaco (cando son pequenos). ▶ 43 | 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 19, 21, 22, 30, 31, 45, 46, (50), 54, 56, 63, 66, 67, 69, 70, 73, 76, 77, 85, 87, 89, 90, 91, 96, 98, 101, 104.
- Clupeidae | *Sardina pilchardus* | **Sardiña**, **Xouba**, **xoubiña**, **parrocha** (as pequenas). ▶ 18 | 16, 33, 40, 41, (50), 51, (53), (61), 71, 80, 87, 88, 90, 91, 92, 93, 97, 100.
- Clupeidae | *Alosa fallax* | Sambogha, **saboga**, sabela, zamborca. ▶ 2 | 40, 45.
- Clupeidae | *Alosa alosa* | Samborca, samborgha, **sábalo**, zamborca, tasca, sabre. ▶ 2 | 40, 48.
- Engraulidae | *Engraulis encrasicolus* | Bocareu, bucareu, bocarte. **Anchoa** (cando se envasa en lata). ▶ 1 | 62.
- Argentinidae | *Argentina sphyraena* | Piardo, arxentina, pión de altura, piarda. ▶ 1 | 50.
- Salmonidae | *Salmo trutta trutta* | **Reo**, **troita mariña**, **troita maresa**. ▶ 12 | 4, 6, 5, 7, 10, 14, 21, 39, 41, 66, 74, 98.
- Gadidae | *Trisopterus luscus* | Faneca, **faneca común**. ▶ 69 | 1, 2, 3, 6, 7, 9, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 19, 21, 22, 30, 31, 38, 39, 40, 41, (48), 49, (50), 51, (52), 53, (54), 55, 56, 58, 57, 58, (59), 62, 63, 64, 65, 66, 67, 69, 70, 71, 72, 73, 74, 76, 77, 79, 80, 82, 83, 85, 86, 87, 88, 89, 90, 91, 92, (94), 95, 96, 97, 98, 99, 100, 101, (103).
- Gadidae | *Trisopterus minutus* | **Faneca menor**, **fodón**, macho. ▶ 20 | 14, 21, 45, 46, (50), 51, (52), (54), 56, 63, 67, 70, 71, 73, 80, 83, 87, 88, 89, 90, 98.
- Gadidae | *Micromesistius poutassou* | **Lirio**, bacaladilla. ▶ 15 | 40, (50), (51), 53, 65, 66, 70, 71, 87, 89, 90, 91, 97, 98, 106.
- Gadidae | *Pollachius pollachius* | Abadexo, badexo, corbelo, **badeixo**, sarreta. ▶ 33 | 6, 12, 14, 21, 30, 39, 40, 41, 45, 46, 48, (51), (52), 53, (54), 56, 57, 65, 66, 67, 72, 77, 80, 87, (88), 89, 90, 91, 94, 96, 98, 99, (101).
- Lotidae | *Gaidropsarus vulgaris* | Faneca barbuda, **barbada común**, barbada. ▶ 22 | 3, 12, 13, 14, 15, 16, 21, 45, 46, 50, 51, 52, 53, 58, 63, 67, 71, 72, 74, 79, 87, 101.
- Lotidae | *Gaidropsarus mediterraneus* | Faneca barbuda, **barbada das pedras**, barbada. ▶ 3 | 14, 30, 57.
- Lotidae | *Ciliata mustela* | Faneca barbuda, **anguía barbuda**, barbada. ▶ 3 | 4, 9, 54.
- Merlucciidae | *Merluccius merluccius* | Melrusa, merlusa, **pescada**, merluza, pescadilla. **Carioca** (cando son pequenas). ▶ 49 | 3, 13, 14, 15, 30, 41, 45, 46, 49, (50), 51, (52), 53, (54), 56, 57, (61), 62, 63, 65, 66, 67, 69, 70, 71, 72, 73, 74, 76, 77, 79, 80, 82, 83, 85, 86, 87, 88, 89, 90, 91, 92, (94), 96, 97, 98, 99, (104), 106.
- Lophiidae | *Lophius budegassa* | Rape, **peixe sapo**, rabada, xuliana. ▶ 2 | 89, (94).
- Lophiidae | *Lophius piscatorius* | Rape, **xuliana**, rabada, peixe sapo. ▶ 7 | (54), (55), 70, 82, (88), 91, (94).

- Atherinidae | *Atherina presbiter* | **Piardo**, piarda, **peixerrei**, peixe rei, piardón, pión, piobardo, piobordo. ▶ 7 | 7, 16, 49, 55, 58, 59, 67.
- Belontiidae | *Belone belone* | **Aghulla**, **agulla**. ▶ 20 | 4, 7, 33, 37, 39, 40, 52, 58, 59, 60, 66, 67, 74, 80, 87, 90, 91, 94, 97, 98.
- Berycidae | *Beryx decadactylus* | **Castañeta encarnada**, **castañeta vermella**. ▶ 1 | 39.
- Zeidae | *Zeus faber* | **Samartiño**, **San Martín**, **San Martiño**, **peixe de San Martiño**, peixe de San Pedro. ▶ 20 | 15, 16, 40, 41, 45, 46, (49), (50), (51), (52), 55, 67, 69, 77, 87, 89, 91, 92, 93, 101.
- Syngnathidae | *Hippocampus guttulatus* | **Cabalo do mar**, **cabaliño de mar común**, cabaliño de mar. ▶ 6 | 1, 2, 6, 11, 15, 16.
- Syngnathidae | *Syngnathus acus* | **Ghaiteiro**, **aghulla brava**, **culebra**, **culebra do mar**, **lagharta**, **agulla grande**, agulla. ▶ 13 | 1, 2, 4, 5, 11, 14, 15, 16, 20, 29, 58, 66, 74.
- Scorpaenidae | *Scorpaena notata* | **Demo**, **escarpón**, **ghaliña**, **escarpote**, **escarpote da lama**, cabracho. ▶ 5 | 12, 39, 53, 76, 89.
- Triglidae | *Chelidonichthys lucernus* | **Escacho**, **escracho**, **rubio**, **praiol**, **rubio alfondiga**, praiolo, alfóndega. ▶ 27 | 5, 30, 40, 49, 52, 53, 58, 60, 62, 63, 69, 70, 71, 76, 77, 79, 82, 86, 88, 90, 91, 94, 97, 98, 99, 100, 106.
- Triglidae | *Chelidonichthys lastoviza* | **Escacho**, **escracho**, **rubio**, **praiol**, **roibo borracho**, praiolo, alfóndega. ▶ 4 | 45, 88, 91, 101.
- Triglidae | *Chelidonichthys obscurus* | **Escacho**, **escracho**, **rubio**, **praiol**, **roibo berete**, praiolo, alfóndega. ▶ 16 | 13, 14, 50, 70, 71, 76, 77, (81), 90, 91, 45, 46, 96, 97, 98, 101.
- Triglidae | *Aspitrigla cuculus* | **Escacho**, **escracho**, **rubio**, **praiol**, **roibo escacho**, praiolo, alfóndega. ▶ 31 | 10, 12, 13, 15, 45, 46, 49, 50, 51, 52, 53, 62, 65, 66, 69, 70, 71, 72, 76, 77, 79, 82, 83, 86, 87, 88, 89, 90, 91, 97, 99.
- Cottidae | *Taurulus bubalis* | **Escarapote bravo**, bruxa, escorpión roco. ▶ 5 | 30, 31, 34, 38, 39.
- Cyclopteridae | *Cyclopterus lumpus* | **Lumpo**, **roncador**. ▶ 3 | 14, 24, 38.
- Moronidae | *Dicentrarchus labrax* | **Robalisa**, **rabalsa**, **arrabalisa**, **robalo**, **robaliza**, **rabaliza**, lubina. ▶ 30 | 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 9, 10, 11, 12, 14, 15, 16, 17, 19, 20, 21, 22, 29, 30, 31, 38, 39, 45, 48, 78, (81), 87, 96.
- Moronidae | *Dicentrarchus punctatus* | **Baila**. ▶ 2 | 14, 42.
- Serranidae | *Serranus cabrilla* | **Vello**, **serrán**, **sarrán**, **cabriña**, cabra. ▶ 40 | 1, 2, 3, 6, 7, 9, 12, 13, 15, 16, 17, 19, 20, 21, 22, 30, 31, 38, 39, 40, 41, 45, 46, 51, 53, 65, 66, 72, 74, 80, 87, 88, 89, 90, 91, (94), 96, 97, 98, (101).
- Carangidae | *Trachurus trachurus* | **Xurelo**, **xurel**, **xurela**, **chicharro**, **Chincho**, **manolito** (aos pequenos). ▶ 26 | 4, 12, 15, 33, 41, (48), (50), (51), 53, 58, 59, 65, 66, 71, 72, 74, 77, 80, 83, 87, 88, 89, 90, 91, 97, 98, 99, 106.
- Carangidae | *Seriola dumerili* | **Serviola**, peixe limón. ▶ 2 | 15, 38.
- Carangidae | *Trachinotus ovatus* | **Palometa**. ▶ 4 | 12, 21, 40, 46.
- Sparidae | *Dentex dentex* | **Dentón**, **dentudo**, dentón común, dentado, buraz, pancho, panchoz, pargo, prago. ▶ 1 | 40.
- Sparidae | *Pagrus pagrus* | **Pargho**, **pargo**, prago. ▶ 12 | 4, 10, 12, 13, 14, 15, 16, 30, 33, 56, 90, 101.
- Sparidae | *Diplodus cervinus* | **Sargho**, **sargo beado**, sargo real, breado, sargo breado. ▶ 6 | 21, 38, 39, 46, 66, 74.
- Sparidae | *Diplodus sargus* | **Sargho**, **sargo común**, sargo. ▶ 28 | 1, 2, 3, 6, 7, 8, 9, 12, 13, 15, 16, 17, 19, 21, 22, 30, 31, 38, 39, 40, 41, 46, 58, 80, 87, 91, 97, 101.
- Sparidae | *Diplodus vulgaris* | **Chaparella**, **chaparella**, **moxarra**. ▶ 25 | 3, 4, 10, 13, 14, 16, 29, 30, 40, 41, 45, 50, 51, 57, 65, 78, 80, (81), (84), 90, 91, 95, 97, 98, 101.
- Sparidae | *Diplodus puntazzo* | **Sargho**, sargo picudo, sargo bicudo. ▶ 4 | 38, 39, 40, 46.
- Sparidae | *Pagellus acarne* | **Burás**, **pancho bicudo**, buraz. ▶ 27 | 4, 13, 15, 45, 46, (50), (51), (52), 53, 56, (57), 58, (59), 65, 66, 71, 72, 77, 80, 83, 87, 88, 89, 90, 91, 97, 98, 99.
- Sparidae | *Pagellus bogaraveo* | **Ollomol**, **besugho**, **besugo**. **Pancho**, buraz (cando son pequenos). ▶ 18 | 1, 2, 3, 6, 7, 9, 12, 13, 15, 16, 21, 22, 30, 31, 38, 39, 41, 98.
- Sparidae | *Pagellus erythrinus* | **Panchoce**, **breca**, **paxel**. ▶ 3 | 91, 98, 101.
- Sparidae | *Sparus aurata* | **Dourada**, **dorada**. ▶ 30 | 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 9, 11, 12, 13, 15, 16, 17, 19, 21, 22, 29, 30, 31, 37, 38, 39, 40, 41, 43, 78, (81), 84, 98.
- Sparidae | *Boops boops* | **Bogha**, **boga común**, **boga muxe**, boga. ▶ 13 | 14, 16, 30, 40, 45, 50, 51, 58, 59, 66, 67, 73, 74.
- Sparidae | *Sarpa salpa* | **Soupa**, samboga. ▶ 14 | 1, 2, 6, 12, 13, 14, 15, 16, 21, 22, 30, 38, 39, 42.
- Sparidae | *Spondylosoma cantharus* | **Choupa**, **pancha**, **petaraña**, **pataraña**, **chepa**, **fiuncheira**, **petá**, **ferreira**, **ruda**, **tana**. ▶ 63 | 1, 2, 3, 4, 6, 7, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 19, 20, 21, 22, 29, 30, 31, 33, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 45, 46, 50, (51), (52), 53, (54), (55), 56, (57), 58, (59), 65, 66, 67, (69), 70, 71, 72, 73, 74, 76, 78, 80, (81), 82, 83, 84, 87, 88, 89, 90, 91, 93, 96.
- Sciaenidae | *Argyrosomus regius* | **Corvina**, **corvina común**, perca rexia. ▶ 6 | 21, 30, 39, 45, 80, 100.
- Mullidae | *Mullus surmuletus* | **Barbo**, **barbada**, **salmonete de rocha**, **salmonete de boa caste**, salmonete, salmonete de pedra. ▶ 44 | 3, 4, 7, 9, 10, 11, 12, 14, 15, 16, 17, 33, 39, 40, 41, 45, 46, (50), (51), 53, (54), 56, 57, 58, (59), (60), 62, 65, 66, 70, 71, 76, 77, 78, 80, (81), 87, 88, 90, 91, 97, 98, 99, (101).
- Kyphosidae | *Kyphosus sectatrix* | **Choupa perezosa**, **choupa preguizosa**. ▶ 1 | 39.
- Mugilidae | *Chelon labrosus* | **Muxo**, **muxo franco**, **franco**, **muxo negro**, **muxel**. ▶ 23 | 1, 2, 3, 6, 7, 9, 12, 13, 15, 16, 17, 19, 21, 22, 30, 31, 38, 39, 40, 41, 58, (78), 84.
- Mugilidae | *Liza aurata* | **Muxo**, **muxo saltón**, **muxel**. ▶ 32 | 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 9, 10, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 19, 20, 21, 22, 29, 30, 31, 33, 38, 39, 40, 41, 58, (78), (81), (84), (101).
- Labridae | *Coris julis* | **Señorita**, **doncela**, doncella, xulia, rubioca. ▶ 17 | 12, 14, 21, 30, 38, 45, 46, 50, 51, 66, 72, 74, 80, 87, 91, 98, 101.
- Labridae | *Labrus bergylta* | **Maraghotá**, **maragota común**, maragota (morfo liso), martela (cando son pequenas); **pinto**, **bodeón** (morfo punteado). ▶ 51 | 1, 2, 3, 4, 6, 7, 9, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 19, 21, 22, 29, 30, 31, 33, 34, 38, 39, 40, 41, 42, 45, 46, 48, (50), (51), 53, (56), (57), (58), 66, 67, (69), 72, 74, 80, 82, 87, (88), 89, 90, 91, 97, 98, 101.
- Labridae | *Labrus mixtus* | **Lavanco** (ao macho), **anela** (á femia), **maragota rei**, rei, can. ▶ 15 | 14, 21, 45, 46, (50), (51), 71, 80, 87, 89, 90, 91, (94), 95, 98.
- Labridae | *Symphodus bailloni* | **Rascón**, **vello**, **serrán**, **sarrán**, **serrán budión**. ▶ 32 | 1, 2, 3, 4, 6, 7, 9, 10, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 21, 22, 30, 31, 38, 39, 40, 41, 45, 46, (48), 56, 57, 58, 74, 80, 91, (101).
- Labridae | *Symphodus melops* | **Rascón**, **vello**, **serrán**, **sarrán**, **serrán vello**. ▶ 14 | 4, 9, 13, 14, 21, 39, 40, 41, (48), 53, 78, 91, 98, (101).
- Ammodytidae | *Ammodytes tobianus* | **Bolo**, **manxugha**, **meixugha**, **menxugha**, **pión de Baldaio**, lanzón, areeiro, voador. ▶ 2 | 13, 16.

- Ammodytidae | *Hyperoplus lanceolatus* | **Bolo**, **manxugha**, **meixugha**, **menxugha**, **lanzón común**, bolo verde. ▶ **13** | 6, 13, 14, 15, 33, 40, 42, (52), (59), 66, 67, 72, 74.
- Trachinidae | *Trachinus draco* | **Faneca brava**, **peixe araña**. ▶ **5** | 16, 24, 34, 42, 47.
- Trachinidae | *Echiichthys vipera* | **Faneca brava**. ▶ **6** | 34, 41, 42, 47, 48, 93.
- Tripterygiidae | *Tripterygion delaisi* | **Lorcho cabeza negra**, casapo de cara negra, demo. ▶ **7** | 13, 14, 15, 16, 39, 40, 41.
- Blenniidae | *Parablennius gattorugine* | **Tartarexa**, **tartareixa**, **demo**, cabruza. ▶ **5** | 13, 14, 15, 16, 40.
- Blenniidae | *Parablennius pilicornis* | **Tartarexa**, **tartareixa**, **lorcha dentada**, bruxa. ▶ **6** | 1, 2, 3, 6, 7, 33.
- Callionymidae | *Callionymus lyra* | **Escarpón**, **lagharto**, **escarpón lira**, dragonciño. ▶ **20** | 6, 13, 14, 15, 16, 33, 34, 40, 41, 55, 56, 62, 63, 69, 70, 76, 77, 79, 80, 97.
- Gobiidae | *Gobius niger* | **Casapo**, **lorcho**, **lorcha negra**, **demo**. ▶ **4** | 2, 3, 7, (59).
- Gobiidae | *Gobius cobitis* | **Casapo**, **lorcho da pedra**, **lorcha cabezuda**, gobia da pedra, gobio xigante. ▶ **4** | 1, 2, 30, 38.
- Gobiidae | *Gobius cruentatus* | **Casapo**, **lorcho**, **lorcha de sangue**, gobio de boca vermella. ▶ **8** | 13, 14, 15, 16, 24, 39, 40, 46.
- Gobiidae | *Gobiusculus flavescens* | **Casapo**, **lorcho**, **lorchiño de dúas manchas**, gobio nadador. ▶ **20** | 1, 2, 6, 12, 13, 14, 15, 16, 21, 22, 24, 30, 33, 34, 38, 39, 45, 46, 48, 87.
- Gobiidae | *Pomatoschistus minutus* | **Casapo**, **lorcho**, **gobio pequeno**, gobio de area. ▶ **26** | 1, 2, 3, 4, 5, 6, 9, 10, 11, 14, 15, 16, 19, 20, 24, 29, 37, 43, 44, 59, 60, 68, 75, 78, 81, 84.
- Gobiidae | *Thorogobius ephippiatus* | Gobio leopardo. ▶ **2** | 13, 14.
- Scombridae | *Scomber scombrus* | **Xarda**, **rincha**, cabala. Torno (cando é pequeno). ▶ **15** | 33, 40, 41, 42, 45, 46, 48, (49), 58, 87, 89, 90, 93, 98, (101).
- Scombridae | *Thunnus thynnus* | **Atún**, atún vermello. ▶ **1** | 33 (referencia O).
- Scombridae | *Auxis rochei* | **Melva**. ▶ **2** | 49, 87.
- Scophthalmidae | *Scophthalmus rhombus* | **Coruxo**, coruxa, sollo. ▶ **25** | 4, 5, 10, 11, 14, 29, 33, 40, 41, (50), (58), (59), (61), (69), 71, 72, 76, 78, (81), 86, 92, 93, (94), 100, 101, 106.
- Scophthalmidae | *Scophthalmus maximus* | **Rodaballo**. ▶ **15** | 10, 13, 40, 41, 42, 62, 73, (81), 91, 92, 93, (94), 100, (104), 106.
- Scophthalmidae | *Zeugopterus punctatus* | **Tapa**, **falso rodaballo**, tapacona, coruxo. ▶ **13** | 15, 16, 39, 40, 41, (50), 66, 67, 71, 74, 91, 92, (101).
- Scophthalmidae | *Zeugopterus regius* | **Ollón rexio**, tapaconas. ▶ **7** | 6, 21, 40, 41, 45, 46, 65.
- Bothidae | *Arnoglossus imperialis* | **Rapapelos imperial**, peludo. ▶ **4** | 50, 65, 71, 92.
- Bothidae | *Arnoglossus thori* | **Rapapelos pintado**, peludillo punteado. ▶ **1** | 106.
- Bothidae | *Arnoglossus laterna* | **Rapapelos menor**, peludo, peludo mediterráneo. ▶ **4** | 53, 63, 69, 90.
- Pleuronectidae | *Platichthys flesus* | **Solla**, **solla común**, platixa. ▶ **24** | 4, 5, 6, 7, 17, 19, 20, 30, 34, 40, 41, 42, (54), (55), 58, (59), (60), 63, 67, 74, (81), 90, 92, 93.
- Pleuronectidae | *Pleuronectes platessa* | **Solla de altura**. ▶ **2** | 42, (57).
- Soleidae | *Solea solea* | **Linguado común**, linguado. ▶ **33** | 5, 9, 10, 11, 16, 20, 29, 40, 41, 42, 49, (52), 53, (60), (61), 62, 65, 69, 70, 71, 76, 77, (78), (81), 82, 84, 85, 90, 91, (94), 96, 100, (106).
- Soleidae | *Solea senegalensis* | Linguado. ▶ **39** | 3, 5, 9, 10, 11, 12, 13, 15, 20, 29, 30, 40, 42, 49, (52), 53, (57), (60), (61), 62, 63, 69, 70, 71, 72, 74, 76, 78, (81), 82, (85), 86, 90, 91, 92, (94), 96, 98, 106.
- Soleidae | *Pegusa lascaris* | **Acedia**. ▶ **27** | 10, 12, 14, 39, 40, 41, 45, 46, 49, (53), (59), 63, 65, (69), 71, 72, 76, 77, 87, 90, 91, 92, 96, 97, 100, (104), (107).
- Balistidae | *Balistes caprisicus* | **Peixe porco**, peixe ballesta. ▶ **26** | 1, 2, 3, 10, 13, 15, 16, 17, 30, 31, 33, 38, 39, 40, 41, 45, 46, 48, 58, 59, 66, 74, 80, 87, 91, 101.
- Molidae | *Mola mola* | **Peixe roda**, **orellán**, **peixe lúa**, peixe lúa. ▶ **2** | 12, 87.

1.2. Especies pendientes de confirmación:

Ammodytidae | *Gymnammodytes semisquamatus* | *G. cicerelus* | Galeota da area, lixeirón. ▶ **1** | (52).

1.3. Especies confirmadas na zona de estudo, pero sen asignar cuadrícula:

Scyliorhinidae | *Scyliorhinus stellarus* | **Patarroxa**, **roxa**.

Carcharhinidae | *Prionace glauca* | **Quenlla**.

Carcharhinidae | *Mustelus mustelus* | **Cazón liso**.

Carcharhinidae | *Mustelus asterias* | **Cazón branco**.

Carcharhinidae | *Galeorhinus galeus* | **Casón**, **cazón común**.

Torpedinidae | *Torpedo marmorata* | **Estrugha**, **tremedeira xaspeada**.

Phycidae | *Phycis phycis* | **Bertorella**, **bertorella de rocha**.

Scomberesocidae | *Scomberesox saurus* | **Alcrique**, **aghullón**, **chandarme**, **chiindarme**, **pataghillón**, **paparda**.

Bramidae | *Brama brama* | **Castañeta**, **castañeta negra**, **palometa**, **castañeta común**.

Gobiesocidae | *Lepadogaster candollei* | Chafarrocas, peixe lapa.

Gobiesocidae | *Diplecogaster bimaculata* | **Peixe lapa vermello**.

Syngnathidae | *Syngnathus typhle* | **Ghaiteiro**, **aghulla brava**, **culebra**, **culebra do mar**, **lagharta**, **agulla brava**, agulla (referencia B).

Labridae | *Centrolabrus exoletus* | **Vello**, **vello das rochas**, piloto.

Labridae | *Ctenolabrus rupestris* | **Taberneiro**.

Labridae | *Symphodus cinereus* | **Serrán común**, serrán de area.

Gobiidae | *Gobius xanthocephalus* | Lorcho de cabeza amarela.

Gobiidae | *Gobius paganellus* | **Lorcha das pedras**.

Gobiidae | *Gobius gasteveni* | Lorcho.

Scombridae | *Scomber japonicus* | **Rinchón**.

Scombridae | *Sarda sarda* | **Bonito**.



BAIXOS OU PEDRA DOS BRUYOS

Por: Manuel Chazo Cores

Fíxose o asexo e as lanchas largaron as súas redes do xeito. O mar cobrouse con cerrazón de néboa húmida e chuviosa preto dos baixos dos Bruyos. Os galeóns fondearon separados, era unha noite perigosa, imposible levantar rizóns ou as poutadas.

Chegaban as lanchas cargadas de sardiñas ata non dar máis, parecían que ían ao fondo. Tiñan cheos os paneis e as pezas aínda viñan cargadas de sardiñas sen desenmallar posadas encima, dende a tilla á proa.

O motoveleiro "Joaquín" fondeou por barlovento do baixo Meán e comezou a encherse de sardiñas cargadas de oito ou dez lanchas que se ían ao fondo se non descargaban, pechados de néboa, descargaron as que puideron.

A chamada da trompeta era o sinal para orientalas e informarlles que había un galeón comprando. Era unha noite de forte cerrazón, aínda que a pesca fora abundantísima. Facíase garda para ter controlados os baixos dos Bruyos, só se escoitaba o chapuzar do vogar dos remos.

Os Bruyos eran o noso inimigo. A 1'8 millas e a 235° de Punta Lens, e a 2'5 millas ao W. de Punta Carreiro atópase o centro dun escollo que se estende 600 metros de N. a S. e outros 600 metros do L. ao W. no que sobresaen sempre tres pedras grandes chamadas os Bruyos. A maior delas a de máis ao N. Están rodeadas de varias pedras que contornan o escollo e as cobren e descubren coas mareas.

As lanchas xeiteiras, unha vez terminaron de contar a pesca por cincocentas en cada cesta (dúas cestas eran dúas targas de cobre que significaba un milleiro), púñanse a desenmallar as sardiñas que aínda tiñan nas redes enriba da tilla. Na súa vida, dicía o meu pai, se atoparan en asombrosa faena, coa néboa mollona que se che pon nas pestanas coma se estivera chovendo.

Cando remataron o patrón José Marcelino Chazo Martínez ordenou a un mariñeiro, de nome Ignacio Fernández Otero, quedar de garda ata o amencer. Era un mariñeiro cantineiro. Como non podía durmir, botou o anzol ao mar e comezou a batallar cos congros que picaban en cantidade. Aquela noite de néboa, cando xa amencía, pescou unha <basoca>, un peixe moi grande e saboroso que deu comida para toda a dotación.

O patrón esperou a que clarexara ou des-pexara a néboa e

cando houbo visibilidade, fixou as marcas e mirou polo costado do galeón. Chamou polo seu fillo Manuel para que os dous miraran unha pedra, a uns dous ou tres metros por debaixo do motoveleiro, para comentarlle que fondeara ben, pero que ao lascar beta de noite, por seguridade, sempre se lle amarra un bourel para que a beta non roce coas pedras.

Xa por último comentaron a enorme pesca de congros que fixera o mariñeiro enriba do baixo Mean cando quedou de garda.

Estas faenas non se esquecen xamais mentres un viva.



Barco cargado de sardiñas. Años 50 do pasado século. O Grove.



O rapaz de a bordo aprendendo a tocar a bugna coa que despois chamarán ás lanchas xeiteiras.



Faro de Monte Louro. Punta Carreiro. Muros 2006.



AS VILLAE ROMANAS NA ILLA DE O GROVE

Por: Javier Fernández Soutullo

As construcións rurais romanas unifamiliares coñecidas como “VILLAE ” tiñan unha dobre finalidade: A de ser residencia do propietario e a súa familia e a de establecemento dunha explotación agrícola, ou doutra índole, adaptable aos caracteres xeográficos.

Baixo este concepto escóndese a realidade arqueolóxica destes emprazamentos na Gallaecia, a cal non deixaba de ser unha rexión periférica do Imperium.

Os estudos baséanse en simples achados de superficie, en estritas escavacións e tamén nunha base toponímica. A presenza de tégulas, bases, cerámicas, utensilios ou moedas en determinados e estratéxicos lugares, efectivamente indícanos a presenza e asentamento temporal dos romanos na nosa illa.

Elementos estruturais, pavimentos, mosaicos, estucos, muíños, louza... que se atoparon nestas villae, indícanos a súa morfoloxía e composición. Estes asentamentos tiñan como necesidades básicas: As boas comunicacións, proximidade ao mar ou de viais de acceso, sempre en zonas salubres con acuíferos próximos, cun amplo dominio visual, beleza da paisaxe, preto de terras fértiles ou de fartura de peixe e marisco, emprazamentos de media lareira ou baixo a protección dun monte e, por suposto, moitas horas de sol. Eran as recomendacións establecidas polos agrónomos latinos.

A distribución das villae na illa de O Grove, pode considerarse en tres categorías: Aquelas que contan con importantes restos escavados ou á vista (Adro Vello), as detectadas por aparicións de elementos construtivos como muros e mosaicos, áncoras e ánforas (A praia do Farruco), e aquelas nas que se atopan restos de muros, bases, cerámicas, tégulas, ladrillos, moedas... (Cantodorxo e Lavaxeira). Engadindo referencias toponímicas (Vilar - Ardenan) que, segundo os

estudos, provén doutro sufixo latino *da-an* engadindo ao topónimo orixinal vilar.


A catalogación no espazo – tempo remóntanos a unha datación entre os séculos I e V d.C. O conxunto das circunstancias e os achados atopados, indícanos a presenza das villae na illa de O Grove na época chamada do Alto Imperio, entre a segunda metade do século I até finais do século II d.C. Polo conxunto dos



Necrópole de Adro Vello

restos atopados en superficie, a existencia das villae, nalgúns casos, salvo amplas escavacións arqueolóxicas, poida que non sexan totalmente identificativas. Salvando Adro Vello, nas demais o seu reducido tamaño é indicativo de maior nivel de pobreza, aínda que non podemos aseguralo ao non posuír máis datos. As estruturas atopadas en Adro Vello son un gran número de estancias de tipo habitacional, algunha delas con restos de estuco pintado, protexidas do mar e delimitadas da praia por unha gran muralla de peche e contención con sillería granítica almofadillada. Nun nivel inferior atópanse varios píos de salga, o cal nos indica

que podería tratarse dunha factoría de salga de peixe de temperá datación (século I d.C), aínda que se estima que o maior nivel de ocupación data dos séculos III e IV d.C. O seu remate considérase que foi a causa do lume.



Traballos de escavación en Adro Vello

Nos anos 70, na beira da praia do Farruco, ó sur da illa, logo da construción de varias vivendas privadas a pé da praia, atópanse vestixios de muros habitacionais, muíños, bases, áncoras e cerámica. Anos máis tarde, na construción dunha piscina, cóntase que se atoparon varios mosaicos, aínda que en mal estado (todo desaparece). Pero a presenza dos mosaicos e incluso anteriormente das áncoras, indica que a casa era rica, pois contaba con baños e probablemente posuían barcos.

Nun recuncho da ría moito máis agochado e ao pé do monte do Outeiro, preto do Camiño da Serpe, está a Praia da Lavaxeira. Ao seu carón apareceron restos de varios muros dunha vivenda con bases e fustes de columnas, cerámicas, ladrillos, tégulas, moedas e restos de ánforas. Na década dos 70 unha casa asentada sobre o xacemento esgotou a posibilidade de ter máis datos do mesmo.

En canto o asentamento coñecido como Vilar-Ardenan, este contaba cun recinto amurallado cunha vivenda central. Barállase a posibilidade de que os seus moradores foran os primeiros usuarios das termas da Illa da Toxa, debido á súa proximidade e o doado acceso na baixamar, así como o gusto dos romanos pola cultura termal. Así mesmo, aínda hoxe o nome da villae deriva no Lugar de Vilar e do lugar de Ardia. De todo, tan só nos quedan restos do que puido ser o amurallamento e unha pequena fonte. Non obstante, como curiosidade, a unión destes dous lugares desemboca na denominada "A Vía", que era como os romanos chamaban ao vial de acceso ás urbes ou novos territorios.

Na parte norte da illa, no promontorio coñecido como Cantodorxo, aséntase un poboado galaico-romano con necrópole engadida no seu entorno, amplamente devastado por todo tipo de construcións de carácter residencial e industrial. Todo apuntaba que alí se daba a convivencia entre os habitantes do castro e unha villae romana, pois na necrópole atopáronse enterramentos de críos en tégulas e incluso restos de crucifixión (gárdome datos para un futuro artigo)...



Lucerna atopada na Illa de O Grove

COLABORA:



Deputación
Pontevedra


UNHA VISITA Á ILLA DE ONS NO MES DE AGOSTO DE 1974

Por: Fernando Alonso Romero

Neste artigo transcribo literalmente as notas que tomei na Illa de Ons no mes de agosto de 1974 no meu Diario de campo.


Castro "El Castillo"

Posúe tres fosos con terraplén; o máis próximo á cima é de enormes proporcións. No seu extremo Sur atópase a chamada "Cova da Moura". Dixéronme que antigamente se entraba con facilidade no seu interior e, ao parecer, tiña escaleiras esculpidas na rocha. Entrei na cova acompañado de Julián Becares, profesor arqueólogo da Universidade de Salamanca; así como de Juan Ribas, topógrafo do Museo Arqueolóxico de Ourense. Penetramos na cova con grandes dificultades dado o angosto da súa entrada. Arrastrándonos sobre o terreo logramos percorrer uns vinte metros ata chegar a unha zona onde o corredor da cova se estreitaba tanto que nos foi imposible continuar. Sen embargo, o tamaño da cova pareceunos que era maior posto que había claros sinais de derrubamentos. As súas paredes están labradas en terreo arxiloso, de moi boa calidade para a fabricación de tégulas e recipientes de barro; polo que probablemente a finalidade da apertura desta cova fora a explotación mineira do filón arxiloso aínda que, debido á súa proximidade ás vivendas do castro, é posible que se empregara tamén como almacén de alimentos ou refuxio no caso de perigo... Ocorréseme que falta por facer un estudo das covas ou pasadizos que se di que hai en case todos os castros; a maioría tamén coas súas correspondentes lendas de "mouros" e de "mouras", de tesouros ocultos, de animais monstruosos e de "encantos" ou aparicións sorprendentes; que posiblemente non teñan nada que ver coa finalidade orixinal destas covas.



Este castro atópase na ladeira Leste dun pequeno outeiro situado fronte á praia de Canexol. Entre o castro e o extremo final Sur da illa hai unha serie de campos nos que antigamente se cultivaba trigo; concretamente no situado na zona de Xastra atopamos cerámica castrexa; proba evidente de que o cultivo destes campos se remonta á Prehistoria. Probablemente a xente do castro cultivaba centeo ou trigo. Recordo que en Castro Mao, en Celanova, se atoparon grans de trigo carbonizados durante as escavacións efectuadas recentemente. O campo de cultivo da altiplanicie de Xastra está cercado polos restos dun antigo muro que alcanza unha altura dun metro aproximadamente e case dous de ancho. Pode tratarse quizais dun cercado para o gando, ou dun sistema defensivo dalgún antequísimo asentamento humano...

Campos de cultivo ao carón do Castro que se atopa no centro da foto ao fondo.



O sistema defensivo do castro El Castillo páreceme realmente enigmático pois os tres fosos que ten rodéano unicamente pola súa cara Oeste. O lado Leste carece de foso: posiblemente a súa defensa fora unha muralla, agora desaparecida quizais debido a que as súas pedras foran levadas para a construción das casas de Pereiró. Sorprende o tamaño e a existencia destes tres fosos nunha ladeira da súa cara Oeste, pola que lle resultaría difícil ascender a calquera invasor inimigo que desexara conquistar o castro posto que está sobre o mar, nunha zona na que é imposible desembarcar debido ás rompentes. Ocorréseme que quizais os seus habitantes se defenderan así do posible ataque dos primeiros illeiros

Casa grande de Canexol cos dous piornos na súa parte traseira.



que habitarían na zona norte da illa. Naturalmente isto é só unha suposición, aínda que fundamentada na existencia na illa de varios núcleos de poboación, algúns actualmente xa abandonados, e ao feito de que os illeiros do núcleo central de vivendas próximas ao peirao, consideran aos habitantes das zonas altas do Faro e da parte norte da illa máis brutos ou atrasados que os que vivían nas proximidades do pequeno porto. Segundo Staffan Mörling, na illa fálanse tres tipos de dialectos diferentes que se corresponden cos tres principais núcleos de poboación. Conviría estudar a fondo a historia da illa pois podería dar luz sobre as varias incógnitas que existen. Quizais algún día se atopen restos de habitación humana prehistóricos nas proximidades das praias do norte, pois por alí atopamos tamén fragmentos de cerámica. Non atopamos probas da existencia doutro castro na illa, pero si gran número de fragmentos de tégula nos campos situados fronte aos chamados “Laxes do Cura” próximos ao cemiterio, que nos mostraron o investigador Staffan Mörling e a súa esposa Josefa Otero, dona de ditos terreos, a cal nos contou que na súa infancia aparecían ás veces, cando se traballaba en ditos campos, grandes pedras labradas. Serían quizais restos dalgunha vila romana ou dalgunha primitiva construción cristiá?


O cemiterio actual é de construción recente, aínda que nos dixeron que antigamente había alí unha capela máis antiga e un cemiterio anterior. Non vimos restos nin dese suposto cemiterio vello, pero si o que nos pareceu ser unha pila bautismal abandonada fronte a unha fonte próxima ao cemiterio. Quizais as grandes lousas labradas que recorda ver Josefa Otero, pertenceron a ese vello cemiterio. Próximo a el atópase a casa de Josefa. Debeu se ser a máis rica da illa a xulgar polos enormes piornos que ten orientados de Leste a Oeste detrás da casa e situados paralelamente, deixando un amplo espazo entre eles que, conxuntamente coa traseira da casa, circundan un patio

onde, con ocasión da festa de San Joaquín, se celebrou un baile ao que acudiron os illeiros, case todos maiores e algún nenos. A parte baixa da casa de Josefa está destinada a taberna.

Segundo nos contaron, na “Laxe do Cura” había antigamente unha cruz e unhas inscricións gravadas na rocha, que din que aínda existen pero que debido á marea nos foi imposible ver; e tamén din que hai sepulturas antropomorfas, pero isto tampouco o puidemos comprobar. Tamén esta zona de campos, agora dedicados ao millo, estaba antes dedicada ao cultivo do trigo. Nos calores de agosto asombrounos que constantemente había alguén vixiando os campos para evitar que os corvos se comeran o millo. Os pais mandan aos nenos a xogar nas proximidades de ditos campos para que espanten aos corvos. Esta prohibido matalos, por iso os illeiros os espantan guindándolle

pedras coa man ou con fondas; pero como a illa se vén despoboando de ano en ano, coido que eses xogos infantís tan prácticos rematarán axiña.

Sepultura antropomorfa “Laxe do Cura”. Ao fondo, á esquerda, o barrio de Canexol e o “Castro da Moura” sobresaíndo.



AS CASAS NOBLES DA VILA DO GROVE: A TORRE DE BALEA E A DO GROVE

Por: Francisco Meis

A procura da intrahistoria mais esquecida e remota da vila é unha tarefa pendente tanto, como a procura do pasado nobiliario encabezado polas familias que foron perdendo o poder de antano e a súa influencia co paso das épocas. Os avatares do tempo, as guerras, a morte e os fins dos vínculos familiares decimaron aos séculos que foron superpoñéndose uns enriba dos outros desfigurando lentamente das memorias dos veciños, a existencia das familias máis influentes e as súas moradas fidalgas. Aferrados a perder a súa identidade quedaron as pedras das casas onde residiron como as derradeiras superviventes dos séculos pretéritos. Algunhas delas chegaron os nosos días desdebuxadas e outras, foron paulatinamente desaparecendo das súas situacións orixinais, diseminando as pedras entre outras edificacións e perdendo o derradeiro exemplo do patrimonio nobiliario da vila.

Se miráramos atrás coa suficiente sorte de poder albiscar o que acontecía na nosa vila durante os séculos que abranguen dende a Idade Moderna (1453-1789) ata a Idade Contemporánea (1789-2015) observaríamos como nalgún momento do século XVI ou XVII a lenda asociada á historia do meco comezaba a súa andadura dende aquela ata os nosos días e nese camiño angosto, historias como as das Casas-Torres da vila comezaban a xurdir dos cementos. Na idade Moderna edificáranse dúas das edificacións que perduraron durante séculos na vila sendo o baluarte do poder dos señores, máis ben, de prácticas feudais que exemplos de modernidade. A Casa Torre de Balea e a Casa Torre da vila do Grove foron as edificacións máis importantes e señoriais da historia nobiliaria da vila. A primeira tería como último señor ao Mestre de Campo, Don Ramón Pardiñas Villardefrancos e Taboada que nacendo en 1802 en terras de Santiago morrería con 38 anos na primeira guerra Carlista. Asolado por un batallón de inimigos déronlle morte ao pé dunha árbore que lle serviu como último refuxio antes de acabar executado. Con el esmorecerá tamén a Casa Torre de Balea converténdose en poucos anos nunha completa ruína e levando consigo ao cadaleito máis de dous séculos de historia. Paralelamente, co transcorrer das décadas, as xeracións do Grove perderán a súa imaxe -esa memoria patrimonial que se vai con cada persoa maior que nos deixa- así como o lugar concreto da súa radicación. Entre 1838 e 1876 a casa Torre de Balea vai desfacéndose ata desaparecer. Por aquel ano de 1876 soamente figurará como a casa máis antiga do municipio a Casa Torre do Grove. Aínda que é arriscado aventuralo e precisa de maior investigación para contrastalo, esta edificación posiblemente sexa a que hoxe convive con nós dunha forma desfigurada e agonizante preto das confluencias das rúas Luís A. Mestre, Alexandre Bóveda, Pablo Iglesias e Castelao. O que podemos constatar hoxe en día é a existencia dun anaco da Casa (único Pazo existente no municipio) acernada a metade e que nalgún momento do século XIX debeu perder a Torre que lle dá orixe ao seu nome. Este lugar pasaría de xeración en xeración ata os nosos días denominándose como "A Torre".

A persoa que iniciaría a construción da edificación e, por tanto do vínculo familiar, sería Xoaquín Fernández a principios do 1700. O inmovible está vinculado coa árbore xenealóxica dos Soutomaioir -liñaxe por outra parte das máis antigas e importantes da Península Ibérica- o que nos fai pensar que Xoaquín Fernández sexa un descendente da liña xenealóxica dos Fernández de Soutomaioir.

Os herdeiros desta familia, por motivos que descoñecemos, venderían a casa entre os anos de 1852-1880 a un indiano que veu de Cuba. Este novo personaxe, Luis Mestre Roig, edificaría a ámbolos dous lados do pazo sendas casas destinadas a herdanza dos seus dous fillos, das cales hoxe soamente podemos contemplar a que adquiriría Luís A. Mestre en 1891 a raíz da morte do seu pai. O poeta Luís A. Mestre falecería en 1921 e a finais dos anos 30 do pasado século mercaría a propiedade o conserveiro e polifacético emprendedor, Eugenio Escuredo Lastra. Hoxe os veciños do Grove chámanlle a Torre de Escuredo aínda que agora saibamos que a Torre xa non existe nin nunca foi de Escuredo e nin sequera dos Mestre.




As ruínas do único Pazo existente na vila do que soamente queda a metade en pé.

A UNIOS

Nº 20


MAIO 2015



ASOCIACION CULTURAL

Pineiróns





A ESCOLA DA ILLA DE ONS.

Apuntes da biografía do mestre Joaquín D. Fernández Cambeiro

Por: Arturo Sánchez Cidrás

Coa excepción de momentos moi puntuais, o abandono por parte das institucións do estado ao longo de todos os períodos nos que a illa de Ons estivo habitada é algo que a memoria e a historia confirman.

Unha desas poucas ocasións que nos consta que si se preocuparon foi na primavera do ano 1915 xa que os concelleiros de Bueu puxeron o foco na educación e marcaron en positivo o futuro de varias xeracións de insulares.

A modo de homenaxe a toda a comunidade educativa da illa (rapaces, pais, mestres, institucións, etc.) que fixo posible acender ese outro faro “do saber”, imos facer un pequeno percorrido polo nacemento da primeira escola así como polos docentes que deixaron pegada na memoria da illa e dos insulares realizando unha parada biográfica nun deses mestres como é Joaquín D. Fernández Cambeiro.

CREACIÓN DA ESCOLA DE ONS

Na Gaceta¹ do 12 de maio de 1915 aparece unha Real Orde do día 10 dándolle aos concellos do estado un prazo de corenta días para solicitar a creación de escolas con cargo aos presupostos do Estado. Isto fai que o alcalde de Bueu, José Rodríguez Estévez, o poña na orde do Pleno Ordinario a celebrar o 13 de xuño. Pleno que se tivo que celebrar, por indisposición do alcalde, baixo a presidencia do 1º Tenente de alcalde Miguel Nogueira Fraguas² e no que deciden a conveniencia de aproveitar esta oportunidade “*para pedir, en primeiro lugar a creación dunha escola para a Illa de Ons que carece de todo centro de ensinanza e conta xa cunha poboación de douscentos setenta e seis habitantes e unha de nenas para Beluso...*”. Infórmase que para poder solicitálas precísase ofertar ao Estado aulas e vivendas para os mestres así como material para as novas escolas. E “*respecto á da Illa de Ons, isto ofrecía algunha dificultade, pois alí non existía casa buscada, pero os veciños ao saber o que se pretende ofreceron unha do Sr. Marqués de Valadares e construíron material de instalación para a referida escola, podendo, por tanto, obrigarse xa o concello a pedir a súa creación*”.



O Pleno aproba autorizar ao alcalde para asinar o contrato de alugamento co dono da casa ofertada na illa de Ons así como para tramitar os “*expedientes e eevalos á Superioridade*”.

Feita a petición dentro do prazo, seguiron cos trámites, como era dar o visto bo á casa-escola para o cal, o nove de xullo, saíron de Bueu cara á illa no barco do concelleiro Francisco Garrido³ unha comisión do Concello acompañados doutras autoridades provinciais (deputado Sr. Antonio Pazos, Director da Graduada de Marín en representación do Xefe de Inspectores de Ensinanza, etc.)

O encargado de mostrar a casa-escola de Canexol foi o Sr. Marcial Bernadal, arrendatario da illa. Que chegaron a un acordo favorábel para todos testemuñano as crónicas da época e o xantar con que agasallou ás autoridades o Sr. Bernadal.

No mes de outubro dese mesmo ano recíbese un oficio do Director Xeral de 1ª Ensinanza adiantando a creación de dúas escolas en Cangas e xa todos daban por seguro que proximamente se anunciaría a creación das de Beluso e Ons pois estivera realizando xestións o Deputado e Director Xeral de Instrución Pública⁴ Sr. Eduardo Vincenti⁵. Efectivamente sería nos primeiros días do mes de novembro de 1915 cando se publica⁶ oficialmente a creación de cinco escolas na provincia de Pontevedra, das que correspondían dúas para Bueu: unha de nenas para Beluso e outra de nenos para a Illa de Ons. Xa todo estaba en marcha: confirmación oficial, casa-escola elixida, censo de nenos... só faltaba a figura do mestre.

¹ Equivalente ao actual Boletín Oficial do Estado (BOE) ou ao Diario Oficial de Galicia (DOG)

² Xa fora dúas veces alcalde e aínda o sería dúas veces máis.

³ Outros concelleiros ademais do mencionados eran: Camilo Davila, José López, Manuel Reboiras, Manuel Lafuente, Manuel e Ramón Martínez, Antonio Amoedo e Benito Fazanes

⁴ Con funcións do que coñecemos actualmente coma “Ministro de Educación”.

⁵ Xenro do que fora presidente do goberno Sr. Eugenio Montero Ríos e con grandes “amigos políticos” en Bueu.

⁶ A creación foi por Real Orde de 20 de outubro e publicado no B.O. do Ministerio do 5 de novembro 1915.

Ese mesmo ano convócase un Concurso Xeral de Traslados⁷. En Galicia o concurso resólvese o 21 de xaneiro de 1916 data coa que o Reitorado envía a lista á “Gaceta de Madrid” para que sexan publicadas e así confirmadas oficialmente. Nesa relación aparece xa cuberta a escola da Illa de Ons solicitada por Dona Antonia Novoa Suárez. Pero na mesma comunicación oficial decatáronse de que a creación da escola era “de nenos” ou sexa para ser desenvolvida por un mestre polo que aconsellaba “*anular o nomeamento e dar outra escola á opositora señorita Antonia Novoa, que foi quen a elixiu*”.

Esta decidida mestra facendo caso omiso a calquera recomendación presentouse días despois, 12-2-1916, no concello de Bueu para tomar posesión⁸ da escola de Ons. O alcalde en funcións Miguel Nogueira Fraguas asesorado polo Secretario municipal asina unha “Acta negativa de posesión” de tal xeito “... *que gardando o acatamento debido, considérase no deber de non dar posesión a Antonia Novoa Suárez, ínterin non se resolva o caso ... non obstante o cal haberá de ser considerada para os demais efectos con esta data para tomar posesión*”. Antonia Novoa Suárez, a pesar de todos os contratemplos, tivo a titularidade da súa praza en Ons ata que se resolveu o conflito e é, polo tanto, a docente que ten a honra de ser a primeira mestra “oficial” da illa de Ons.

Tomando o Reitor do distrito Universitario de Santiago cartas no asunto decide nomeala (4-4-1916) como mestra para escola de nenas de Pesqueiras en Salvaterra cunha dotación de 1000 pesetas e coa antigüidade da súa presentación na alcaldía de Bueu.

Uns días despois toma posesión, como mestre interino de Ons, Víctor Manuel Barbosa Barros⁹. Imaxinamos a grande dificultade para iniciar un labor docente poñendo os cementos a unha nova Comunidade Educativa ao que habería que engadir un medio difícil, de grandes carencias, con longas tempadas illado, etc.

“*En Canixol atópase a antiga casa de labor convertida agora en local da escola nacional, con piso alto á beira do mar, flanqueada por dous hórreos de labrada pedra, e ao fondo...*”¹⁰ Os únicos libros cos que se atopou na escola eran 12 exemplares¹¹ de “*El libro de las Escuelas*” de “*recoñecida utilidade nacional e mandado adquirir polo Ministerio*”.

Un ano máis sería un mestre interino o que ocupase a escola de Ons, este chamábase Ángel Sanmartín Lorenzo¹². Sería en novembro do ano 1917 cando accede como mestre definitivo da illa de Ons, que será dende agora “*escuela mixta*”, D. José Juan Piñón Mouriño¹³, ao que anos antes se lle adjudica o título de mestre da “Fundación Montero Ríos”. O seu período docente na illa foi bastante longo (1917-24), mais ao non vivir permanentemente na illa¹⁴ axudaba a que a invernia provocase un absentismo endémico cuxo efecto negativo se vía incrementado polas ausencias dunha grande parte do alumnado para realizar traballos de apoio á familia sobre todo na época da sementeira, da colleita...



A el toucoulle vivir o cambio de propiedade da illa, así como tempos duros de pelexa e enfrontamento dos colonos co Sr. Riobó como dono da illa. Tamén da claudicación humillante ante as demandas impostas por Manuel Riobó que en “*compensación*” “*lles outorga o perdón solicitado, condicionándoo ao cumprimento exacto dos deberes e obrigas [...] non só no que concirne aos contratos de arrendamento, senón principalmente gardando obediencia, respecto e consideración ao Sr. Riobó [...] que poñerá da súa parte todo o posible, a fin de conseguir o culto e a ensinanza na Illa, para que nunca poida dicirse, que alí déixanse criar sen educar, xeracións de seres dexenerados*”¹⁵.

A escola no curso 1923-24 estivo de reformas polo que o tempo de clases foi máis curto a pesar do cal houbo unha exposición de “Fin de curso” cos exercicios escritos realizados polos alumnos á que invitou formalmente á Xunta Local de Ensinanza. Do mellor alumno deste curso queda reflectido “*pola súa asiduidade, aplicación é María Otero López, filla de Marcelino e Matilde, pois a pesar de sela encargada do pastoreo do gando dos seus pais, nin unha soa falta... e conseguiu co seu esforzo persoal, nos escasos días que durou esta segunda etapa do curso, pasar ao segundo grupo do primeiro grao...*”

⁷ Para que os mestres poidan escoller escola por orde de puntuación persoal na escala profesional.

⁸ Era preceptivo antes de exercer nunha escola.

⁹ Toma posesión o 8-4-1916. Cun soldo anual de 500 pesetas, a metade do que cobraría o titular na illa de Ons. Cesa o 24-08-1916 para ir por concurso como titular a unha escola de Vitoria.

¹⁰ Salustiar Portela Pazos, 1954 p.68

¹¹ Dos 25 que mercara o concello en Marín para repartir entra as escolas recentemente creadas de Ons e Beluso.

¹² Posesión o 16-10-1916 e cese o 24-11-1917.


¹³ Tomou posesión o 25-11-1917 e cesou o 14-11-1924. Comezou cun soldo anual de 1000 pesetas para pasar a 3000 no 1924.

¹⁴ No consta nos censos de 1917, 1921 e 1924

¹⁵ Artigo sexto na “Acta de Conciliación de Manuel Riobó e os colonos daquel territorio, pola que recoñeceron estes como dono absoluto de dita Illa ao Sr. Riobó” 30 de novembro de 1921 ante o Xulgado Municipal de Bueu.

O Sr. J. José Piñón decide “asentarse en terra” e participa no Concurso Xeral de Traslados de 1924 no que se lle adjudica a escola da Magdalena-Darbo¹⁶ polo que a escola de Ons foi dada con carácter interino a José González González ata que no xullo de 1925 era asignada como titular definitivo a Aquilino Pérez Rojo. Pero, unha vez máis, os fados crúzanse con esta escola, e ten que anularse o nomeamento por falecemento do titular e ser colocado de forma provisional, á espera de adjudicación por concurso, a Ricardo Portela Pazos e logo ao mestre Sr. Fidalgo. Mais, a pesar disto, será José González González o que inicie e remate os curso dende 1924 ata 1927 e o que asine as memorias dos cursos. Interesante para coñecer algo máis do absentismo escolar é o que dicía na memoria do curso 1925-26: “*Cunha matrícula de 75 alumnos e unha asistencia de 30 soamente. A asistencia aumentou algo nos últimos días de setembro, baixou de novo en novembro, volveu a subir en xaneiro, mantívose máis constante ata mediados de abril e descendeu logo notablemente. As oscilacións obedecen ás necesidades do traballo no campo e na pesca... Non é fácil que os nenos fagan progresos cando asisten un mes, faltan enseguida quince días e así sucesivamente ... case todos os nenos desaparecen da escola aos nove ou dez anos, senón totalmente, por moi longos períodos de tempo durante o curso... O obstáculo principal é a escaseza de material, libros, mesas, papel, etc...*”. Non solicita “*por agora apoio ao Ministerio e Concello para cubrir esta xa que quere demostrar primeiro dúas cousas que na Escola Nacional mixta de Ons trabállase e obtense algúns resultados satisfactorios...*”.

E así chegamos ao mes de xullo de 1927 en que aparece publicado na “Gaceta”¹⁷ a adjudicación de prazas aos mestres



segundo número da oposición recentemente celebrada. Co número 231 aparece Joaquín D. Fernández Cambeiro para a mixta de Ons-Bueu (Pontevedra). Con Fernández Cambeiro, ao dicir da documentación e das testemuñas orais, o papel de mestre vese magnificado e, sobre todo, complementado co de asesor, portavoz, etc. dos que carecían de todo. O Sr. Cambeiro estaría vivindo coa súa familia na illa, onde lle naceron tres fillos máis, ata o 11 de setembro de 1933 que marcha para escola de Tal no concello de Muros.

En canto ao local escola-vivenda de Ons, no outubro de 1930 recíbese no concello de Bueu unha instancia de Dídio Riobó solicitando unha suba no prezo do aluguer da mesma. Xustificaba esta alza pola necesidade que houbo ao longo de moitos anos de mantemento daquela e que o custo disto dobrábase ao de “terra” pola peculiaridade insular. Tamén que desde que se inaugurou a escola pagábase por parte do concello 100 pesetas anuais “*can-*

tidade insignificante que non salda a metade das reparacións” no inmovible polo que solicita súbaselle a 600 pesetas. A resposta é a “*imposibilidade de atender este ano o que se pide por non haber consignación suficiente*” e que no ano seguinte estudaríase o que se pode facer. No mes de xullo do 1931 hai un Pleno no que se faculta ao alcalde Jesús Prieto García para que formalice o contrato da escola mixta e casa habitación do mestre co Xerente da Sociedade Illa de Ons (Dídio Riobó) polo prezo anual de 300 pesetas.

Logo de marchar Cambeiro, e xa a finais de novembro de 1933, nomean como seu substituto, con carácter interino a Ramiro Fernández Pérez¹⁸. Rematado o curso a escola sufriu un abandono tal que o 9 de setembro Dídio Riobó remite unha carta ao alcalde indicándolle que “*non podo silenciar por máis tempo, o abandono que se contempla ao visitar a casa escola e vivenda do mestre, alugada por ese concello en Ons. Non me foi posíbel por falta de chave penetrar no seu interior, onde particularmente infórmaseme, pronto será inhabitábel. No exterior advírtese a ausencia de cristais, en todas as ventás [...] e se comprobase este abandono, vereime na imperiosa necesidade de rescindir o contrato...*”. Ao longo de todo ese mes hai cruce de comunicacións entre o mestre, inspección de ensinanza e alcaldía todos eles para que se tomen cartas no asunto comezando por repoñer os cristais. O cinco de outubro é nomeado para Ons Antonio Bernárdez Barros mais cinco días despois tramítase o seu cese por concedérselle a titularidade dunha escola en Poio. Co nomeamento oficial, 22 de novembro 1934, de D. Ramiro Moure Moure¹⁹ como mestre titular e parecía que todo comezaba a ir normalizándose. Mais o que ocorre ata o 1937 é que o titular, Ramiro Moure, pide reiteradas licencias por asuntos propios²⁰ e ata abandona o destino²¹ polo que é suspendido de emprego e medio soldo durante dous meses co reintegro dos seus haberes do mes de xaneiro. A raíz disto solicita unha excedencia voluntaria²² que se lle concede.

¹⁶ Na que estará pouco tempo pois falecería o 22 de maio de 1926, aos 31 anos de idade.

¹⁷ 09-07-1927. Reprodúcese tamén no *El Diario de Pontevedra* do día 11, en *El Progreso* do 12 e no *El Noticiero Gallego* do día 18.

¹⁸ Cesou o 4-10-1934.

¹⁹ Natural de Boborás (Ourense)

²⁰ Como a de xaneiro de 1936 que foi por tres meses.

²¹ Xa no ano 1935 tiña que mandar carta de xustificación de forma mensual, ao Consello Local de Ensinanza, comunicándolles que estaba “*ao fronte da ensinanza desta escola de Ons*”. E en marzo de 1937 o Reitorado declarouno incurso no artigo 171 da Lei de Instrución Pública e no maio resolverse o expediente gubernativo imponéndolle a pena quinta do entón vixente Estatuto Xeral do Maxisterio.

²² Con outros dous mestres máis. A excedencia que solicita está no rango de “por máis dun ano e menos de dous” e se lle concede o 5-4-1937.


Nos anos 1937-1939 estivo como mestre Elías Regueira Alonso²³ do que houbo queixas ante o Alcalde por parte duns pais contra a súa xestión. Decatados o resto dos pais, co alcalde pedáneo ao fronte, fan un comunicado escrito dicindo que “a escola nunca se atopou mellor atendida desde que está ao fronte“ este mestre. O que “non só confórmanse con educar dentro da escola, senón que estende o seu labor educativa fóra dela dando consellos e instruindo aos pais que andamos tan necesitados como os nosos fillos... “A el débese de que coas súas xestións ante o Sr. Massó, teñan os nosos fillos unha Escola fermosa e hixiénica...” e que grazas a el “moitos saben ler e escribir, pois as cartas que lles mandamos aos fillos que se atopan nos frontes, e que nos escribía o mestre, escribena hoxe os nosos fillos... e se aínda quedan moitos por saber ler e escribir, é por non asistir á escola ...O único que podía queixarse, é o Sr. Mestre por falta da asistencia dos alumnos, non o fixo porque mira as nosas necesidades desde que marcharon os nosos homes xoves e fortes a defender a nosa querida Patria, e os nenos son os que nos axudan no mar a gañar uns anacos de pan, e outros non podemos mandar aos nosos fillos e fillas a Escola por non ter con que cubrir os seus corpos...” (Asinan 46 colonos)

Aínda que durante algúns períodos curtos de tempo non houbo mestre na illa²⁴ temos constancia que no curso 1940-41 estaba de mestre Antonio Portela Areal²⁵ e no ano 1942 Antonio Soto-Quiroga Crespo²⁶ que estará como interino desde primeiros de xaneiro ata o 31 de xullo de 1942. Para o curso 1942-43 chega Carlos Romay Martínez²⁷ que comeza por reclamar, o arranxo da escola e vivenda, ao concello, goberno civil, inspección etc. O que fai que se interesen por reparar as deficiencias:

- A inspección educativa, solicitando á alcaldía (8-2-1943) faga o posíbel: “Se algunha escola puidera ser obxecto de preferencia, ningunha con máis dereito que a de que se trata, por ser a única fonte de educación e cultura de que dispoñen os seus habitantes, afastados polo mar dos centros de poboación que lles permita a súa formación moral, intelectual e patriótica...”.

- O Xefe de Propiedades Militares que lle pide ao concello se faga cargo das reparacións da escola (case 4.000 ptas.) a descontar das 92,50 ptas. que paga de aluguer pola escola-vivenda.²⁸ Nas vacacións de Nadal do 1943 notifícase o concurso de traslados e a escola de Ons lle corresponde a Federico Olegario Pimentel Vázquez que estará apenas un mes xa que o 5 de febreiro de 1944 acceden a poñer un substituto, a petición propia, por ser nomeado Oficial da Delegación de Abastecementos e Transportes do concello de Sanxenxo. A partires desa data non volverá a dar clases en Ons pero a súa baixa oficial como mestre definitivo na illa será o 24 de outubro de 1952.

O 7 de marzo do 1944 é nomeado interino Pedro Díaz Piñeiro que se enfronta a un cambio temporal de escola e casa para poder ser arraxada a de Canexol. Pero feito o traslado atópase “todo en estado inservible” e ata a casa-habitación non reúne as condicións mínimas de habitabilidade: un só cuarto, cociña económica tapada con cemento, retrete estragado,... Logo de varios oficios enviados ás distintas autoridades competentes fai que ata o Gobernador lle mande un oficio ao alcalde no que van as peticións de material feitas polo mestre para que as facilite o concello e “prégolle interese aos veciños da Illa, faciliten ao Mestre designado para dita Escola os artigos alimenticios indispensábeis para a súa manutención non suxeitos a racionamento”. As súas penurias non acaban aí xa que o 24 de abril lle comunican que debe deixar parte da vivenda para os obreiros do peirao. Quedaría cunha habitación e cociña compartida. El reclama dicindo que ten unha irmá con el, pero sen resultados. Todas as dificultades fan que ao inicio do novo curso non se presente a escola e o incapaciten por un ano para obter nova interinidade e a devolver os cartos do soldo. El pide a renuncia como mestre que lle é concedida o 31-10-1944²⁹. Substituído por M^a del Carmen Daporta Oubiña³⁰ e ao pouco tempo por Martín García



²³ Nomeado o 26-04-1937 e cesa o 4-3-1940 que é substituído por un “alumno de mestre en prácticas” chamado José M^a Vázquez. Volveu a tomar posesión por unha semana o 10 de maio dese mesmo ano xa que se anulou as tomas de posesións dos alumnos en prácticas para agregalos ás graduadas e unitarias da Pontevedra.

²⁴ Na relación de escolas do concello de Bueu había 7 escolas oficiais de 1^ª Ensinanza e 3 de escolas privadas.

²⁵ Pide recoñecemento como soldado na guerra polo que lle concederon a Medalla da Campaña que *poderá ostentar sen haxa necesidade de que saia no Diario Oficial*. Toma posesión da escola de Ons o 17-5-1940 e ces o 18-12-1940. No Nadal de 1942 vémolos coma titular dunha escola de Aldán.

²⁶ Natural de Seixo-Marín, comezou a exercer de mestre despois da Guerra Civil acolléndose á figura de “aspirante excombatente a interinidades”. Posteriormente, en febreiro de 1944, fará unha substitución na illa para pasar en maio ao colexio de Cela. A súa última etapa de mestre foi como mestre propietario no grupo escolar de Seixo-Marín.

²⁷ Nomeado con efectos do 1-08-1942 e cesou o 7-01-1944

²⁸ O concello contéstalle que non, pola penuria pola que pasa (28-6-1943)

²⁹ Cesando o 18-11-1944

³⁰ Nomeada o 1-12-1944. Estivo pouco máis dun mes xa que cesou o 7-2-1945.

de la Torre³¹. Nos cursos 1945-50 estivo Estrella Silva González³² que loitou por conseguir unhas condicións dignas para o alumnado, mobiliario escolar, etc. Nas súas notificacións lemos explicacións coma *"hai nove pupitres bipersonais, e os días de mal tempo veñen máis nenos que o dobre dos asentos [...] é triste ter uns nenos de pé mentres outros están sentados"* e, cando as consegue,³³ *"as mesas están feitas de tal maneira que non se poden sentar nelas. Terá que arranxalas un carpinteiro"*. No 1950 estivo apenas o último mes do ano M^a del Carmen González Bugallo e de 1951 a 1955 estivo coma mestra interina, cuns oitenta alumnos, M^a Victoria Guimaré Tettamancy³⁴ que precedeu á titular Carmen Vázquez Rubianes³⁵.

Máis en canto a escola propiamente dita hai unha data referente, 28-10-1955, na que o Pleno do concello, dirixido por José M^a Massó García, *"tendo en conta a xa numerosa e crecente poboación escolar³⁶ da illa de Ons e coa elevada finalidade de rematar co analfabetismo, [...] acorda por unanimidade a creación dunha escola unitaria de nenos [...] e mentres tramítase o expediente [...], previa autorización [...] da Delegación Administrativa de Ensinanza Primaria de Pontevedra, ao desdoblamento da escola mixta que existe actualmente..."*³⁷

A raíz desta resolución plenaria ao longo dos primeiros meses de 1956 hai unha serie de peticións, de ofertas e contra ofertas do concello, da inspección educativa e do propietario da illa, o Ramo da Guerra, que pode resumirse en que:

- O estado Maior da Agrupación Especial da Costa Rías Baixas oferta ao concello a vivenda-almacén do antigo propietario da illa, na que unha parte se utilizaría para escola-vivenda coa condición de que o concello a ocupase en precario e se fixera cargo das *"lixerías modificacións"* que serían precisas para a súa rehabilitación.


- A resposta do concello³⁸ sería que está de acordo pero non pagaría aluguer³⁹ pola mesma mentres sexa escola (xa que as obras estaban presupostadas por 5.196 pesetas)

- O Xeral Gobernador Militar acepta estas condicións en abril do 1956 pero no ano 1959 aínda andan co intento do Capitán Xeneral da Rexión de conmutar o canon que tiña que pagar o concello polas obras necesarias no local-vivenda da escola que xa ascendían a 5.415,50 pesetas.

A pesar de todo isto pasan as mestras Carmen Tomé Loureiro⁴⁰ e Marina Ríos Pérez⁴¹ sen ver cambios notábeis na escola e aínda cando chegamos a outubro do ano 1960 atopámonos con que a mestra M^a Dolores Sabarís Abal,⁴² ao facerse cargo da escola, enviou un escrito ao concello das deficiencias da escola-vivenda que ía rexentar: goteiras, necesidade de ser branqueada, falta de reparación nas portas e ventás, *"as mesas e asentos da escola son insuficientes para o número de matrícula, xa que hai 69 nenos matriculados e só hai 11 mesas bipersonais, e 2 mesas moi estragadas"*... As obras de reparación da escola foron realizadas con cargo a unha pequena subvención da Obra Social do Movemento para

*"Obras varias da Illa de Ons"*⁴³. No ano 1961 a Inspección Educativa decide tomar cartas no asunto do absentismo docente na illa e insta á alcaldía que informe ao respecto. Esta contéstalle que a escola na illa de Ons funciona normalmente e que para contrastalo mellor chame a declarar no concello ao alcalde pedáneo e a catro pais do alumnado da illa tal como era costume neses casos.

En canto aos adultos e rapaces maiores que non estaban en idade escolar houbo, ao longo do tempo, algúns mestres, como Fernández Cambeiro⁴⁴ e outros, que lles daban clases pola tarde-noite loitando por erradicar o analfabetismo; ata que no ano 1963 foi nomeado oficialmente, coma mestre exclusivo de adultos na Campaña de Alfabetización, a Xosé Ramón Álvarez Calleja (1963-64).



³¹ Tomou posesión o 7-2-1945 e cesou coma mestre de Ons o 31-08-1945

³² Tiña 27 anos e era natural de Cambados. Gañaba 6.000 pesetas anuais.

³³ Ao longo do tempo recibiu 4 mesas bipersonais e un armario de pino.

³⁴ Neta do escritor coruñés D. Francisco Tettamancy y Gastón. Tomou posesión o 10-1-1951 e cesou 26-10-1955. Foi autorizada para dar clases particulares o 13-6-1953.

³⁵ Esta vilagarcía chegou a Ons con 22 anos, o 27 de outubro de 1955, onde viviu ata o 25 de setembro de 1956.

³⁶ Ese ano hai inscritos 74 alumnos de ambos sexos na única escola de Ons.

³⁷ Consecuencia desta resolución a Xunta Municipal de Educación en reunión ordinaria de 1 de decembro de 1855 *"en vista da numerosas poboación infantil existente na illa de Ons acorda interesar do Concello solicite a creación dunha escola unitaria de nenos e a transformación da mixta existente en unitaria de nenas"*.

³⁸ Entre outros do 31 de xaneiro 1956 e 29-2 de 1956

³⁹ Estivera o local alugado por 369,80 pesetas.

⁴⁰ Toma posesión 25-09-1956 ata o 19-09-1959 que deixa Ons.

⁴¹ Toma posesión o 21-09-1959

⁴² Toma posesión o 13-09-1960. Casou cun insular. Con máis dunha década, é a mestra que máis tempo estivo na illa


⁴³ Tamén se melloraron lavadoiros de Pereiró, Canexol e Cucorno.

⁴⁴ Por exemplo o dous de xaneiro de 1933 comezou estas clases con 80 adultos de ambos sexos.

E no que á escola se refire habería que rematar dicindo que sería no 1967⁴⁵ cando se pecha a escola de Canexol e é substituída polas dúas que mandara construír o Instituto de Colonización no lugar de Curro, preto do peirao⁴⁶. Estes primeiros anos da nova escola son anos que deixaron máis unha pegada negativa na memoria recente dos seus habitantes xa que á actitude dalgún mestre⁴⁷ engadíuse a ausencia de docente durante case dous cursos.

Outros mestres que estarían no listado e dos que se lembran algúns insulares serían Don Segundo, Don Juan, Don Javier,... e xa estamos nos anos setenta onde se produce un cambio no acontecer da escola con mestres coma Julio Santos Pena⁴⁸, Emérita Rivas Álvarez e así ata chegar ao último mestre Santos Pereira Figueroa.⁴⁹ O éxodo na década dos anos setenta a Portonovo, Noalla, O Grove, Sanxenxo, Cangas ... e, sobre todo Bueu, fixo que apenas quedaran nenos o que abocou á desaparición da escola “nacional” de Ons no curso escolar 1978-79. Dado que a escola nestes últimos tempos dependía do Padroado da Deputación Provincial o mestre Santos Pereira foi autorizado por esta a dar clases na tempada do verán aos nenos dos insulares que regresaban á illa como “*recuperación dos seus estudos e outras actividades educativas e culturais*”. Esta escola de verán durou ata o inicio dos anos noventa.

Non cabe dúbida que a escola na illa de Ons, aínda cos seus altibaixos ao longo do tempo, representou un alicerce sobre o que se construíu unha nova forma de ver e afrontar un mundo que estaba a sufrir grandes cambios. Unha mostra dese mosaico de posibilidades e logros témolo na gradual erradicación do analfabetismo, daquela endémico, na comunidade galega, e que en Ons se vía agudizado polo illamento e demais circunstancias anteriormente descritas.



BIOGRAFÍA DE JOAQUÍN D. FERNÁNDEZ CAMBEIRO

Para coñecer un pouco máis o acontecer dun personaxe singular imos dar pinceladas biográficas dun mestre que estivo vivindo na illa de Ons de 1927 a 1933.

D. Joaquín D. Fernández Cambeiro (1900-1963) nace en O Pindo (Carnota), fillo de Domingo Fernández Luces (avogado) e a mestra María Cambeiro Sande⁵⁰.

Estuda Maxisterio en Santiago de Compostela onde obtén o título de Mestre Nacional no mes de xuño de 1917. Descoñecemos ao que se dedicou durante os dous anos seguintes ao remate dos seus estudos pero si sabemos que no mes de setembro de 1919 é nomeado axente executivo auxiliar da Arrendataria de contribucións da zona de Muros, Carnota, Mazaricos e Outes... Deste traballo cesaría xusto un ano despois. Logo encara outros traballos e a incorporación obrigatoria a filas para facer a “mili” acolléndose aos beneficios da R. Orde de 6-9-1919 (DO 205)⁵¹ e así ver reducido a súa estadia no servizo militar.

Nesta época casa con Encarnación París Rodríguez⁵² filla duns comerciantes de Muros e na súa curta estancia en Ferrol nace o seu primeiro fillo Joaquín. Tivo sete fillos máis, tres de eles nados na illa de Ons⁵³.

Joaquín D. Fernández Cambeiro reaparece na vida laboral a inicios do ano 1923 no que é nomeado como mestre interino da escola de S. Pedro de Loureda-Boqueixón e logo na escola de Ánxeles, no concello de Oroso⁵⁴. Pasado un ano era unha persoa moi coñecida e valorada en toda a comarca de Ordes polo que non é de estrañar que as “forzas vivas”

⁴⁵ Por estas datas aínda seguía sen arranxar moitas cousas: “*branquear, asegura as ventás, un balcón desfeito, as pechaduras non pechaban...*”

⁴⁶ Tamén casa vivendas para os mestres, a capela de San Xaquín e casa reitoral.

⁴⁷ Que exerceu coma verdadeiro “Delegado gubernativo”.

⁴⁸ A súa experiencia como mestre e as súas vivencias poden verse, de primeira man, nos números da revista Aunios que poden lerse nas web: <http://viladebueu.wix.com/bueu>, <http://descubrobueu.wix.com/bueu> ou directamente en <https://db.tt/iGjcmVgK>. O acontecer deste mestre na illa ten un paralelismo co mestre Cambeiro: vivir na illa coa familia todo o tempo da docencia, integrarse na sociedade insular, exercer de portavoz das necesidades dos insulares nalgún momento, xuntar arredor dun evento cultural aos nenos e levalos a “actuar a terra”, etc.

⁴⁹ Artigo de Don Santos Pereira sobre a súa estadia en Ons <http://www.delmorrazo.com/tribuna/don-santos-pereira-ultimo-maestro-da-illa-de-ons.html>

⁵⁰ Nada no 1874 e co 16 anos (1890) recibiu o título de Mestra Superior. No 1897 estaba de mestra en Carantofía-Vimianzo (A Coruña) e no 1907 xa era mestra de O Pindo-Carnota.

⁵¹ A través da Axencia de Quintas e Negocios Matriculada que xestionaba a redución da seguinte forma: Solicitaban ir anticipadamente ao servizo militar e así ver reducido a súa estadia a un anos (6 meses cada ano) e na Península (librándose de ir a África) e logo pasar a gozar licenza ilimitada.

⁵² Encarnación París (1899/+6-1-1967) filla de José París e Dolores Rodríguez Caamaño.


⁵³ Luís Dídio (15-9-1928) inscribiuno no xulgado Dídio Riobó que foi o seu padriño de bautizo (con M^a Antonozzi), Manuel Bartolomé (14-5-1931) que marchou a América e Domingo Rafael (30-4-1933).

⁵⁴ Será en Senra-Oroso, que coa presenza de todas as escolas do concello organizan, o 29 de febreiro de 1924, a “Festa da árbore” na que entre os actos oficiais houbo á tarde discursos do mestre Sr. Joaquín e do cura de Marzoa.

tiveran en conta a este mozo mestre na “organización” de eventos de difusión e propaganda do recente “partido”⁵⁵ Unión Patriótica (U.P.) creado na ditadura de Miguel Primo de Rivera. No verán do 1924 os gobernadores civís tiñan a consigna expresa, de captación de afiliados entre os “*hombres neutros e honrados*” e así temos a J. Fernández Cambeiro -26/10/1924- participando como orador no mitin de U. P. (Unión Patriótica) acompañado por oradores como o catedrático da Facultade de Dereito, Wenceslao González Oliveros; o avogado Tomás Pewdret Casado; e outros mestres como Nicolás del Río (Ordes) e Carmen López Calo (Carral) presidindo o acto o gobernador civil da provincia. A prensa da época sinala que falaron “*con grande elocuencia e entusiasmo os compoñentes mestres de Ordes e de Oroso, Señores Del Río e Fernández Cambeiro, ...*”

A súa condición de católico belixerante co esborrallamento social, a contorna familiar, etc. condicionou a súa actividade pública que as veces se vía manifestada en artigos con connotacións relixiosas publicadas en xornais como *El Compostelano*⁵⁶.

O mes de febreiro de 1925 cae enfermo o que lle obriga a pedir un cese da súa actividade docente o que leva a uns meses de penurias familiares por ser esta “sen haberes”. Chegado ao mes de novembro, e estando de mestre no concello de Muros, nácelle a súa única filla, Concepción⁵⁷. Será nesta vila na que organice e participe noutra “Festa da árbore” na que estaban coma autoridades o alcalde e o cura (bendiciu as árbores a plantar) e coma orador, dende o balcón da Casa Consistorial, “*o mestre nacional, veciño da vila, D. Joaquín D. Fernández Cambeiro [...] dirixíndose especialmente aos pais incitándoos en vibrantes frases a que fagan cos seus fillos acudan diariamente a escola para facer bos cidadáns*”....



Como ata de agora está a cubrir clases de forma interina, decide presentarse a unhas oposicións que aproba⁵⁸. Isto daralle a oportunidade de situarse nunha escola como propietario da mesma. Será o 9 de xullo de 1927 cando salgan na “Gaceta” as adjudicacións de prazas e, entre elas, J. Fernández Cambeiro para a escola “*mixta de Ons-Bueu (Pontevedra)*”.

Ao pouco tempo da toma de posesión da escola e a petición do que sería seu amigo, Johán Carballeira, preséntase ao pobo de Bueu con ‘*Un saúdo á simpática vila de Bueu*’⁵⁹, na páxina especial de *El Pueblo Gallego*, polas festas do San Martiño. E xa no primeiro pleno ordinario do concello de Bueu, do 23 de xaneiro de 1928, entre outros puntos, apróbbase a petición de J. Fernández Cambeiro de 50 árbores de moreiras para celebrar a “Festa da árbore en Ons”.

A diferenza de todos os mestres do pasado, Joaquín D. Fernández Cambeiro pasou a vivir coa súa familia na illa como un insular máis. Isto, e o seu carácter, facilitaron que sentise empatía coa xente e cos seus problemas.

Unha parte do seu labor educativo integral foi a pronta creación dun Orfeón que trouxo a actuar no Entroido de Bueu⁶⁰ e no que cantaron varios temas, un deles era a “Alborada” de Veiga. “*O Mestre Cambeiro demostrou as súas calidades de cantante interpretando varios solos coa mestría dun virtuoso nesa arte*”. Con esta masa coral pretendía tamén poñer en valor as voces das xentes do mar, cultivar a sensibilidade pola música, dar renda solta aos seus valores como tenor⁶¹, e tamén dar a posibilidade de achegarse, por vez primeira, “a terra” para moitos dos nenos que aínda nunca saíran da illa.

Antes de finalizar o curso, xa o atopamos organizando o seguinte, e así escribe unha carta manuscrita ao Sr. Presidente da Xunta Local de Ensinanza de Bueu para solicitar axuda material para a súa escola. Indicando coma necesidade prioritaria “*mesas bipersonais por non ter ningunha, e só posuír catro mesas bancos que nelas non collen os cincuenta*

⁵⁵ “É a Unión Patriótica un partido político? Non é un partido político. É unha organización cidadán encamiñada a manter un programa e persoas que a encarnen e defendan, acudindo ás eleccións políticas que se convoquen e a velar polo cumprimento dos deberes citados- [Deberes relixiosos: os que o catecismo determina. Deberes sociais: os preceptivos do dereito natural. Deberes políticos: a defensa da monarquía. Deberes patrióticos: recoñecemento e divulgación das glorias e do valor histórico de España]. (Cuenca Toribio, 1996; páx.129). Falando da UP, J. Calvo Sotelo di “... cualificada por un ambiguo eclecticismo fixo a súa recruta entre xentes das máis variada ideoloxía, aínda que predominasen os dereitistas”.

⁵⁶ “*Ano Santo. Ano de dozura*”, “*Colaboración*” (lembrándose dos nenos na véspera de Reis), ...

⁵⁷ Naceu no sanatorio San Lorenzo de Santiago. O seu irmán Simón xa nacera o ano anterior en Muro.

⁵⁸ O exercicio escrito con 245 puntos, marzo de 1926.

⁵⁹ É un saúdo literario onde con múltiples epítetos debuxa un panorama idílico do pobo de Bueu e da súa paisaxe que o fai rematar o artigo coa expresión “*Loada e mil veces bendita sexa a romántica e bela vila de Bueu!*”

⁶⁰ Seguirao facendo nos anos seguintes.

⁶¹ A afección polo canto estaba arraigado na súa familia pois hai constancia de actuacións da súa irmá Dulce e do seu irmán Manuel (crego).

e catro alumnos de ambos sexos matriculados”. Recálcalle que a escola de Ons non posúe nada e o pouco que ten foi doado polo Sr. Riobó. Tamén o invita a visitar a escola para que de primeira man vise o estado ruinoso do local e a escaseza do material. Tamén lle solicita que nos presupostos do presente ano se lle asigne algúns cartos para poder celebrar a “Festa da árbore” pois é unha forma de atraer aos nenos e aos adultos para que *“redunde en acto cultural-pedagóxico”* e un *“medio eficaz de dar un pulo ó labor que implantei en pro da instrución destes amados veciños”*. Como resposta do concello a isto na sesión da Permanente da Xunta Local celebrada o 21 de xuño dese mesmo ano, acordan solicitar ao Estado que dote esa escola sen prexuízo de consignar no presuposto municipal dos seguintes anos algunha cantidade para paliar as deficiencias. E cando se achegue a Festa da árbore resolveranse cantidades a aplicar⁶².

Cambeiro de novo escribe no extraordinario das festas de Bueu un artigo *‘Desde o meu recuncho’* no que fai un resumo do primeiro ano da súa estadía na illa no seu *“...recuncho, riseiro polo rumor apracible das ondas, melancólico e ate taciturno, cando o bramido das tempestades, triste pola monótona vida, pero superlativo para a conciencia, pola xornada do cumprimento do deber...”* Despois deste canto ao seu traballo non perde a oportunidade de facer unha chamada ás necesidades da illa pero que revertan en prosperidade para o resto do estado tal como podía ser *“un medio para a riqueza agropecuaria, granxa agrícola, industria manteigueira, asilo de menores, lazareto para enfermidades de difícil diagnóstico, etc. sendo urxente que por algo se empece, e o que máis aprema é a falta dun peirao para o ataque e desatrasque, tendo Obras públicas a palabra, non esquecendo que aquí se posúe un elemento oficial, que é o faro, que a veces, e isto ocorre con moita frecuencia, vir o vapor do servicio, e ter que separarse por non poder facer o desaloxo debido á inclemencia do mar, ocorrendo co correo outro tanto, pasando meses, na estación invernal, sen saber dos nosos semellantes”*.

Exemplo do liderado de Cambeiro nos mestres locais vémolos na actividade da Asemblea de Mestres de Pontevedra, decembro 1928, na que aparece como Vocal da Xunta Directiva, representando ao de Bueu.

Chegado o mes de marzo de 1929 houbo un grande acontecemento coa celebración da segunda “Festa da árbore” organizada en Ons polo mestre Cambeiro. Esta vez coa asistencia das autoridades municipais na que se amenizou a festa cun *“afinado terceto”* onde os nenos estaban adornados con bandeiriñas, plantáronse 50 moreiras e varios plátanos e houbo discursos por parte de Cambeiro *“coa elocuencia de costume... que fixo unha belísima oración dedicada a árbore”* e do Alcalde, Camilo Davila, invitando aos pais ao homenaxe merecido e de gratitude ao *“excelente mestre”*. Logo leu unha poesía o Secretario do Concello de Bueu, Sr. Luís Buceta. Interveu o Administrador da Illa Sr. Riobó, *“abrazando ao mestre pola súa intensa e fecunda labor realizada”*. Houbo un *“suculento banquete”* na casa dos Riobó. *“E para demostrar unha vez máis o labor que realiza o Sr. Fernández Cambeiro, fixo cantar o orfeón composto por 30 xoves afinadamente, varios bosquexos galegos, tendo premiado os seus desvelos cunha ovación profunda. Prácese merecer este mozo, que fai dos habitantes da Illa homes aptos e cultos para a sociedade. O nosos sinceros parabéns”*. Froito deste achegamento da realidade da illa ás autoridades vese reflectida na sesión plenaria municipal do 22-5-1929 cando, dando respostas ás reiteradas demandas por parte do mestre, e a proposta do alcalde, sete mesas bipersonais que non collen na escola de Bueu leváronse para a de Ons.

O mestre segue a escribir no xornal na folla dedicada ás festas do San Martiño⁶³ e pedindo subvencións para as sucesivas festas da árbore.

O 2 de novembro de 1929 o alcalde de Bueu, Camilo Davila Davila, envía un oficio ao Ministro de Instrución Pública e Belas Artes no que lle adxunta unha instancia reivindicativa na que *“se relatan feitos absolutamente exactos, e se formula unha pretensión que a Xunta [Local Educativa], estima que é xusta, polas circunstancias excepcionais en que se atopa o Mestre Nacional da illa de Ons, D. Joaquín Fernández Cambeiro. Este funcionario, entusiasta da súa profesión, que exerce con extraordinario celo e competencia nun lugar afastado de todo trato e comunicación social, privado de comodidades e, a veces, ata de medios indispensábeis para a vida, de que non carecen os que exercen seu ministerio na Península...”*

Un fito importante vai facer cambiar a rutina da vida da familia Fernández Cambeiro. Por influencia de Joaquín seu irmán Manuel pasa a solicitar o posto de coadxutor da parroquia de Beluso (Bueu) á que pertence a illa de Ons. Será a principios de xullo de 1930 cando sexa nomeado coadxutor e pasará a vivir na illa coa compañía da súa irmá Dulce⁶⁴. Se a isto lle engadimos que o irmán pequeno



De esquerda a dereita: Joaquín (11), Encarnación París (33), José (5), Luís Dídio (4), Concepción (7), mestre Joaquín Fernández (33) e Simón (8)

⁶² Fano na Sesión Plenaria do 26-11-1928 cunha cantidade de 75 pesetas.

⁶³ No 1929 co artigo “Que San Martiño non consinta que are a muller”

⁶⁴ Tiña outros irmás coma Encarnación. Rafael, Elisa , ...

chamado José que estaba de mecánico en Vigo, adoitaba pasar tempadas na casa de Joaquín vemos que a saga dos Fernández Cambeiro tiveron nestas datas unha presenza numerosa e un peso moi alto no estamento social da illa.


Será no mes de xullo no que nos atopamos a Cambeiro en Beluso auxiliando aos Tribunais do Censo. Para acudir a Beluso tivo que alugar unha lancha a motor da que tiña o compromiso que lle sería pagado o seu importe, 12 pesetas. Ao non ser así tivo que remitir un oficio ao concello reclamándoas.

O venres día 2 de outubro Cambeiro e o dono da illa estiveron activos acompañando ao gobernador civil Sr. Calviño, o Presidente da Deputación Sr. Caamaño, o alcalde Sr. Tafall, o director da Misión Biolóxica Sr Gallástegui e o axudante de montes Sr. Gil que acudiran para estudar a posibilidade de facer un reparto das terras da illa en cooperación coa Caixa Rexional Galega de Previsión.

Os cambios da política dos anos 30 do século XX favorecen os cambios sociais e culturais das cidades españolas. Máis esta “apertura” non chega aos contornos rurais. Para facilitar o achegamento á política republicana e aos cambios, sobre todos culturais, un nutrido grupo de persoas entusiastas fanse “voluntarios” das coñecidas como “Misións Pedagóxicas”. A través destas levan a arte, o cine, o teatro,... a recunchos da xeografía rural.

Mestres do noso país cambian os seus métodos educativos recollendo moitas das novas propostas pedagóxicas centrándose nos seus alumnos pero sen esquecerse dos adultos, especialmente dos pais e nais, os que se consideran os verdadeiros protagonistas na educación dos seus fillos.

En Bueu vese reflectida esta preocupación docente da man de Joaquín D. Fernández Cambeiro, José Torres Martínez e outros coa tamén denominadas Misións e Conferencias Pedagóxicas⁶⁵. Exemplos témolos como no sábado 12 de decembro de 1931 na escola do Pósito de Pescadores onde se deu a primeira conferencia do ciclo de leccións para adultos, organizado polo círculo de mestres de Bueu, co título “Importancia da familia na obra escolar” na que disertou o mestre Fernández Cambeiro⁶⁶. Ao ano seguinte, un domingo 26 de xuño de 1932 celebrouse no local do Pósito marítimo a 2ª conferencia pedagóxica impartida polo mestre da Portela, José Torres Martínez, co lema “*Un problema de actualidade. Colaboración dos pais na obra educativa*”. Propoñendo aos pais e ao Consello Local que a partires do vindeiro curso e co obxecto de unificar a obra educativa, establézanse nas escolas unha ficha na que diariamente se marque unha gráfica do progreso no labor de cada neno, gráficas que serán firmadas semanalmente polos pais para constatar o coñecemento do que fan os seus fillos. No remate da charla maniféstalle aos pais que “*mentres a República preocúpase grandemente por crear escolas e mestres os pais non deben mirar con frialdade este esforzo, senón en axudar e colaborar co mestre a formar unha república forte e culta*”. E o domingo 3 de xullo disertou o mestre da illa de Ons, Joaquín D. Fernández Cambeiro, co tema “*A árbore no seu aspecto industrial e xeográfico*” do que a prensa fixo un resumo e definiu a súa oratoria como de “*cálida palabra, sempre xusta ao fino concepto, brota dos seus beizos con sonoridade e casticismo que aínda nos momento de maior lirismo, cando a súa imaxinación remóntase polos camiños da beleza pura, a idea xorde clara con un rachar de luz*”.



Pero Cambeiro tamén era un home solidario e estando un día coa familia nas festas do Cristo de Cangas lle chegaron unhas rifas a beneficio dos naufragos da lancha “Azaña” que non dubidou en mercar. O premio era un anel que doara a esposa de Emiliano Iglesias. Tocou no nº 7.155 e, como podeades supoñer dentro da historia que estamos a relatar, tocoulle a D. Joaquín Fernández mestre de Ons. A boa racha continúa para Cambeiro, pola Orde de 27 de outubro de 1932 (Gaceta do día 3 de novembro) aparece na lista de ascensos como mestre á primeira escala do corpo docente.

Pero chega o 28 de Nadal de 1932 e un decreto polo que se declara que o “*Estado español non se incauta de máis fincas rústicas para parcelación botou por terra, temporalmente, as súas ilusións*”. Isto é o causante de que as augas de Ons se miren revoltas con, ata o momento, pequenos conatos de violencia case sempre verbal. Pero pouco a pouco as nubes ían ennegrecendo tanto o panorama social que o xornalista Joaquín Pesqueira escribira o artigo “*Un berro de alarma. A veciñase unha traxedia?*” dende *El Pueblo Gallego* onde confesa que vén “*da illa de Ons profundamente aterrado. Tan aterrado, que ao desembarcar en Bueu, en terra firme, enarqueei o peito para respirar con forza, como se espertase dun pesadelo, libre, a salvo dun serio perigo*”. E pregúntase que acontece na Illa de Ons. Para responder xa di que cando estivera na illa con Lustres Rivas este nun artigo na prensa madrileña dera unha primeira voz de alarma intuindo o que nesa se fermentaba. Logo bota as culpas do estado actual á “*República Española que coas súas promesas anticipadas, coas súas reformas, meteu moitos paxaros loucos en moitas cabezas loucas*” Culpable da situación tamén o achaca á

⁶⁵ Ante as ordes recibidas da Inspección Educativa e canalizada polo alcalde ao través da Xunta Local de Ensinanza os mestres de Bueu concertan unha cita o 16-6-1932 nos locais da escola do Pósito para falar da organización das Misións Pedagóxicas. Nela acordan comezar coas charlas de Cambeiro e José Torres que se darían no mesmo Pósito. Rotándose no futuro nas distintas parroquias e intervindo os distintos mestres e mestras.

⁶⁶ Que Rematou a conferencia cun saúdo e lembranza dos mestres Ramón Bares e a súa sobriña Matilde Bares.

falta de cultura pois fai a mención (e tamén apela a Lustres) que “*onde ata hai tres anos, non houbo mestre de escola*⁶⁷” E da conta de feitos como “*andan destruíndo sementeiras de árbores, pastoreando o gando ao seu antollo polo interior dos poboacións arbóreas, apoderándose de aramados e postes, tallando piñeiros, cortando cercos metálicos...*”.

Ante esta situación de desgobierno todos, colonos e propietario da illa, acoden ao mestre Cambeiro. Así podemos velo, días despois, do fronte dunha comisión de 12 colonos a Pontevedra coa intención de entrevistarse co gobernador, mais non puideron falar con el por estar ausente.

Ao día seguinte a comisión de colonos co “*celoso e culto mestre D. Fernández Cambeiro ao fronte visitaron ao Gobernador D. Ángel del Castillo, para solicitar o seu apoio, preto dos poderes públicos, coa fin de lograr a vella e xustísima aspiración de que sexa socializada e repartida ao colonos que a traballan en aluguer fai máis de douscentos anos, sen contar nunca co amparo dos poderes públicos*”. Explícanlle o seu desexo de que na illa se aplique inmediatamente a Lei da Reforma Agraria; que se inicien as obras do peirao de atraque para o cal visitaron ao Enxeñeiro Xefe da Xunta de Obras do Porto Sr. Rafael Picó que lles dixo que pronto comezarían.

O Sr. Fernández Cambeiro, a petición do gobernador, deixáralle unha instancia o día 16 cunha unha memoria detallada das necesidades máis perentorias.

Enviaron senllos telegramas ao Presidente do Consello de Ministros e ao Ministro de Agricultura co seguinte texto: “*Catrocentos habitantes da illa de Ons (Pontevedra). Visitan Gobernador pedindo que terras que traballan fai douscentos anos as merque e parcele o Estado. Viva a república, ideal firme de todos os veciños.- O mestre e 60 veciños*”

Tamén visitaron ao Comité Provincial do Partido radical no que os deputados prometeron apoiar “*con todo agardamento*” as demandas dos de Ons. Promesas e máis promesas...

O luns 3 de abril Cambeiro volve a presentar, cunha comisión de insulares, as propostas destas ao gobernador que, unha vez máis, “*ofreceuse a apoialas con vivo interese*”.

Quizais polo cariz que ían tomando os acontecementos o mestre Cambeiro participa no concurso de traslados solicitando escolas na zona próxima á familia e comprobamos que con data de 17 a “Gaceta” publica a proposta de destino provisional do mestre, da primeira escala pola cuarta quenda, a Joaquín D. Fernández Cambeiro da Illa de Ons á de Tal, en Muros. Pero el remataría o verán na illa e así o vemos no mes de agosto acompañando a Carballeira. Johán Carballeira nada máis chegar mira a “*insólita figura que desborda a paisaxe dende un outeiro, ao pé do hórreo: trátase, sinxelamente, do mestre nacional de Ons, o noso ben amado e nunca suficientemente visto e admirado Joaquín D. Fernández Cambeiro, alta expresión da raza. O bo mestre, todas as tardes outea dende aquel outeiro a chegada do barco que leva o correo. Estupendo tipo! Da súa personalidade suculenta e óptima falamos en diversas ocasións abundante e eloxiosamente, como el mereceo. Agora bástalle saber ao curioso saúde, de optimismo, aberto, lector que continúa sendo cento trinta quilos maravillosos de retórica pluscuamperfecta*”.

Que Cambeiro era a *alma mater* das pretensións e necesidades dos insulares e que foi el o que os organizou para a defensa dos seus intereses intuíámolo polos feitos anteriormente narrados pero encárgase Carballeira de confirmarnos punto por punto esta cuestión non só porque foi o guía e que conseguiu as entrevistas senón: “*... o mestre Sr. Fernández Cambeiro, sentindo o fondo de xustiza que asistía a aquelas xentes, organizaos nunha Sociedade para mellor articular a defensa dos seus intereses; e xa fraguada esta Sociedade, máis tirantes que nunca as relacións entre colonos e propietarios ...*”.

Coa marcha de Cambeiro a illa quedaba cun gran baleiro, falta dun gran apoio, dun impulsor e portavoz dos que apenas tiñan voz... e moita dor por parte dun home que soubo educar, instruír, formar e unir como persoas con dereitos a centos de rapaces e adultos. Tanto é así que nos anos posteriores aínda acudían os insulares a visítalo por terras de Riveira que era onde, dende agosto de 1934, estaba de coadxutor o seu irmán Manuel.

Cambeiro seguiu como mestre na escola de Tal-Muros ata que, por causa dos acontecementos da guerra civil e a presión política contra os profesionais da educación, foi suspendido de emprego e soldo o 19 agosto de 1936. Isto e o medo por que lle ocorresen cousas peores levouno a desaparecer voluntariamente⁶⁸ para evitar poñer en perigo a súa vida e as dos seus. Neste tempo pouco sabemos da familia Cambeiro se exceptuamos o falecemento da súa nai⁶⁹ e que no decembro de 1938, Joaquín D. Fernández Cambeiro aparece no listado do Parte Oficial de Guerra dado en Salamanca polo Xeneral Xefe do estado Maior Francisco Martín Moreno polo que se obriga a todos os mestres alí relacionados a tomar posesión (algúns deles de forma forzosa) aos seus destinos antes de 10 días. No caso de Cambeiro a Tal-Muros e como non podía facer outra cousa presentouse na escola na que estivo ata maio de 1940 en que resolvidos os expedientes de


⁶⁷ Aínda que si os houbo pero é unha constatación máis de que a súa pegada na illa foi relativamente escasa por todos os problemas que levaba o absentismo, a falta de relación coa comunidade, etc. Ao único que consideran coma tal é ao actual, Fernández Cambeiro.

⁶⁸ Elgío Patiño indicárame que andou fuxido polos montes próximos á Curota e que un día, estando co seu pai Emilio, o viran en Carreira. Outras versións, que pode que sexan compatíbeis, sitúano baixo a tutela do seu irmán Manolo na reitoral de S. Uxía de Riveira.

⁶⁹ Cando morreu María Cambeiro Sande, en novembro de 1937, seguíu a ser de mestra no Pindo-Muros.

depuración instruídos pola Comisión Depuradora da provincia da Coruña o Ministerio de Ensinanza resolveu: “*Separar definitivamente do servizo e causar baixa no escala respectiva a: ... Joaquín D. Fernández Cambeiro de Tal-Muros...*” Suponse que se acolleu ao indulto de abril do 1941 pois xa no febreiro de 1942 a “*Xunta Provincial de Primeira Ensinanza de A Coruña nomea, provisionalmente a Joaquín D. Fernández Cambeiro para a escola de Queiruga-Porto do Son*”.

Pasados uns anos vemos que D. Joaquín pasara por varias escolas como a de San Cosme de Abeancos-Melide da que, por concurso, pasa á de Castiñeiras-Riveira en maio de 1951. Nada sabemos de Cambeiro nos anos seguintes se exceptuamos que no concello de Oroso no ano 1953 houbo unha inauguración dunha escola nova e unha “Festa da árbore” e, curiosamente o seu irmán, Manuel F. Cambeiro⁷⁰ desprazouse ata Oroso para bendicir e misar no acto que dalgún xeito tentaba lembrar a estadia de D. Joaquín 30 anos antes... De se este estaba ou non no evento non hai constancia documental.



O mestre nacional D. Joaquín D. Fernández Cambeiro falece o 3 de maio de 1965 e os seus restos están no mesmo nicho do cemiterio de Sta. Uxía de Riveira que a súa dona Encarnación (+1967) o seu fillo Joaquín (+2003) e a súa neta May (+1997).

BIBLIOGRAFÍA

- Arquivo Municipal de Bueu:** Caixa 25/7; Caixa 73/1; Caixa 166/1-2; Caixa 168/1-2; Caixa 169/2; Caixa 171/2; Caixa 236/30; Caixa 492/08; Caixa 492/09; Caixas 1352-1356; Caixa 1357/18; Caixa 1358/8-16-21; Caixa 1360/35-38; Caixa 1362/10; Caixa 1399/08 e Caixa 1404/1-3 e Caixa 1406/02
- Aunios “Revista”:** nº 0; nº 1; nº 2; nº 3; nº 5; nº 7; nº 9; nº 11; nº 12; nº 13; nº 15; nº 16; nº 17; nº 18
- Calvo Sotelo, J.** “*Mis servicios al Estado. Seis años de gestión. Apuntes para la historia, Madrid, 1974, 224-225*”
- Cuadernos de Estudios gallegos:** “*Apuntes para la historia de la Isla de Ons*” por Salustiano Portela Pazos, Santiago de Compostela, 1954, nº 27 p. 35-73
- Cuenca Toribio, José Manuel.** “La Unión Patriótica. Una revisión” en *Espacio, Tiempo y Forma, Serie V, Historia Contemporánea, t. 9, 1996, páxs. 121-150.*
- El Alcance,** “*Diario católico, noticiero, independiente, telegráfico*”: 07/08/1897 páx. 1
- El Compostelano,** “*Diario independiente*”: 11/09/1920 páx. 4; 24/01/1923 páx. 3; 04/09/1923 páx. 1; 23/10/1924 páx. 3; 27/10/1924 páx. 3; 19/11/1924 páx. 3; 02/01/1925 páx. 1; 05/01/1926 páx.1; 25/03/1926 páx.3; 15/12/1938 páx.1; 15/05/1940 páx.2; 12/02/1942 páx.4
- El Correo de Galicia,** “*Diario independiente de avisos y noticias*”: 06/06/1917 páx. 3; 24/09/1919 páx. 2; 31/03/1929 páx.14; 27/09/1929 páx.14; 06/10/1929 páx.13
- El Diario de Pontevedra,** “*Periódico liberal*”: 15/02/1916; 04/04/1916; 20/02/1918 páx. 2; 17/06/1921 páx.2; 29/07/1925 páx. 2; 22/05/1926 páx. 3; 13/05/1927 páx.1
- El Herald Gallego,** “*Órgano de las colectividades gallegas en el Plata*”: 10/04/1927 páx.3; 18/03/1929 páx.3
- El Ideal Gallego:** 06/03/1924 páx. 3; 14/02/1925 páx.5; 17/02/1925 páx.5; 01/11/1925 páx.3
- El Magisterio gallego,** “*Revista de instrucción primaria*” 15/06/1890 páx. 4
- El Noticiero Gallego,** “*Semanario destinado a fomentar os intereses morais e materiais do Maxisterio de primeira ensinanza*”: 25/10/1914 páx.2; 04/11/1915 páx. 4; 11/02/1916 páx. 2; 18/02/1916 páx. 3; 04/04/1916; 18/07/1920 páx. 3; 11/07/1921 páx.2; 25/10/1922 páx. 3; 25/02/1924 páx. 2; 18/09/1924 páx.2; 11/11/1924 páx. 2; 25/11/1924 páx.2; ; 25/04/1925 páx. 3; 18/07/1927 páx. 2; 11/11/1932 páx.2; 25/06/1933 páx.2; 11/11/1934 páx. 3; 18/02/1936 páx. 4; 18/05/1940 páx. 3
- El País** “*Diario republicano da tarde*”: 04/11/1933 páx. 3
- El progreso,** “*Semanario independiente*”: 16/09/1925 páx. 2; 12/07/1927 páx. 2; 03/10/1931 páx.3; 13/01/1933 páx.3; 14/01/1933 páx.2; 04/04/1933 páx.3
- El pueblo gallego,** “*Diario de la mañana, al servicio de los intereses de Galicia*”: 12/09/1924; 19_11_1924 páx. 7; 01/12/1925 páx. 11; 24/02/1927 páx.1; 11/11/1927 páx.13; 3/02/1928 páx.13; 22/02/1928 páx.13; 23/10/1928 páx. 11; 12-11-1928 páx. 12; 14/02/1929 páx. 13; 23/02/1930 páx.12; 11/07/1930 páx.8; 15/11/1930 páx.8; 17/12/1931 páx.9; 28/06/1932 páx.13; 07/07/1932 páx.9; 11/09/1932 páx.11; 15/09/1932 páx.10; 09/10/1932 páx.8; 17/12/1932 páx.9; 14/01/1933 páx.2; 29/01/1933 páx.8; 12/02/1933 páx.1; 27/09/1933 páx.12; 05/11/1933 páx.11; 21/11/1933 páx. 13; 25/02/1934 páx.10; 14/11/1934 páx.10; 06/02/1936 páx.11; 28/01/1936 páx.15; 14/02/1949 páx.2
- Estampa,** “*Revista gráfica y literaria de la actividad española y mundial*”: 26/11/1932
- Faro de Vigo:** 13/11/1926 páx.1; 12/02/1928 páx. 3; 19/12/1928 páx. 1; 10/11/1929 páx. 9; 12/12/1931 páx.3
- Gaceta de Galicia,** “*Diario de Santiago. Decano de la prensa de Compostela*” 28/09/1907 páx.2; 09/02/1916 páx.1
- La Correspondencia Gallega,** “*Diario de Pontevedra*”: 01/02/1916 páx.1; 15/02/1916 páx.1
- La Noche,** “*Único Diario de la tarde en Galicia*”: 26/05/1951 páx. 5; 05/09/1953 páx.2
- Marín,** “*Semanario independiente*”: 11/7/1915 páx. 2; 10/10/1915 páx. 3
- Vida Gallega,** nº 481, 10/04/1931

⁷⁰ Desde 1949 era cura-párroco de Salcedo (Pontevedra)